

PERCEPCIÓN DOS CIDADÁNS SOBRE A SITUACIÓN DE GALICIA E O FUNCIONAMENTO DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA. 2º INFORME

PERCEPCIÓN DOS CIDADÁNS SOBRE A SITUACIÓN DE GALICIA E O FUNCIONAMENTO DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA. 2º INFORME

Escola Galega de Administración Pública

Santiago de Compostela, 2007

Edita:

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)
Rúa de Madrid, 2 – 4, Polígono das Fontiñas
15707 Santiago de Compostela

Tradución:

Laura Rubio Rendo

Deseño e maquetación:

Krissola Diseño, S.L.

Imprime:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

ISBN:

978-84-453-4587-0

Depósito legal:

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	7
1. Nota sobre o proxecto global e a súa metodoloxía	9
2. Breve ficha técnica	9
3. Os bloques de información e a súa estrutura	10
4. Contidos da análise. Principais resultados	12
1. Introducción. A percepción. A mostra	12
2. A percepción de Galicia, dentro do marco español e en relación cos seus factores internos	13
3. Os municipios, principais alicerces para a construción de Galicia	15
4. Os servizos públicos	16
5. A xestión da Xunta	18
6. Os servizos privados	19
2. CARACTERÍSTICAS DA MOSTRA	21
3. AS PERCEPCIÓNS DOS GALEGOS	35
1. A percepción de Galicia	40
2. Posición comparada con España	67
3. As percepción dos municipios, os servizos e a xestión como factores da percepción de Galicia: perspectiva global	92
4. Os municipios	97
1. A percepción dos municipios. Posición	97
2. Os factores de percepción do municipio de residencia	107
3. As fontes de risco e de seguridade do municipio de residencia	113

5.	Os servizos públicos	131
	1. Os servizos públicos desagregados	152
6.	A xestión da Xunta	160
7.	Os servizos privados	187
4.	CONCLUSIÓN	215
	ANEXO I: ENFOQUE DA INVESTIGACIÓN. METODOLOXÍA	219
1.	Introdución. Na encrucillada: Por que adoptar un enfoque ou outro?	221
2.	Como medir a percepción? Obteremos información relevante, fiable e exhaustiva?	221
3.	A xerarquización dos atributos	226
	1. A importancia dos atributos	226
	2. O risco e o beneficio	227
4.	Deseño técnico	228
	ANEXO II: CUESTIONARIO	231

1. INTRODUCCIÓN

1. Nota sobre o proxecto global e a súa metodoloxía

O traballo que presentamos deseguido insírese dentro dun proxecto máis amplo de seguimento dalgunhas medidas sobre a sociedade galega e sobre determinados grupos dentro dela.

O propósito do proxecto é xerar un sistema de información que axude o Goberno galego a determinar mellor as súas políticas, os seus enfoques de xestión e as súas prioridades.

Logo do primeiro informe deste traballo, que analizaba a percepción da poboación xeral en relación cos distintos espazos (España, Galicia, as CC. AA. e os municipios), considerados en tanto que *lugares para vivir*, e tamén en relación cos servizos usados na vida cotiá familiar; no informe que presentamos arestora introducimos amais unha perspectiva temporal que abrangue tres medicións sucesivas sobre a poboación xeral.

Para un exame dos fundamentos do proxecto, ou mellor, dos seus obxectivos e da súa formulación xeral, remitimos ao ANEXO I, dentro deste mesmo documento. E, para un coñecemento polo miúdo das opcións metodolóxicas elixidas e da súa xustificación, pode consultarse o primeiro informe da poboación xeral¹.

Cunha breve ficha técnica, trazamos o deseño do estudo, sobre o que se poden ampliar datos tamén no ANEXO I.

2. Breve ficha técnica

Universo	Poboación xeral de residentes en Galicia con 16 ou máis anos de idade
Estratificación	Por provincia e tamaño do hábitat
Mostraxe	Estratificada, non-proporcional, polietápica, por conglomerados, con selección aleatoria de fogares na primeira etapa e con selección de individuos por cotas de xénero, idade, relación coa actividade e estudos
Mostra	2000 individuos por vaga
Marxe de erro	Para un nivel de confianza do 95,5%, orientativa, para unha mostraxe aleatoria simple, no caso máis desfavorable ($p=q=50$), para datos globais, o erro da mostraxe é de $\pm 2,2\%$
Tipo de entrevista	Telefónica asistida por ordenador (CATI)
Traballo de campo	Primeira vaga: Do 15 de xuño ao 14 de xullo do 2006 Segunda vaga: Do 15 de novembro ao 4 de decembro do 2006 Terceira vaga: Do 16 de xullo ao 31 de xullo e do 4 de setembro ao 20 de setembro do 2007

¹ Percepción dos cidadáns sobre a situación de Galicia e o funcionamento da Administración autonómica. 1º Informe. Santiago de Compostela: EGAP. 2006.

3. Os bloques de información e a súa estrutura

Se consultarmos o cuestionario despregado no anexo II, comprobaremos que os bloques de información producidos, variables sociodemográficas á marxe, son os seguintes:

- Percepción de España como un lugar para vivir (valoración e fontes de mala ou boa percepción).
- Percepción de Galicia como un lugar para vivir (valoración e fontes de mala ou boa percepción, voz e saída).
- Percepción do municipio de residencia como un lugar para vivir (valoración e fontes de mala ou boa percepción, posición respecto do mellor municipio, voz e saída).
- Percepción dos servizos públicos en Galicia (uso no último ano, servizo máis recente e servizo máis frecuente, valoracións e fontes de mala ou boa percepción, percepción comparativa co pasado inmediato, percepción do balance impostos/servizos, atribución de responsabilidades de xestión dos servizos públicos, saída).
- Percepción dos servizos privados en Galicia (uso no último ano, servizo máis recente, valoración e fontes de mala ou boa percepción).
- Percepción da xestión dos gobernos nacional, autonómico e municipal (valoración e fontes de boa e mala percepción para o Goberno autonómico, valoración do Goberno galego en honestidade, capacidade, cumprimento, relación cos galegos, opinión sobre os servizos durante os dous últimos anos).

No momento de construírmos a análise, porén estes bloques deben organizarse segundo as súas relacións lóxicas, na perspectiva dos obxectivos da investigación, non na secuencia da produción da información.

Para que producidos toda esta información? Como aclaramos nos preliminares, para poñela ao servizo da xestión do Goberno galego, para que dispoña de información relevante e xerarquizada, para incidir eficazmente naquilo que poida mellorar a vida dos galegos, no marco específico do país galego.

Por iso, xa na situación actual, xa en calquera outro momento en que se realice a medición, o punto de partida da análise debe ser Galicia, considerada na súa globalidade.


A partir de Galicia debemos facer dous movementos, un cara a arriba, é dicir, cara ao marco superior en que se insire, isto é, cara a España, e o outro cara a abaixo, cara aos municipios galegos e cara aos servizos en Galicia (públicos, incluída a xestión da Xunta, e privados).

As variables sociodemográficas serán útiles, sobre todo, nunha análise máis polo miúdo.

Xa que logo, en primeiro lugar, presentaremos a posición de Galicia, como elemento central do proxecto, posición que virá dada pola súa valoración media, como dato máis sintético e, o que resulta máis significativo aínda, pola distribución da valoración.

Amais, esta posición explicárase, de acordo co proceso de percepción, polas interpretacións dos galegos sobre o que produce as súas boas ou malas percepcións, isto é, polas fontes de mala ou boa percepción.

Por último, a posición de Galicia analizarase en función de diversas variables sociodemográficas.



A análise da posición de Galicia, emporiso, non remata aquí, pois a pesar de ser o centro de todo, cómpre situala en relación co marco en que está inscrita, isto é, España.

Neste punto tornaremos á posición de Galicia, pero en termos comparativos: colocando no mesmo plano España e Galicia. Tamén compararemos as fontes de mala e de boa percepción.

En canto á outra traxectoria, é dicir, cara a dentro de Galicia, o primeiro que hai que saber é se o municipio de residencia, os servizos públicos, incluída a xestión da Xunta, e os servizos privados teñen influencia apreciable na percepción de Galicia. Para iso, realizaremos unha aproximación elemental de avaliación do risco de Galicia para os distintos segmentos de valoración do municipio, dos servizos públicos, da xestión, dos servizos privados e tamén unha análise multi-variante, en que consideraremos todos estes factores simultaneamente. Esta análise será unha *regresión loxística*.

En cada un dos factores, reproduciremos o esquema de posición (do municipio, dos servizos, da xestión), de fontes da percepción...

En función do peso dos factores, daremos maior importancia na análise a uns ou a outros. En calquera caso e por tratarse do ámbito de actuación máis inmediato da Xunta, incidiremos espe-

cialmente nos servizos públicos e na xestión. Tamén nos municipios, xa que, como veremos, a percepción do espazo local é o factor máis importante da percepción de Galicia.

4. Contidos da análise. Principais resultados

1. Introducción. A percepción. A mostra

A percepción constitúe o elemento central desta investigación e para presentarmos calquera resultado ao respecto precisamos lembrar rapidamente algunhas nocións importantes, que xa detallamos no primeiro informe deste traballo.

A percepción conecta dous datos fundamentais: prodúcese nun certo grao e orixina unha interpretación do suxeito, xa que, se a intensidade impulsar a acción, cómpre a interpretación para dirixila.

Medimos a percepción nunha escala de 0 a 10, onde 0 representa unha percepción pésima e 10 unha percepción óptima. Empíricamente, fomos quen de establecer que a percepción acerca dun lugar para vivir comparte coa percepción dos servizos en xeral, unha fronteira: a que instaura unha zona que chamamos de *seguridade* no intervalo de 8 a 10 e unha zona que chamamos de *risco* no intervalo de 0 a 7. No caso da percepción da xestión (da Xunta e tamén doutros gobernos), por razóns que se explican no seu momento, a fronteira está un punto por debaixo, de maneira que o espazo de seguridade é o de 7 a 10 e o de risco, o de 0 a 6.

Como nun lado ou noutro da fronteira marcada, non significa o mesmo que unha resposta estea preto ou lonxe desta fronteira; pódese construír unha distancia desde calquera punto da escala ordinal á fronteira, para calcular o volume de risco e o volume de seguridade. Trátase dun problema matemático que, unha vez resolto, permite traballar con valores de risco e de seguridade, e agregalos e distribuír as agregacións como conveña, especialmente entre as fontes de boa ou mala percepción, para atribuírlles un impacto relativo.

Desta maneira, sempre falaremos de **impacto** e non de frecuencia, pois non nos importa tanto que moitos ou poucos citen unha fonte de mala ou boa percepción, senón o efecto resultante do produto da frecuencia pola intensidade, factores ambos do impacto global.

Outro elemento, instrumental e asemade con interese en por si, que cómpre presentarmos tamén en primeiro lugar está relacionado coa conveniencia de que toda análise da realidade social, pese ao seu enfoque global, estableza e explique na medida do posible as diferenzas entre distintos grupos da poboación. Esta premisa convértese nunha esixencia cando a información producida ten algunha pretensión de instrumentalización operativa, coma neste caso.

As variables que se incluíron como analizadores da percepción describen as persoas que responderon a enquisa (xénero, idade, estudos, relación coa actividade) e tamén a localización do seu lugar de residencia (hábitat e provincia).

Todas elas teñen a súa xustificación na hipótese de que poidan condicionar a percepción, ben en canto ás posicións (valoración, risco, seguridade), ben en canto ás fontes de risco ou seguridade.

Após un exame exploratorio das variables incluídas no cuestionario para caracterizar a mostra, puidemos verificar a pertinencia do enfoque adoptado, xa no primeiro informe desta investiga-

ción. Neste informe adoptamos unha perspectiva conxunta das asociacións entre variables, que nos permitiu identificar catro grandes áreas sociodemográficas: a dos mozos; a de transición entre mocidade e vida adulta (asociada principalmente ao grupo de 25 a 29 anos de idade); a zona central de ocupación, asociada ás idades de 30 a 44 anos; a de transición á inactividade (45 a 59 anos); e a de inactividade (60 e máis anos).

Por suposto que estas áreas están asociadas ademais a outras variables, o que se observa con clareza na perspectiva conxunta á que nos referiamos: a relación coa actividade, que vai desde a actividade de investimento formativa dos máis novos ao paso polo desemprego na etapa de transición á vida adulta. A ocupación, máis xeneralizada durante as idades centrais, decrece, sobre todo por mor do xénero, pero tamén polas xubilacións anticipadas na fase anterior á inactividade, ata chegar á área de inactividade definitiva. Tamén os estudos decrecen desde os 25 aos 29 anos ao longo de todo o percorrido anterior.

Agora ben, establecidas estas asociacións principais, o máis rendible sería reducir o mapa a unha soa variable, aquela que o estrutura por enriba de calquera outra: a idade, cuxas categorías representan á vez posicións distintas e biografías distintas, cuestión esta última representada mellor que por ningunha outra circunstancia polo decrecente nivel de estudos dos grupos de idade a partir dos 35 anos. Entre os mozos estudantes e os que están en transición cara a vida adulta e os primeiros anos de consolidación laboral (ata os 34 anos), probablemente, non hai diferenzas biográficas socioloxicamente relevantes, pero estas diferenzas son palpables a partir desa idade, con menor nivel de estudos, é dicir, con investimentos formativos (parte importante da biografía das persoas) notablemente inferiores.

2. A percepción de Galicia, dentro do marco español e en relación cos seus factores internos

O límite de seguridade da percepción, nunha escala de 0 a 10, está, polo xeral, no 8. Por debaixo desa posición, en menor ou maior medida, existe un certo conflito entre as persoas e os obxectos da percepción.

O 63% dos entrevistados áchase na zona de seguridade (8 a 10) da escala de valoración na medición do 2007, 9 puntos por enriba das dúas medicións anteriores. Este é o dato principal e supón unha mellora considerable na percepción de Galicia.

Que causa máis ou menos impacto en termos de risco ou de seguridade? En primeiro lugar, existen unha serie de fontes que teñen máis capacidade para influír. Por exemplo, os servizos públicos constitúen a primeira fonte de percepción de Galicia. A escasa distancia, atopamos a seguridade cidadá e, coa mesma importancia, a xestión da Xunta, o que vén salienta o papel do Goberno galego en relación coa fonte máis importante, os servizos públicos, antes destacada.

O factor que xera máis risco na valoración dos entrevistados é a economía, dentro do cal destaca o impacto negativo do emprego. Agora ben, para o conxunto da mostra, o factor económico vén perdendo peso desde a segunda medición, en tanto que o seu compoñente interno máis destacado, o emprego, mantén diferenzas non-significativas entre as vagas. En calquera caso, os resultados acreditan que preto do verán do 2007 a preocupación polo emprego, sempre presente, se mantiña nun ton de normalidade en Galicia.

Lonxe da dimensión económica, aparecía na primeira medición o conxunto dos servizos públicos, que, co tempo, reduciu progresivamente o seu peso, ata un terzo do impacto no punto de partida.

Con todo, o relevo dos servizos públicos tomouno na última medición o reproche xeral da xestión. Se agregamos ambas as fontes, terían un peso parello nas tres vagas, de entre o 16 e o 18%, sempre por baixo do peso do emprego, que é a fonte non-agregada de maior impacto.

Na terceira vaga debemos destacar o crecemento do impacto dalgunhas fontes secundarias, que poderían constituír unha ameaza de seguir a súa tendencia negativa: a seguridade, sobre todo polos incendios e desastres ecolóxicos, problemas que degradaban o contorno e que xa se puxeran de manifesto con toda a súa forza na segunda vaga; os políticos e os partidos e a vivenda.

Hai posicións de risco, sustentadas polas fontes citadas, pero tamén posicións de seguridade. Estas baséanse, principalmente no peso do contorno e da xente, que xera entre o 50 e o 82% do impacto positivo na percepción de Galicia como lugar para vivir. Dentro deste gran conglomerado, sobresaen o medio natural (natureza e clima) e o medio social (a maneira de ser e de vivir da xente), como os elementos concretos de maior impacto positivo.

O certo é que o agregado de valores do contorno e da xente está sempre en primeiro lugar, pero na terceira vaga con menor peso que nas dúas anteriores. E este peso perdido desprazouse principalmente á calidade de vida, estereotipo máis xenérico que, sen dúbida ningunha intersecciona cos anteriores. En suma, se considerarmos de forma agregada os valores do contorno e da xente e a calidade de vida obteremos nas tres vagas un peso de entre o 84 e o 90%.

Galicia encádrase no marco máis xeral de España. No entanto, a percepción de España é máis estable que a de Galicia, cunha lixeirísima tendencia positiva na fronteira da seguridade e o risco, onde a seguridade gaña entre a primeira e a terceira medición 3 puntos, compensada pola agudización do risco, xa que a zona de risco extremo gaña, pola súa banda, 2 puntos no mesmo período. En todos os casos, a seguridade está lixeiramente por riba do 50% (51% ao 54%) e o perigo non supera o 15% (13% ao 15%). Na comparación entre Galicia e España, sae gañando sempre Galicia e a diferenza positiva acentuouse na terceira vaga, cando Galicia alcanza 9 puntos máis de seguridade e distánciase tamén na zona de perigo, con 3 puntos menos que España.

En España e en Galicia, a pesar dalgunhas diferenzas de matiz, os servizos públicos, a maneira de ser e de vivir da xente, o desenvolvemento económico, a xestión gobernamental e a calidade de vida, son elementos con gran capacidade para influír sobre a percepción global.

Na comparación entre Galicia e España, na última medición, observamos distribucións semellantes. Polo que respecta á economía, o emprego aparece en primeiro lugar; a xestión (Xunta/Goberno) loita polo segundo posto coa política (políticos e partidos), coa particularidade de que en España irrompe con máis forza a vivenda, cun peso 6 puntos superior ao que ten en Galicia. En cambio, en Galicia presenta un maior peso a economía, sobre todo pola actividade e o desenvolvemento económicos. Por último, a inmigración pesa máis en España.

Por tanto, os gobernos están, tanto en España como en Galicia, abocados a elevar a súa xestión e a facelo especificamente sobre os servizos públicos, cun ollo nas ameazas máis ou menos conxunturais, se nos atemos á percepción dos galegos.

Con respecto á seguridade, na última medición constatamos algunhas diferenzas entre España e Galicia, que, neste caso, afectan incluso a orde das fontes. En España, igual que en Galicia, diminuíu o peso dos valores do contorno e da xente, peso que se desprazou cara á calidade de vida, concepto, como xa dixemos, relacionado co anterior. Porén, en España este movemento manifestouse con maior forza, de maneira que a calidade de vida situouse no primeiro lugar, cun peso maior que o observado en Galicia, que, pola contra, mantén un impacto superior do agregado dos valores do contorno e da xente. As percepcións dos municipios, os servizos e a xestión como factores da percepción de Galicia conforman a perspectiva global.

Se examinarmos Galicia cara a dentro, é dicir, en relación con factores internos: os municipios, onde se desenvolve a vida cotiá da xente, os servizos públicos e os privados, e a actuación do goberno rexional resulta que os factores con maior peso son, por esta orde, a percepción do municipio de residencia, a percepción da xestión da Xunta e a percepción dos servizos privados.

3. Os municipios. principais alicerces para a construción de Galicia

Segundo o que acabamos de ver, a percepción do municipio é o que máis inflúe na percepción de Galicia. En concreto, por cada 10 puntos de incremento da seguridade na percepción do municipio de residencia, gañaríamos ao redor de 3 puntos de seguridade na percepción de Galicia.

E este resultado cobra aínda máis importancia, porque o municipio é o ámbito cunha marxe de mellora maior. A proporción dos que puntuán o seu municipio con 8 ou máis puntos (seguridade) é do 46%-47% nas dúas últimas vagas, mentres que na primeira supoñía o 43% (lembramos que as proporcións para Galicia e España exceden nesta vaga o 60 e o 50%, respectivamente). Ademais, entre un de cada catro e un de cada cinco entrevistados se sitúa non só por baixo do estándar de puntuación, senón por baixo do límite, isto é, puntuán o seu municipio con 5 puntos ou menos.

Resulta esclarecedor examinarmos os datos sobre cales son os municipios ou as zonas de residencia preferidas polos habitantes de Galicia cando non prefiren o seu propio municipio.

A clara predilección pola Coruña sitúaa como referencia urbana privilexiada en Galicia; se Santiago é a capital política, e ademais unha referencia cultural de alcance suprarrexional, os galegos miran cara á capital da mesma provincia, como o mellor expoñente do desenvolvemento rexional (significativo é tamén que a segunda sexa Vigo, a cidade galega máis industrial) e das oportunidades de emprego, que se botan de menos na percepción de Galicia.

A valoración media do municipio en que viven é de 7 puntos, mentres que a do municipio preferido para vivir é de 8,3 puntos, cunha diferenza media de 1,3 puntos, que marca un horizonte de desexable mellora dos galegos respecto do seu municipio de residencia.

Avaliado en termos de distribución da taxa de seguridade, a do municipio preferido está practicamente no 80% e a do municipio de residencia non chega ao 50%, sendo o *gap* entre ambas de 35 puntos na primeira medición, cifra que decreceu ata os 32 puntos da última, o que supón unha pequena redución de 3 puntos, en termos relativos un 10% da distancia.

Pola súa banda, o municipio pode ser descifrado de acordo con factores internos. Do mesmo xeito que sucedía coa valoración de Galicia, a percepción dos servizos públicos, dos privados e

da xestión da Xunta inflúe á hora de cualificar o municipio como lugar para vivir. De entre todas as percepcións, a que máis repercute é a xestión da Xunta.

Isto é o que máis nos interesa, xa que do que se trata, xustamente, é de ver que efectos pode e debe producir a xestión da Xunta en beneficio da vida dos residentes en Galicia. As posicións de seguridade na percepción da Xunta teñen un efecto de ao redor de 2 puntos de ganancia na seguridade do municipio de residencia, por cada 10 de incremento da seguridade da Xunta.

Esta cifra redúcese á metade para cada un dos outros dous factores: a seguridade nos servizos públicos e a seguridade nos servizos privados.

Se ollamos as fontes de risco e de seguridade, as que teñen maior capacidade para incidir no municipio son cinco: os políticos e partidos, a calidade de vida e a maneira de ser e de vivir da xente, seguidos dos servizos públicos e a xestión do concello.

Respecto do observado nas medicións anteriores, emerxe ao acumular a aquelas a terceira, a novidade dos políticos e os partidos, que non accedera ao primeiro plano por falta de base estatística.

En relación co impacto realmente producido, se compararmos as fontes de risco da última medición para Galicia e para o municipio de residencia, podemos ter á vez unha idea do peso das fontes no municipio e das diferenzas con Galicia.

Podemos dicir que, como sucedía na comparación con España, as diferenzas son de grao, pois a orde das fontes con maior impacto é a mesma: o factor económico, encabezado polo emprego, é o de maior impacto, aínda que no municipio o seu peso é menor que en Galicia.

En segundo lugar, está a mala xestión, do concello ou da Xunta, coa diferenza de que en Galicia ten menos da metade de peso que a economía, e no municipio alcanza a proporción de dous terzos. En terceiro lugar está a política, é dicir, os políticos e os partidos. A xestión, por unha banda, e por outra, os que encarnan a xestión ou o control político desta, debuxan un espazo, o do poder político, que está na orixe dunha parte moi significativa do risco, especialmente no municipio.

Desde o punto de vista da seguridade, os valores do contorno e da xente son, tanto para o municipio como para Galicia a fonte de seguridade con maior impacto, aínda que a súa composición interna é ben diferente, pois en Galicia ten unicamente dous elementos, a natureza e o clima, e a xente, en tanto que nos municipios a maior parte do peso corresponde ao urbanismo, á configuración como marco urbano.

A calidade de vida é en ambos os casos a segunda fonte de seguridade, pero o municipio medio galego destaca menos por esta calidade que o conxunto de Galicia.

4. Os servizos públicos

A percepción dos servizos públicos, ata agora moi parecida á de Galicia, mellor dito, lixeiramente mellor que a de Galicia, segue estando próxima, pero agora quedou por baixo, pois, a pesar de gañar 2 puntos de seguridade na última vaga, o seu crecemento está lonxe dos 9 puntos de Galicia. Con todo, a tendencia, aínda que feble, engade consistencia á mellora de Galicia, como sucedía tamén coa lixeira mellora do municipio. Pese a isto, a taxa de perigo mantense inamovible no 20%, un valor bastante mellorable.

As fontes de risco e de seguridade que producen os valores menos próximos á fronteira da seguridade e o risco, os que, xa que logo, teñen maior capacidade para influír, positiva ou negativamente, son os seguintes:

En primeiro lugar, co máximo valor do índice, aparecen os profesionais que encarnan o servizo. Preto, tamén por riba do valor 9, a eficacia e a calidade en xeral son tamén moi importantes.

O impacto estimado sobre o risco coloca en primeiro plano os tres elementos máis importantes: profesionais, calidade do servizo e eficacia do servizo, que se disputan os primeiros postos no impacto negativo.

O impacto das fontes que sustentan as posicións de seguridade concéntrase en gran medida nos profesionais (primeira fonte de risco tamén), de maneira que os profesionais que prestan o servizo constitúen a chave principal da percepción do mesmo: é a fonte máis importante e é a primeira fonte de risco e de seguridade; o servizo que sexa capaz de formar profesionais máis capacitados para a súa prestación logrará elevar a percepción global sen ningunha dúbida.

O servizo público máis utilizado no último ano, con diferenza, é a sanidade, pois aparece en máis da metade dos casos como o último usado (53% nas tres vagas). Seguido polo transporte público, o último usado en ao redor da cuarta parte dos casos, algo máis na última vaga. O resto dos servizos mostran un uso menos extenso e menos intensivo, pois aparecen xa con frecuencias moi inferiores.

Dentro da sanidade, é o médico de cabeceira ou a atención primaria o servizo concreto que monopoliza a maior parte do último uso, pois dos 53 puntos da sanidade, entre 41 e 42 son de atención primaria.

No transporte público, o medio dominante é o autobús, que acapara as tres cuartas partes da frecuencia destes servizos usados recentemente.

Como sabemos, os servizos públicos valorábanse máis que os ámbitos en que se procuran, ata a última vaga, en que, a pesar dunha leve mellora daqueles, foron superados por Galicia. Pois ben, os mellor valorados son a sanidade e a educación, por máis que en vagas pasadas a primeira posición a ocupaban os servizos sociais, posición que agora perderon. Dentro dos que teñen unha base que permite tomar a valoración como algo máis que un indicio, o peor é o conxunto dos servizos administrativos, e quedan nunha posición intermedia os transportes. Ningún dos citados experimenta cambios significativos entre vagas.

A pesar de non ter base en cada vaga, pola simple reiteración, que implica a posibilidade de acumulación de datos, vemos que a seguridade e a xustiza aparecen sistematicamente nos últimos lugares, sempre por baixo do valor 6, é dicir, na fronteira do perigo. O problema da seguridade débese exclusivamente á mala percepción das forzas de seguridade, pois os bombeiros apenas aparecen e cando o fan son ben valorados.

Outra cuestión que merece o noso interese é sabermos se, en opinión dos enquisados, os servizos públicos melloraron ou empeoraron nos dous últimos anos.

En xeral, a maioría adoita sinalar que seguen igual ou que non saben. A única excepción é negativa, e corresponde á vivenda, onde máis do 50% cre que empeorou en todas as medicións realizadas, o que reincide no carácter de ameaza que xa sinaláramos acerca deste factor, cando o tratáramos como fonte de risco en distintos ámbitos.

Un xeito de ver sinteticamente o xuízo dos galegos sobre os dous últimos anos dos servizos é calcular o cociente entre respostas positivas e negativas, como no seguinte cadro, onde hai un agregado, os servizos sociais, que sobresaes cunha *ratio* sempre superior a 4, debido a que é o que menor rexeitamento produce na súa xestión recente. Xunto aos servizos sociais, tamén cunha *ratio* positiva, aínda que inferior, figuran a sanidade, a administración e o transporte público. Queda a educación e a seguridade en posicións tépedas, case neutras, e a xustiza e a vivenda, sobre todo esta última, con proporcións claramente deficientes, que sinalan unha consideración negativa da súa xestión recente.

5. A xestión da Xunta

Pese a que mudou a fronteira da seguridade e o risco desde o valor 8 ao valor 7, a proporción dos cidadáns en posicións de risco é superior á que xeran outros obxectos da percepción. Este é o efecto que produce a división partidaria, porén así é a «realidade» da posición dos cidadáns, en Galicia e fóra dela, ante os gobernos. Entre o 29% dos entrevistados e o 37% valoran a xestión da Xunta con 7 puntos ou máis, mentres que na zona amornada de risco, con ao redor dun 20% en perigo (0 a 4), sitúase unha cifra que oscila entre o 40% e o 50%.

A percepción da Xunta empeorara na segunda medición, despois da vaga estival de incendios, pero recuperou de sobra a seguridade perdida, aínda que non diminuíu nada a zona de perigo.

Polo xeral, a zona de perigo sinala unha realidade inquietante, por exemplo a de persoas que viven nun lugar respecto do que se achan nunha posición de conflito agudo. Neste caso, en cambio, os efectos da división partidaria fan que as identificacións máis sólidas tendan a suplantarse a percepción polo prexuízo, de maneira que é previsible unha fracción igualmente sólida nas valoracións inferiores a 5.

Agora ben, entre a primeira e a segunda vaga, esta fracción medrou significativamente, cun crecemento de 4 puntos porcentuais, superior en termos relativos, ao 20 %, o cal indica que sucedeu algo verdadeiramente negativo no ámbito de competencias da Xunta. Podemos supor que tivo que ver cos incendios estivais e, efectivamente, todo indica que así foi.

A fonte de risco e seguridade que xera as puntuacións máis extremas naqueles que a citan é o xuízo global sobre a xestión, seguido polas calidades políticas dos líderes. En segundo plano, cunha importancia superior a 8, están a política económica e fiscal, a honradez ou falta dela e a política social. Perfil de puntos críticos, xa que logo, marcado á vez polo pragmatismo e pola política.

Na primeira vaga, a xestión en xeral, mellor dito, os xuízos globais sobre esta, acumulaban máis risco que ningunha outra fonte, aínda que con moi pouca diferenza respecto das catro seguintes: os políticos, as infraestruturas e os transportes, a política económica e fiscal, e os servizos públicos.

Pois ben, se o trazo dominante na primeira vaga era a dispersión, na segunda, prodúcese unha concentración importante que alcanza o 47% do risco total na política ambiental, que crece así máis de 40 puntos e que evidencia a relación entre este factor (que emerxe polos incendios estivais) e a deterioración da percepción global da Xunta.

E que pasa no 2007? Pasan tres cousas: por unha banda, segue perdendo peso o xuízo xeral; en segundo lugar, algunhas fontes que perderan peso na segunda vaga recuperárono, como as

infraestruturas, a política económica e fiscal e os servizos públicos; para rematar, a política ambiental deixou un residuo que coloca esta fonte como a primeira de risco, aínda que cun peso moi inferior ao do outono do 2006. Ao cabo, política ambiental, política fiscal, servizos públicos e infraestruturas e transportes acumulan, na orde expresada, case o 60% do risco. Ademais, medrou de xeito continuo, polo que pode considerarse xa unha ameaza, o impacto negativo das relacións entre os partidos.

Polo que respecta ás fontes de seguridade, na primeira medición impúñase o traballo sobre as infraestruturas e o transporte como primeira e destacada fonte de seguridade da xestión da Xunta, seguida de lonxe pola política económica e fiscal, é dicir, as cousas estaban bastante máis claras que na zona de risco. Pero, na segunda medición, aínda que en menor medida que na zona de risco, xorde tamén aquí a dimensión ambiental, que pasa a ser a primeira fonte de seguridade, cun peso superior ao 20%, peso que persiste en gran parte na terceira vaga, malia que volve ao primeiro plano a que comezou sendo primeira fonte de seguridade.

Os incendios estivais do 2006 provocaron, en primeiro lugar, unha deterioración da percepción da Xunta. En consecuencia, situouse como primeira e destacada fonte de risco a política ambiental que dirixiu o enfrontamento á crise. A pesar disto, a fracción que mantivo a percepción en posicións de seguridade, en parte, tamén o fixo polo mesmo motivo, pola política ambiental, dúas formas opostas de ver a actuación da Xunta, coa interesante particularidade de que a persistencia da fonte é moi superior, en relación co valor alcanzado na segunda vaga, na zona de seguridade, o que denota que a actuación da Xunta, para unha fracción dos galegos, tivo un efecto de consolidación da confianza. Así pois, desaparecido en gran parte o efecto negativo, a percepción xeral mellorou na terceira vaga mentres que a maior parte do impacto positivo da actuación ambiental permaneceu igual.

Así mesmo, nas dúas últimas vagas ten un peso moi apreciable a política social, que aparece en terceiro lugar na segunda e en segundo lugar na terceira. Por último, os servizos públicos incrementan tamén o seu peso nas dúas últimas medicións, alcanzando na terceira o 15% de impacto, que se debe maioritariamente á educación.

6. Os servizos privados

A percepción dos servizos privados é máis positiva que a dos servizos públicos. Foi no en todas as vagas, pois na primeira a seguridade dos primeiros era do 66%, fronte a un 56% dos segundos, na segunda os públicos recortaban só 1 punto, deixando as cousas como estaban e nesta terceira, a lixeira mellora dos servizos públicos (59%) foi amplamente superada polos privados (72%), que amplían a diferenza a 13 puntos porcentuais. Ademais, a zona de perigo dos servizos privados é inferior á metade da dos públicos.

Á marxe da vivenda, da educación privada e, na última vaga, dos seguros, que non teñen base estatística suficiente, o servizo mellor valorado nas tres vagas é o da saúde privada, seguido da moblaxe e o equipamento do fogar.

Na última medición, medra significativamente a valoración media da alimentación e bebidas, do vestido e o calzado, ambos situados por primeira vez no valor 8 ou por riba, os servizos bancarios, no bordo desta fronteira, e, sobre todo, os servizos de coidado persoal, que alcanzan o valor 8,5, cunha mellora de máis de 1 punto. A hostalería, mesmo se a variación non é estatisticamente significativa, únese ao grupo dos que alcanzan ou superan o 8.

Os servizos públicos e privados non son estritamente comparables, dado que os públicos abranguen ámbitos con competencia exclusiva das administracións públicas ou aqueles que quedan fóra do dominio do sector privado.

No entanto, tendo en conta o número de casos da enquisa e que algúns servizos son ofertados por ambos os sectores, é posible comparar valoracións. Iso é posible coa sanidade e os transportes. En ambos os casos o sector privado resulta ter unha mellor consideración que o público.

A sanidade pública, notablemente máis estendida que a privada, alcanzaba unha valoración de 7,8 puntos. Acabamos de ver que a privada supéraa en case un punto, cun 8,7.

A fenda no transporte é nesta vaga algo menor. O transporte dependente de empresas públicas lograba os 7,0 puntos, en tanto que o privado alcanza na última medición, a pesar de empeorar no 2007, unha valoración media de 7,6.

Tratemos agora as fontes de risco e de seguridade que sustentan as posicións dos servizos privados. En función do índice de importancia (aqueles que xeran as puntuacións máis afastadas da media), os servizos privados coinciden cos públicos en pór en primeiro plano os profesionais, aos que se engaden aquí, a calidade, a eficacia e as condicións económicas.

Centrándonos nos aspectos que maior impacto producen, se comezarmos polas fontes de risco, destacan por enriba do resto, os prezos, mesmo cando no 2007 caeu o seu peso significativamente (os prezos mantéñense en todas as vagas por riba do 40%). Por detrás sitúanse nas dúas primeiras vagas, ben os profesionais, ben a calidade do servizo, pero na última deixan paso á cantidade e variedade da oferta.

A fonte con maior impacto positivo é a dos profesionais, agás na última medición, onde é superada pola calidade do servizo. Xa que logo, os profesionais, a fonte máis importante, tanto para os servizos privados como para os públicos, desprazada naqueles ao segundo lugar polos prezos no sustento do risco, é fundamental como fonte de seguridade.

A calidade do servizo disputa cos profesionais a primacía como fonte de seguridade. O resto das fontes, oferta, eficacia, prezos, etc. están nun distante terceiro nivel.

Particularizando a análise no nivel dos servizos concretos, podemos resumir os resultados dicindo que o risco e a seguridade teñen algúns factores dominantes nalgúns servizos, ben como factores comúns ao risco e á seguridade, ben polo seu alto peso nun dos espazos: prezos na alimentación e no vestido, eficacia nas comunicacións, profesionalidade na saúde e na banca.

2. CARACTERÍSTICAS DA MOSTRA

Imos presentar en primeiro lugar, uns datos básicos que permitan ver a evolución das principais características da mostra e tamén algunhas distribucións conxuntas de variables sociodemográficas, ás que faremos referencia ao longo da análise.

En segundo lugar, dedicaremos outra parte do capítulo ao que chamamos no primeiro informe mapa multivariable da mostra, que volve debuxar espazos semellantes aos analizados naquel e que, tras repasar o uso que deste fixemos no seu día, consideramos máis conveniente substituír pola variable idade.

	TOTAL		
	VAGA 1	VAGA 2	VAGA 3
XÉNERO			
Home	48	48	48
Muller	52	52	52
IDADE			
De 16 a 24	12	12	12
De 25 a 29	9	9	9
De 30 a 34	9	9	9
De 35 a 44	17	17	17
De 45 a 59	23	22	22
60 e máis	30	30	31
POSICIÓN NO FOGAR			
Persoa principal	40	45	48
Cónxuxes	28	28	29
Descendentes	32	21	13
Outras	1	6	9
TOTAL	2000	2001	1999

Como é a nosa obriga, para as variables que son de cota no deseño da mostra (xénero, idade, relación coa actividade, estudos) non hai, entre vagas, ningunha diferenza apreciable, pero si as achamos na posición no fogar, cun lixeiro incremento das persoas principais na segunda medición, que se acentúa na terceira; ao mesmo tempo, medran tamén as persoas que non son nin principais, nin cónxuxes, nin descendentes, sempre en detrimento dos descendentes. Os cónxuxes das persoas principais permanecen constantes.

	TOTAL		
	VAGA 1	VAGA 2	VAGA 3
OCUPACIÓN			
Ocupados	44	44	44
Estudantes	11	8	8
Amas de casa	18	22	21
Pensionistas	22	20	21
Parados	5	6	5
ESTUDOS			
Sen estudos/Primarios	73	73	73
Secundarios	16	16	16
Universitarios	11	11	11
TOTAL	2000	2001	1999

En canto á relación coa actividade, as cotas só afectan os ocupados, cuxo tamaño, efectivamente, permanece constante nas tres medicións. A desagregación dos non-ocupados muda só lixeiramente entre vagas, concretamente entre a primeira e a segunda, debido ao crecemento das amas de casa e á caída dos estudantes, o que produce unha distribución que permanece invariable na terceira medición.

É todo o que podemos dicir do cambio das variables sociodemográficas. Agora, posto que imos analizar datos de forma continua tendo en conta as variables de estratificación, isto é, a provincia e o hábitat, imos ver que trazos sociodemográficos distinguen os diferentes espazos.

Agregamos os dous tamaños de hábitat máis pequenos debido a que xa no deseño técnico se efectuaba esta agregación, por mor do desigual peso que ten cada un deles por provincia.

Nas seguintes táboas aparecen indicadas as diferenzas máis acusadas, sempre respecto do dato global da mesma medición; en cor laranxa cando o valor da categoría for superior ao valor do total; en azul cando suceder o contrario. Deste xeito, chamamos a atención sobre aquelas características que, ocasionalmente, ou, mellor dito, constantemente, destacan nunha categoría (por exceso ou por defecto) respecto do seu peso no conxunto da mostra.

	HÁBITAT								
	Ata 10.000			10.001 a 50.000			Máis de 50.000		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
XÉNERO									
Home	39	36	45	45	50	44	59	58	53
Muller	61	64	55	55	50	56	41	42	47
IDADE									
De 16 a 24	9	8	12	11	15	14	15	14	11
De 25 a 29	7	8	9	9	9	10	11	10	9
De 30 a 34	9	9	9	12	8	8	7	9	10
De 35 a 44	16	15	18	21	20	18	14	16	15
De 45 a 59	23	26	23	21	23	23	23	19	21
60 e máis	35	34	31	26	26	27	30	31	34
POSICIÓN NO FOGAR									
Persoa principal	38	41	48	35	44	45	45	50	52
Cónxuxes	32	36	31	31	30	31	21	20	26
Descendentes	28	16	11	33	23	14	34	24	14
Outras	1	7	10	1	4	10	0	6	9
TOTAL	691	691	693	603	603	603	706	706	703

Por hábitat, hai unha primeira característica fortemente distintiva, segundo a cal no hábitat rural teñen maior peso relativo as mulleres, en tanto que nos municipios de máis de 50.000 habitantes ocorre o contrario. No hábitat intermedio, tendo maior peso as mulleres, a distribución non varía significativamente da do total. De acordo con esta diferenza, no hábitat superior tende a ter máis peso o grupo das persoas principais e menor peso as amas de casa.

Estas diferenzas son paralelas a outra, moi importante, que é a que distingue o hábitat rural cunha taxa relativamente moito máis alta de persoas con estudos inferiores a secundarios, á vez que o hábitat superior, no outro extremo, presenta unha taxa de universitarios superior ao dobre da dos municipios máis pequenos. Igualmente, os municipios máis grandes, teñen máis efectivos con estudos secundarios.

	HÁBITAT								
	Ata 10.000			10.001 a 50.000			Máis de 50.000		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
OCUPACIÓN									
Ocupados	40	39	44	44	46	46	48	47	43
Estudantes	9	5	7	11	7	8	13	12	10
Amas de casa	22	28	23	20	23	23	11	15	17
Pensionistas	24	22	21	19	16	18	23	21	25
Parados	5	6	5	7	7	6	4	6	6
ESTUDOS									
Sen estudos/Primarios	81	81	79	72	79	75	66	61	66
Secundarios	12	12	15	17	15	15	19	21	18
Universitarios	7	7	6	10	7	9	15	19	16
TOTAL	691	691	693	603	603	603	706	706	703

Por provincias, Lugo e Ourense distínguense por presentar unha proporción maior de persoas de 60 ou máis anos e, consecuentemente, tamén máis pensionistas e, no caso de Ourense, menos ocupados. Aínda que as diferenzas co total non sexan significativas, podemos sinalar que as provincias máis rurais, Lugo e Ourense, teñen niveis de estudos inferiores, como cabía esperar.

	PROVINCIA											
	A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
XÉNERO												
Home	48	48	48	48	49	48	48	48	48	48	48	48
Muller	52	52	52	52	51	52	52	52	52	52	52	52
IDADE												
De 16 a 24	12	12	12	11	11	11	11	10	11	13	13	13
De 25 a 29	9	9	9	8	8	8	8	8	8	10	10	10
De 30 a 34	9	9	9	7	7	7	7	7	7	10	10	10
De 35 a 44	18	17	17	16	16	16	15	15	15	18	18	18
De 45 a 59	23	23	23	21	21	21	21	22	21	23	22	22
60 e máis	29	29	29	37	37	37	38	38	39	26	27	27
POSICIÓN NO FOGAR												
Persoa principal	39	48	50	44	41	51	43	47	49	38	43	46
Cónxuxes	31	24	29	25	33	29	28	30	29	25	31	30
Descendentes	30	22	14	30	19	9	28	18	13	35	21	12
Outras	0	6	7	1	7	11	2	5	9	1	5	11
TOTAL	817	817	819	265	265	265	251	251	252	668	668	663

	PROVINCIA											
	A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
OCUPACIÓN												
Ocupados	45	44	44	43	43	43	39	39	39	46	46	47
Estudantes	13	9	8	10	9	8	8	6	8	10	8	10
Amas de casa	17	21	21	11	19	22	21	21	21	19	24	20
Pensionistas	21	20	21	30	26	23	26	27	28	19	15	19
Parados	4	7	6	7	4	4	6	7	4	6	7	5
ESTUDOS												
Sen estudos/Primarios	71	70	71	77	76	77	77	77	77	73	73	74
Secundarios	17	17	17	14	14	14	14	14	14	17	16	16
Universitarios	12	12	12	9	9	9	9	9	9	10	10	10
TOTAL	817	817	819	265	265	265	251	251	252	668	668	663

	XÉNERO					
	Home			Muller		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
OCUPACIÓN						
Ocupados	57	57	55	32	32	34
Estudantes	11	8	9	11	8	8
Amas de casa	1	0	1	33	42	39
Pensionistas	25	26	29	20	14	14
Parados	6	8	6	5	5	5
ESTUDOS						
Sen estudos/Primarios	69	69	74	77	77	72
Secundarios	19	19	15	13	13	17
Universitarios	12	11	11	10	11	11
POSICIÓN NO FOGAR						
Persoa principal	56	65	70	24	27	29
Cónxuxes	10	8	7	44	47	50
Descendentes	33	23	13	31	19	12
Outras	1	5	10	0	7	9
TOTAL	961	963	954	1039	1038	1044

Tamén encontraremos con frecuencia na análise diferenzas segundo o xénero e a idade, sobre todo segundo a idade.

Por iso, ten interese vermos que outras características diferencian ás categorías destas variables.

En primeiro lugar, os xéneros están a reflectir as tradicionais diferenzas nas funcións, que colocan a muller con menor nivel de ocupación e maior entrega aos labores do fogar, en correlación coa máis frecuente ocupación do lugar de cónxuxe da persoa principal e con menor nivel de estudos. Fronte a isto, como é ben sabido, cando menos no nivel de estudos, coexisten realidades moi distintas, toda vez que, se nas idades altas se acentúan os papeis tradicionais e a menor formación das mulleres, hai xa anos que as mulleres estudan máis que os homes e, como consecuencia, fan valer o seu investimento formativo no mercado de traballo, cunha tendencia a igualar a presenza masculina.

	IDADE																	
	16 a 24			25 a 29			30 a 34			35 a 44			45 a 59			60 e máis		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
OCUPACIÓN																		
Ocupados	25	30	30	69	70	65	65	72	78	73	70	71	57	55	58	12	11	9
Estudantes	69	56	58	13	11	13	5	2	2	2	0	0	2	0	0	1	0	0
Amas de casa	1	3	3	4	6	10	15	13	10	18	21	20	27	28	25	22	32	31
Pensionistas	0	0	1	2	1	0	1	1	2	2	2	1	10	10	12	64	56	59
Parados	6	10	8	12	12	13	14	13	8	5	6	7	4	7	5	1	1	1
ESTUDOS																		
Sen estudos/Primarios	62	66	60	46	46	65	63	51	59	61	65	67	78	79	70	92	90	91
Secundarios	29	27	31	24	30	21	20	25	15	23	21	18	14	11	19	5	6	6
Universitarios	10	7	9	31	24	14	18	24	26	15	15	15	8	9	12	3	4	3
POSICIÓN NO FOGAR																		
Persoa principal	1	1	4	12	27	26	30	45	44	42	48	54	51	53	57	56	61	64
Cónxuxes	1	2	1	15	12	23	31	25	33	32	36	38	35	39	37	34	32	31
Descendentes	98	93	56	71	61	31	37	24	17	24	8	4	13	3	2	10	0	2
Outras	0	3	39	3	0	19	1	6	7	1	8	4	1	5	3	0	7	3
TOTAL	239	241	242	185	183	184	179	176	177	342	341	338	450	449	444	605	609	613

As maiores porcentaxes de ocupados atopámolas nas idades entre 25 e 44 anos, vantaxe que, amortecida, se prolonga ata os 59 anos, pois antes o que predomina claramente son os estudantes, en tanto que a partir dos 45 anos, boa mostra de que por riba desa idade hai unha fronteira para o conxunto das mulleres, descende bruscamente a ocupación, cuxo nivel máis alto estaba no grupo de idade anterior. Prodúcese un aumento primeiro das amas de casa (45 a 59 anos) e despois dos pensionistas (60 ou máis anos). Os parados teñen maior peso entre os 25 e os 34 anos.

Por outra banda, por baixo dos 25 anos atopamos as taxas máis altas de estudos secundarios, moitos dos cales conducen aos universitarios, cuxa cota máis alta está no grupo de 25 a 29 anos, destaca tamén, secundariamente, o grupo de 30 a 34 anos. A partir dos 45 anos e, moi especialmente, dos 60 anos, os estudos secundarios e universitarios caen, proba de que tanto nos estudos como na relación coa actividade, a idade reflicte xa a biografía das persoas, xa algúns trazos importantes do cambio da sociedade.

Reflicte a biografía das persoas que, nos nosos días, pasa por un período de investimento formativo, ata os 24 anos, maioritariamente, pola incorporación ao mercado de traballo, a partir desa idade, que, nun primeiro período, pode supor para moitos pasar un tempo no paro, entre os 25 e os 34 anos, pola consolidación no emprego e a posterior retirada cara á xubilación.

E pon de manifesto a evolución da sociedade galega, que, como a española, transformouse particularmente en canto á masiva incorporación das mulleres ao investimento formativo e, en consecuencia, ao emprego. Transformación visible na fronteira dos 45 anos (estes efectos veríanse con máis clarezza aínda na fronteira dos 50), onde a caída da ocupación, a pesar de que a taxa aínda é superior á do total da mostra é importante (ao redor de 15 puntos) e inversa ao crecemento de pensionistas e amas de casa, con niveis de estudos claramente inferiores aos dos grupos de idade anteriores.

O nivel de estudos, pola súa banda, discrimina a relación coa actividade. Así, nos niveis de estudos medios ou altos, os considerados profesionais (secundarios e universitarios), hai moitos máis ocupados, aínda que isto é efecto combinado do nivel de estudos e da idade, á que, en parte, está asociado: os que non teñen estudos son máis ben de idades altas, sobre todo entre as mulleres, e, como se ve aquí, teñen proporcións máis altas de amas de casa e de pensionistas.

	ESTUDOS								
	Sen estudos/Primarios			Secundarios			Universitarios		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
OCUPACIÓN									
Ocupados	37	37	38	61	60	53	67	69	71
Estudantes	9	6	6	17	15	19	17	11	10
Amas de casa	22	27	24	8	8	14	3	5	6
Pensionistas	28	24	26	7	10	9	8	9	7
Parados	5	6	5	7	6	4	6	7	7
TOTAL	1460	1460	1466	322	321	317	218	219	215

	ESTUDOS								
	Sen estudos/Primarios			Secundarios			Universitarios		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
POSICIÓN NO FOGAR									
Persoa principal	42	46	51	33	40	37	37	47	48
Cónxuxes	31	32	31	20	20	25	16	18	24
Descendentes	26	16	10	46	37	22	45	31	20
Outras	1	6	8	1	3	15	1	4	8
TOTAL	1460	1460	1466	322	321	317	218	219	215

	OCUPACIÓN														
	Ocupados			Estudantes			Amas de casa			Pensionistas			Parados		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
ESTUDOS															
Sen estudos/Primarios	61	61	64	59	55	52	91	91	86	91	87	90	65	73	74
Secundarios	22	22	19	24	31	36	8	6	11	5	8	7	23	16	12
Universitarios	17	17	17	16	15	12	2	3	3	4	5	3	13	11	14
TOTAL	882	880	885	222	160	170	351	435	415	443	397	424	103	129	105

No primeiro informe desta investigación, adoptamos tamén unha perspectiva conxunta destas asociacións, que nos permitiu identificar catro grandes áreas sociodemográficas: a dos mozos; a de transición entre mocidade e vida adulta (asociada principalmente ao grupo de 25 a 29 anos de idade); zona central de ocupación, asociada ás idades de 30 a 44 anos; a de transición á inactividade (45 a 59 anos); e a de inactividade (60 e máis anos).



Abofé que estas áreas están asociadas ademais a outras variables, o que se observa con clareza na perspectiva conxunta á que nos referiamos: a relación coa actividade, que vai desde a actividade de investimento formativo dos máis novos ao paso polo desemprego na etapa de transición á vida adulta, á ocupación máis xeneralizada en idades centrais, que decrece, sobre todo por razón do xénero, pero tamén polas xubilacións anticipadas, en fase anterior á inactividade, ata chegar á área de inactividade definitiva. Tamén os estudos decrecen desde os 25 a 29 anos ao longo do todo o percorrido anterior.

Unha vez establecidas estas asociacións principais, o menos custoso é reducir o mapa a unha soa variable, que é a que o estrutura moito mellor que calquera outra: a idade, cuxas categorías representan á vez, posicións distintas e biografías distintas, cuestión esta última expresada moi ben polo decrecente nivel de estudos dos grupos de idade a partir dos 35 anos. Entre os novos estudantes e os que están en transición cara á vida adulta e os primeiros anos de consolidación laboral (ata os 34 anos), probablemente, non hai diferenzas biográficas socioloxicamente relevantes, pero estas diferenzas son palpables a partir desa idade, con menor nivel de estudos, é dicir, con investimentos formativos (parte importante da biografía das persoas) claramente inferiores.


Nos dous gráficos seguintes, podemos comprobar que as tres grandes áreas identificadas na primeira medición reproducense tamén na segunda e na terceira e, como sucedía antes, é a relación coa actividade a variable que ocupa todo o percorrido horizontal, desde os estudantes aos inactivos (pensionistas e amas de casa)². Nas dúas últimas vagas, a idade «horizontalízase», á vez que as amas de casa diferéncianse verticalmente dos pensionistas. De todos os xeitos, posto que o eixe horizontal ten maior peso que o vertical (35% - 30% máis, nas medicións segunda e terceira), podemos considerar que a estrutura do mapa é invariante.

2 Na terminoloxía oficial, universalmente aceptada, activo significa ocupado ou parado e inactivo non-ocupado nin demandante de emprego, pois todo está organizado con relación ao mercado de traballo nun momento dado. Agora ben, se introducimos unha perspectiva temporal, xustamente a referencia ao mercado de traballo distingue, no espazo da inactividade, os estudantes, pois a partir dos 16 anos a educación ten valor específico profesional, de maneira que o que fai un estudante é investir para desenvolver unha actividade no mercado de traballo. Iso acerca máis os estudantes ao espazo da actividade que ao da inactividade.

E a variable que mellor representa a estabilidade do mapa e reflicte asemade as diferenzas de posición e as diferenzas biográficas, coñecendo como coñecemos a súa asociación con outras variables, fundamentalmente a formación e a actividade, é a idade, como podemos verificar no último gráfico deste capítulo, que contén as posicións dos grupos de idade nas tres medicións.



Aínda que as posicións concretas no plano dalgúns grupos de idade están distanciadas nas tres, o importante é que gardan a mesma orde e, en xeral, a razón de distancias entre elas. Así, aínda que o grupo dos máis novos ten as posicións máis distanciadas entre medicións segue aparecendo nun extremo da serie de idades e segue sendo o que garda maior distancia co grupo seguinte, o de 25 a 29 anos, como podemos verificar no seguinte gráfico.



3. AS PERCEPCIÓNS DOS GALEGOS

A percepción é o elemento central desta investigación e a ela dedicaremos practicamente toda a análise, en consecuencia. No anexo metodolóxico inclúese unha explicación polo miúdo dos elementos compoñentes da percepción e da súa representación na medición, pero antes debemos puntualizar algunhas cousas importantes respecto diso.


A percepción relaciona dous datos fundamentais: prodúcese nun certo grao e produce unha interpretación do suxeito, pois se a intensidade impulsar a acción, cómpre a interpretación para dirixila.

Medimos a percepción nunha escala de 0 a 10, onde 0 representa unha percepción pésima e 10 unha percepción óptima. Empiricamente, puidemos establecer que a percepción dun lugar para vivir comparte coa percepción dos servizos en xeral unha fronteira: a que establece unha zona que chamamos de seguridade no intervalo de 8 a 10 e unha zona que chamamos de risco no intervalo de 0 a 7.

Pode parecer sorprendente que incluíamos o valor 7 na zona de risco, pero sucede que, aínda que é un valor alto en relación co punto medio da escala, a distribución é asimétrica e, xustamente, atopa o seu valor máis frecuente en 8. Se non houbose outros datos contrastados en múltiples estudos sobre a percepción de cidadáns e clientes (posiblemente, a segunda condición tendería a superpoñerse á primeira). Daquela, sería suficiente observar a distribución e, após establecer unha posición que podemos chamar normal, xa que é a máis frecuente, neste caso o 8, para cualificar todo o que está por baixo como anormalmente baixo e todo o que está por riba como anormalmente alto. A decisión de incluír aquel valor no espazo de seguridade fúndase na forte e recoñecida tendencia adaptativa, que provoca que os cidadáns ou consumidores consideren aceptable o que é normal.

O gráfico mostra as distribucións das valoracións dos galegos, agás a percepción da Xunta, que responde a outro patrón por mor da inevitable segmentación ideolóxica de toda poboación á hora de valorar o goberno de quennda. Os datos son da última medición, pero son en todo semellantes aos das anteriores.

Distribución da valoración global (3ª vaga)



En consecuencia, tomaremos como referencia fundamental a fronteira sinalada e os dous espazos que delimita. En segundo termo, dentro de cada un dos dous espazos, distinguiremos dúas categorías:

No espazo do risco:

- Risco, sen máis, que comprende os valores 6 e 7, excepto para a xestión, onde se desprazan aos valores 5 e 6.
- Perigo, que abrangue os valores de 0 a 5, excepto para a xestión, onde se desprazan aos valores 0 a 4.

No espazo da seguridade:

- Seguridade, sen máis, que contén os valores 8 e 9, excepto para a xestión, onde se desprazan aos valores 7 a 9.
- Excelencia, que engloba o valor 10.

Presentamos xa esta categorización completa da valoración global para evitar repeticións na presentación das distribucións, pero imos centrar a análise sobre a fronteira principal, a da seguridade e o risco.


Cómpre sermos conscientes de que a percepción, na súa representación por unha valoración nunha escala ordinal (0 a 10, neste caso), a medida que se distancia da norma, cara a calquera dos extremos, produce un impacto de intensidade crecente, sexa negativo ou positivo.

Esta idea inspira a segmentación proposta da valoración global, de forma categorizada, pero no interior das categorías propostas existe variabilidade: non é o mesmo estar na zona de perigo cun 5 que cun 0.

Isto é importante, porque para un seguimento da percepción dun obxecto calquera, non abondará con observar se crecen ou decrecen as áreas de risco ou de perigo, ou de seguridade, senón que deberíamos poder construír índices de risco e de seguridade que usasen toda a información.

Para iso, deberíamos poder sumar unidades de risco e unidades de seguridade. No anexo metodolóxico do primeiro informe xa se explicou que esta operación esixe construír unha distancia, de tal xeito que cando observamos unha valoración, por exemplo, 3, saibamos que, na zona de risco, representa unha cantidade de risco determinada, maior que a de 4 e menor que a de 2.

Para non complicarmos a explicación, pois non se trata senón de que entendamos a idea, á marxe dos cálculos necesarios, razoemos do seguinte modo:



- Establecemos que hai risco por baixo dun valor dado, por exemplo, por baixo de 8.
- Supoñamos que a escala representase distancias, non só orde.
- Entón, a distancia de 7 a 8 sería unha unidade, a de 6 a 8 dúas unidades, etc.
- Por tanto, 7 representaría unha unidade de risco, 6 dúas unidades, e, así sucesivamente, ata 0, que representaría 8 unidades de risco.
- Daquela, para calcularmos o risco total que acumula calquera agregado poboacional, non teríamos máis que sumar as respostas da zona de risco, ponderadas polas unidades de risco que representa cada unha.
- O resultado sería unha masa total de risco, coa que se pode construír un índice que permita realizar o seu seguimento no tempo, ou que se pode distribuír entre o que chamaremos as súas fontes: os elementos que segundo a interpretación dos suxeitos sustentan a percepción global. Tamén o podemos distribuír entre segmentos dunha poboación e observar cales producen maior proporción de risco e se a devandita proporción é maior ou menor que o seu tamaño relativo.

Polo momento, quedémonos con que usaremos a masa total de risco (ou de seguridade) que obteñamos no cálculo en calquera agregado da mostra, para dar unha medida relativa do impacto negativo (ou positivo) das fontes de mala (ou boa) percepción.


Así, sempre falaremos de **impacto** e non de frecuencia, pois non nos importa tanto que unha fonte de mala ou boa percepción for citada por moitos ou poucos, senón o efecto resultante do produto da frecuencia pola intensidade, factores ambos do impacto global.

Para rematar, debemos advertir que, na terceira vaga se introduciu un cambio respecto das dúas anteriores, que afecta as fontes de risco e de seguridade, visible no cuestionario que presentamos como anexo, pero que convén ter en conta desde o principio: no canto de medir as fontes en aberto, precodificáronse, segundo os resultados obtidos nas dúas primeiras vagas, de maneira que se puidese establecer unha correspondencia entre a codificación realizada naquelas *ex post*. Precodificáronse e léronse como opcións de resposta, tal como aparece no cuestionario. En xeral, isto non supuxo xiros nas posicións das fontes, pero si puido influír nos valores de impacto destas.

1. A percepción de Galicia

O 63% dos entrevistados están na zona de seguridade (8 a 10) da escala de valoración na medición do 2007, 9 puntos por enriba das dúas medicións anteriores. Este é o dato principal e supón unha mellora apreciable na percepción de Galicia. Con todo, permanece estable a proporción dos que se sitúan na zona de perigo (0 a 5). Como veremos, o efecto na valoración media será notable, debido a que a ganancia en seguridade é maior na zona superior (valoración máxima, 10).

EVOLUCIÓN DA SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DE GALICIA COMO LUGAR PARA VIVIR



Evolución positiva, xa que logo, no 2007, respecto das dúas medicións do 2006. Como se produciu nos distintos grupos da poboación? Podemos comezar lembrando que nas vagas anteriores case non había diferenzas en función do xénero, diferenzas que agora si se producen, pois se homes e mulleres melloran a súa taxa de seguridade, fano en maior medida elas, distanciándose así 5 puntos por riba dos homes na taxa de seguridade.

SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DE GALICIA COMO LUGAR PARA VIVIR	SEXO					
	Home			Muller		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
% Perigo (por debaixo do límite; valoración entre 0 e 5)	14%	12%	13%	13%	14%	11%
% Risco (por debaixo do estándar; valoración = 6 ou 7)	33%	35%	26%	33%	31%	23%
% Seguridade (valoración = 8 ou 9)	40%	37%	40%	35%	32%	38%
% Excelencia (valoración = 10)	13%	15%	20%	19%	23%	27%

A idade, na primeira vaga, mantiña taxas máis altas de seguridade nos extremos (mozos de 16 a 24 anos e maiores, de 60 ou máis anos), polarización que case desapareceu na área dos mozos, cos que se perdeu seguridade, namentres se gañaba cos maiores. Nesta terceira medición, todas as idades comparten a tendencia positiva xeral, aínda que máis significativamente a partir dos 30 anos, polo que volve destacar soamente o grupo dos de maior idade, cunha taxa de seguridade do 68%, 4 puntos por enriba da do grupo de idade anterior (45 a 59 anos), quedando o resto ao redor do 60%.

O nivel de estudos rematados mantén no 2007 a tendencia que, en xeral, observamos nas medicións do 2006. Isto supón unha baixada da seguridade cando medra o nivel de estudos; malia que só no nivel máis baixo a taxa é igual á da segunda vaga, xa que mellora significativamente en todos os demais niveis.

A relación coa actividade distingue, en primeiro termo, ocupados e non-ocupados. Nas tres vagas mantense unha taxa de seguridade lixeiramente superior no grupo dos non-ocupados. Ambos melloran case por igual nesta vaga.

SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DE GALICIA COMO LUGAR PARA VIVIR	IDADE																	
	16-24			25-29			30-34			35-44			45-59			60 e máis		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
% Perigo (por debaixo do límite; valoración entre 0 e 5)	6%	5%	7%	11%	12%	9%	8%	11%	14%	13%	17%	15%	12%	15%	15%	15%	15%	15%
% Risco (por debaixo do estándar; valoración = 6 ou 7)	38%	42%	35%	38%	37%	31%	43%	36%	30%	34%	36%	26%	30%	34%	24%	29%	25%	17%
% Seguridade (valoración = 8 ou 9)	47%	39%	47%	38%	38%	48%	42%	43%	38%	37%	33%	36%	35%	30%	38%	34%	34%	37%
% Excelencia (valoración = 10)	10%	14%	11%	14%	14%	13%	8%	10%	19%	14%	16%	25%	18%	21%	26%	21%	27%	31%

SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DE GALICIA COMO LUGAR PARA VIVIR	ESTUDOS														
	Sen estudos/ Primarios						Primarios - EXB FP 1 - ESO			Bacharelato - BUP COU - FP 2			Universitarios		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
% Perigo (por debaixo do límite; valoración entre 0 e 5)	17%	15%	16%	13%	13%	12%	13%	11%	11%	11%	8%	10%	9%		
% Risco (por debaixo do estándar; valoración = 6 ou 7)	28%	17%	15%	35%	25%	29%	40%	34%	29%	41%	45%	34%			
% Seguridade (valoración = 8 ou 9)	32%	36%	36%	31%	38%	38%	38%	43%	43%	43%	37%	46%			
% Excelencia (valoración = 10)	22%	31%	33%	20%	25%	25%	9%	12%	17%	8%	8%	11%			

**SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DE GALICIA
COMO LUGAR PARA VIVIR**

RELACIÓN COA ACTIVIDADE

	Ocupados			Non-ocupados			Amas de Casa			Pensionistas			Parados			Estudantes		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
% Perigo (por debaixo do límite; valoración entre 0 e 5)	12%	11%	11%	15%	15%	13%	14%	14%	12%	15%	16%	16%	23%	23%	14%	7%	7%	4%
% Risco (por debaixo do estándar; valoración = 6 ou 7)	37%	37%	27%	30%	30%	23%	30%	25%	18%	27%	26%	20%	26%	40%	26%	38%	47%	39%
% Seguridade (valoración = 8 ou 9)	37%	37%	41%	37%	33%	38%	37%	31%	35%	35%	37%	35%	42%	24%	44%	43%	35%	49%
% Excelencia (valoración = 10)	13%	15%	21%	18%	22%	26%	19%	30%	34%	22%	22%	29%	9%	12%	29%	12%	11%	8%

Entre os non-ocupados, os inactivos tiñan unha percepción mellor que a dos parados, pero isto non sucede nesta vaga, pois os parados son os que máis melloran a súa percepción, colocándose cunha taxa de seguridade superior ao 70%. É o grupo máis pequeno e, xa que logo, pode estar suxeito a unha certa volatilidade (na segunda vaga caera de forma acusada), pero as diferenzas son estatisticamente significativas. Entre os inactivos, mantense a diferenza en contra dos estudantes, os que teñen menor taxa de seguridade entre eles, aínda cando a elevaron en maior medida. Todos os grupos, como vimos ata agora que é a tónica xeral, melloran a súa taxa de seguridade no 2007.

A provincia con mellor taxa de seguridade é na terceira vaga Pontevedra, que entre a primeira e a segunda pasou da mellor á peor posición. Lugo mantense, como en vagas anteriores, entre as taxas máis baixas por provincias, xunto con Ourense, como sucedía na primeira vaga. Ourense é a única provincia que non mellora a súa taxa de seguridade, que é idéntica á da segunda vaga, aínda que mellor que a da primeira.

**SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DE GALICIA
COMO LUGAR PARA VIVIR**

PROVINCIA

	A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
% Perigo (por debaixo do límite; valoración entre 0 e 5)	14%	13%	11%	15%	18%	15%	17%	10%	14%	10%	12%	12%
% Risco (por debaixo do estándar; valoración = 6 ou 7)	33%	32%	26%	33%	31%	23%	31%	30%	27%	35%	36%	23%
% Seguridade (valoración = 8 ou 9)	38%	35%	41%	36%	35%	38%	35%	37%	35%	39%	34%	40%
% Excelencia (valoración = 10)	15%	20%	23%	15%	17%	23%	18%	23%	24%	17%	17%	25%

**SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DE GALICIA
COMO LUGAR PARA VIVIR**


HÁBITAT

	Ata 5000			5001-10.000			10.001-50.000			Más de 50.000		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
% Perigo (por debaixo do límite; valoración entre 0 e 5)	17%	18%	14%	16%	15%	12%	12%	10%	10%	11%	12%	13%
% Risco (por debaixo do estándar; valoración = 6 ou 7)	33%	28%	21%	30%	32%	26%	32%	34%	24%	34%	35%	27%
% Seguridade (valoración = 8 ou 9)	32%	33%	38%	33%	35%	38%	40%	35%	41%	40%	35%	39%
% Excelencia (valoración = 10)	18%	21%	26%	22%	17%	25%	15%	20%	25%	15%	18%	21%

Todos os tamaños do hábitat melloran a súa percepción, pero de forma desigual. Na primeira vaga, o hábitat inferior era o que tiña unha taxa de seguridade máis baixa, inferior ao 50%, diferenza que desapareceu na segunda, onde todos os estratos se igualaron. No 2007, volve haber diferenzas, pois o hábitat inferior, así como o de 10.001 a 50.000 habitantes, melloraron en maior medida.

Outro xeito de coñecermos as valoracións dos entrevistados é por medio da puntuación media de cada grupo. A valoración media de Galicia como lugar para vivir é boa, de 7,8 puntos, mesmo con certa marxe de mellora, e, en todo caso, significativamente superior ás dúas anteriores, de acordo co observado a partir das distribucións da valoración.


EVOLUCIÓN DA VALORACIÓN GLOBAL DE GALICIA COMO LUGAR PARA VIVIR segundo o SEXO (xII.2006-dec.2006-xII.2007)



Valores que evolucionaron negativamente con respecto a medición anterior
Valores que evolucionaron positivamente con respecto a medición anterior


Como podemos constatar coas distribucións, a tendencia xeral positiva reproducese en practicamente todas as categorías das variables de análise, polo que non é atribuíble a ningún nesgo que teña que ver con estas.

EVOLUCIÓN DA VALORACIÓN GLOBAL DE GALICIA COMO LUGAR PARA VIVIR segundo a IDADE (xII.2006-dec.2006-xII.2007)




Valores que evolucionaron negativamente con respecto a medición anterior
Valores que evolucionaron positivamente con respecto a medición anterior

EVOLUCIÓN DA VALORACIÓN GLOBAL DE GALICIA COMO LUGAR PARA VIVIR segundo os ESTUDOS (xII.2006-dec.2006-xII.2007)



Valores que evolucionaron negativamente con respecto à medición anterior
Valores que evolucionaron positivamente con respecto à medición anterior


EVOLUCIÓN DA VALORACIÓN GLOBAL DE GALICIA COMO LUGAR PARA VIVIR segundo a RELACIÓN COA ACTIVIDADE (xII.2006-dec.2006-xII.2007)



Valores que evolucionaron negativamente con respecto à medición anterior
Valores que evolucionaron positivamente con respecto à medición anterior

EVOLUCIÓN DA VALORACIÓN GLOBAL DE GALICIA COMO LUGAR PARA VIVIR segundo o HÁBITAT

(xii.2006-dec.2006-xii.2007)




Valores que evolucionaron negativamente con respecto à medición anterior

Valores que evolucionaron positivamente con respecto à medición anterior

EVOLUCIÓN DA VALORACIÓN GLOBAL DE GALICIA COMO LUGAR PARA VIVIR segundo a PROVINCIA

(xii.2006-dec.2006-xii.2007)



Valores que evolucionaron negativamente con respecto à medición anterior

Valores que evolucionaron positivamente con respecto à medición anterior

Tan interesante como sabermos que puntuación outorgan os entrevistados a Galicia é coñecermos os elementos máis determinantes (fontes de risco e de seguridade) no momento de establecermos esa puntuación, isto é, que fai que os galegos puntúen cun grao ou outro a súa Comunidade.

En primeiro lugar, para identificarmos os elementos con maior capacidade para degradaren ou elevaren a percepción, calculamos o índice de importancia. Este índice calculouse para o acumulado das tres medicións, pois, debido a que, para cada fonte, o valor do índice se obtén con datos suxeitos ás limitacións da súa base estatística, convén acumular todo o que se poida, o cal, para un índice de importancia, é, ademais, lexítimo, baixo o suposto de que ten vixencia máis que conxuntural.


Hai unha serie de factores que teñen unha importancia moi notable, pola súa asociación a valores máis extremos. O primeiro é o dos servizos públicos, o que sitúa en primeiro plano, como xa anticipou a primeira medición, esta dimensión da xestión pública, respecto da cal os cidadáns se consideran cidadáns e, ademais, en certa medida, clientes. Sabido é que o concepto de cliente foi construído no mercado de bens e servizos, onde impera o paradigma do consumo.

A escasa distancia, achamos a seguridade cidadá e, coa mesma importancia, a xestión da Xunta, o que vén salienta o papel do Goberno galego en relación coa fonte máis importante, os servizos públicos, antes destacada.

A moi pouca distancia deste grupo, cunha importancia superior a 9, a maneira de ser e de vivir da xente e, algo máis lonxe, pero aínda por riba do valor 8, a calidade de vida, constitúen unha área da maior importancia para os galegos.

Por enriba do valor 7, existen dúas fontes, de carácter económico, de importancia considerable: o emprego e o desenvolvemento económico, seguidas, aínda por riba de 7, das infraestruturas e os transportes, elemento cun compoñente económico, a pesar de que non é o único.

Índice de importancia (capacidade para producir impacto-percepción de Galicia-)



Os políticos e os partidos teñen unha importancia superior a 6, pero secundaria respecto de todos os anteriores, e o resto están por riba de 3 e por baixo de 5, nun plano claramente inferior.

Vistos os índices de importancia, cales son os factores con maior impacto cando se valora Galicia? Comezaremos polas fontes de risco. O factor que xera máis risco na valoración dos entrevistados é a economía, dentro da cal destaca o impacto negativo do emprego. Agora ben, para o conxunto da mostra, o factor económico vén perdendo peso desde a segunda medición, en tanto que o seu compoñente interno máis destacado, o emprego, se mantén con diferenzas non significativas entre vagas. En calquera caso, os resultados permiten afirmar que cara ao verán do 2007 a preocupación polo emprego, sempre presente, se mantiña nun ton de normalidade en Galicia.

A considerable distancia da dimensión económica, situábase na primeira medición o conxunto dos servizos públicos, que, co tempo, viu reducirse o seu peso progresivamente, ata un terzo do impacto no punto de partida.

Con todo, os servizos públicos foron substituídos na última medición polo reproche xeral á xestión. Se agregamos ambas as fontes, terían un peso similar nas tres vagas, de entre o 16 e o 18%, sempre por baixo do peso do emprego, que é a fonte non-agregada de maior impacto.

Na terceira vaga debemos destacar o crecemento do impacto dalgunhas fontes secundarias, que poderían constituírse en ameazas de seguir a súa tendencia negativa: a seguridade, sobre todo polos incendios e desastres ecolóxicos, que xa se puxeron de manifesto con toda a súa forza, sobre todo como problemas que degradaban o contorno, na segunda vaga; os políticos e os partidos e a vivenda.

As tendencias das variacións temporais reproducense por xéneros de forma idéntica á do conxunto da mostra. Agora ben, o emprego ten maior impacto entre as mulleres e tamén a mala xestión.

FONTES DE RISCO DA PERCEPCIÓN DE GALICIA	TOTAL			SEXO					
				Home			Muller		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Economía	46%	38%	34%	45%	36%	30%	47%	40%	38%
Emprego	31%	28%	25%	29%	26%	20%	33%	31%	31%
Actividade-desenvolvemento económico	13%	10%	8%	14%	10%	10%	12%	10%	7%
Servizos públicos	12%	8%	4%	9%	7%	5%	15%	9%	3%
Infraestruturas-transportes	10%	9%	5%	12%	11%	5%	8%	7%	6%
Valores do contorno e da xente	9%	18%	5%	8%	18%	6%	11%	17%	5%
A maneira de vivir e de ser da xente			1%			2%			1%
Problemas medioambientais			4%			4%			4%
Contorno e clima			0%			0%			0%
Demografía-envellecemento			0%			0%			0%
Calidade vida	7%	8%	7%	7%	9%	9%	6%	8%	6%
Mala xestión	6%	7%	14%	7%	8%	11%	5%	5%	16%
Seguridade	3%	3%	9%	4%	3%	11%	2%	4%	7%
Incendios e desastres ecolóxicos	0%	2%	6%	0%	2%	6%	0%	3%	6%
Inseguridade cidadá			3%			5%			2%
Saúde pública			0%			0%			0%
Política	2%	3%	9%	4%	2%	9%	1%	4%	8%
Políticos-partidos políticos	2%	3%	8%	4%	2%	8%	1%	4%	8%
Vivenda	1%	2%	9%	1%	1%	9%	1%	2%	9%
Inmigración	1%	0%	3%	1%	0%	2%	0%	0%	3%
Todo mal			0%			0%			0%
Outros			0%			0%			1%

Polo xeral, tamén para a idade se reproducen as grandes pautas evolutivas observadas no total da mostra. No entanto, hai algunha excepción que podemos destacar: no terreo económico, o grupo de 25 a 29 anos, ou sexa, o máis característico da transición entre a mocidade e a idade adulta, é o que máis conserva o peso do conxunto dos problemas económicos na terceira vaga e, xunto cos grupos característicos da ocupación (de 30 a 59 anos), conserva tamén o peso do emprego.

FONTES DE RISCO DA PERCEPCIÓN DE GALICIA	IDADE																				
	TOTAL			16-24			25-29			30-34			35-44			45-59			60 e máis		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3			
Economía	46%	38%	34%	54%	34%	30%	54%	35%	42%	43%	35%	37%	47%	37%	34%	50%	44%	36%	38%	38%	29%
Emprego	31%	28%	25%	36%	28%	20%	39%	28%	29%	41%	29%	28%	37%	29%	27%	30%	30%	28%	21%	24%	22%
Actividade-desenvolvemento económico	13%	10%	8%	16%	5%	10%	12%	7%	13%	2%	6%	9%	9%	8%	7%	19%	14%	8%	15%	14%	7%
Servizos públicos	12%	8%	4%	6%	9%	4%	11%	8%	1%	12%	9%	1%	9%	6%	5%	6%	8%	4%	21%	9%	5%
Infraestruturas-transportes	10%	9%	5%	12%	5%	12%	7%	14%	3%	17%	10%	3%	10%	12%	8%	12%	10%	6%	7%	5%	2%
Valores do contorno e da xente	9%	18%	5%	16%	25%	3%	10%	22%	3%	11%	18%	8%	10%	17%	6%	6%	15%	8%	9%	15%	4%
A maneira de vivir e de ser da xente		1%				1%			1%			2%			1%				2%		2%
Problemas medioambientais		4%				3%			2%			6%			6%				5%		2%
Contorno e clima		0%				0%			0%			0%			0%				1%		0%
Demografía-envellecemento		0%				0%			0%			0%			0%				0%		0%
Calidade de vida	7%	8%	7%	7%	9%	5%	6%	8%	5%	4%	10%	10%	8%	8%	12%	6%	4%	5%	7%	12%	7%
Mala xestión	6%	7%	14%	5%	6%	14%	1%	3%	7%	5%	3%	17%	7%	7%	12%	6%	8%	14%	8%	9%	15%
Seguridade	3%	3%	9%	0%	2%	9%	0%	3%	8%	6%	3%	2%	3%	3%	5%	4%	3%	6%	4%	5%	17%
Incendios e desastres ecolóxicos	0%	2%	6%	0%	1%	9%	0%	3%	6%	0%	3%	0%	0%	0%	3%	0%	2%	3%	0%	4%	11%
Inseguridade cidadá		3%				0%			3%			2%			2%				4%		6%
Saúde pública		0%				0%			0%			0%			0%				0%		0%
Política	2%	3%	9%	0%	1%	8%	4%	0%	8%	0%	8%	8%	3%	4%	10%	1%	2%	8%	4%	4%	9%
Políticos-partidos políticos	2%	3%	8%	0%	1%	8%	4%	0%	8%	0%	8%	8%	3%	4%	8%	1%	2%	8%	4%	4%	8%
Vivenda	1%	2%	9%	0%	3%	9%	6%	5%	19%	1%	3%	13%	1%	0%	4%	2%	1%	6%	0%	0%	10%
Inmigración	1%	0%	3%	0%	0%	2%	0%	1%	2%	0%	0%	0%	0%	0%	2%	2%	0%	4%	0%	0%	4%
Todo mal			0%			0%			0%			0%			0%				0%		0%
Outros			0%			0%			0%			0%			0%				1%		1%

Os mozos son os que en todo momento teñen unha percepción negativa máis condicionada polo contorno, especialmente cando este se deteriora, como sucedeu no verán do 2006; pero son os maiores os que máis explicitamente manifestan esta percepción na última vaga, cun crecemento destacado do peso das catástrofes naturais e incendios; tamén é este grupo o máis sensible á inseguridade cidadá.

A vivenda ten un impacto desigual, sempre crecente, coma no conxunto da mostra, que sitúa o intervalo de 25 a 29 anos de idade como o máis danado por este problema, en termos relativos, seguido do seguinte grupo, o de 30 a 34 anos. Posto que o proceso de emancipación dos mozos, polo que pasan a ser socioloxicamente adultos, está especificamente vinculado a estas etapas biográficas, a ameaza que sinalabamos atendendo os datos globais quizais sexa xa algo máis que iso nestes grupos, aos que as dificultades coa vivenda puidesen estar freando en compoñentes fundamentais da súa biografía: emancipación, emparellamento, reprodución.

O comportamento das fontes de risco segundo a variable estudos non difire da regra xeral en canto ás variacións diacrónicas. Amais engade poucas cousas ao observado en función da idade, se termos en conta a asociación dos grupos de idade inferiores con niveis de estudos máis altos, que fan que as cuestións que tiñan máis impacto para os mozos ou para os do grupo de transición repercutan tamén nos que teñen estudos secundarios ou universitarios, cunha excepción, que é a da vivenda.

Se o problema da vivenda afectaba máis o intervalo de 25 a 34 anos, onde hai máis universitarios, resulta que afecta menos no conxunto dos universitarios que no dos estudos secundarios e lixeiramente menos que no dos estudos primarios ou inferiores. Isto indica que o problema da vivenda non ten un impacto homoxéneo sobre os mozos, senón que ten menor impacto sobre os que alcanzan o máximo nivel de estudos. Se isto obedece a que xustamente, o maior investimento formativo atrasa a súa emancipación e, xa que logo, o seu enfrontamento ao acceso á vivenda, ou se pola contra está asociado a un maior poder adquisitivo propio ou familiar son causas que a información dispoñible non nos permite privilexiar, pero que nos parecen do todo verosímiles e, ademais, compatibles.

FONTES DE RISCO DA PERCEPCIÓN DE GALICIA	TOTAL									ESTUDIOS											
	Vaga 1			Vaga 2			Vaga 3			Sen estudos / Primarios			Primarios - EXB FP 1 - ESO			Bacharelato BUP - COU - FP 2			Universitarios		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3			
Economía	46%	38%	34%	42%	46%	31%	46%	40%	39%	55%	32%	28%	43%	33%	36%						
Emprego	31%	28%	25%	29%	31%	24%	29%	31%	31%	41%	22%	18%	29%	22%	29%						
Actividade-desenvolvemento económico	13%	10%	8%	12%	15%	8%	15%	9%	8%	10%	9%	10%	12%	11%	8%						
Servizos públicos	12%	8%	4%	21%	9%	2%	13%	8%	6%	5%	8%	5%	6%	10%	3%						
Infraestruturas-transportes	10%	9%	5%	5%	2%	8%	10%	8%	3%	12%	10%	5%	18%	17%	6%						
Valores do contorno e da xente	9%	18%	5%	9%	14%	6%	9%	17%	9%	10%	19%	4%	11%	22%	4%						
A maneira de vivir e de ser da xente			1%			1%									2%						
Problemas medioambientais			4%			6%									3%						
Contorno e clima			0%			0%									1%						
Demografía-envellecemento			0%			0%									0%						
Calidade de vida	7%	8%	7%	6%	12%	6%	7%	9%	14%	4%	7%	10%	8%	5%	4%						
Mala xestión	6%	7%	14%	8%	6%	18%	5%	7%	5%	7%	9%	15%	4%	4%	14%						
Seguridade	3%	3%	9%	4%	9%	10%	4%	3%	10%	2%	5%	8%	2%	1%	9%						
Incendios e desastres ecolóxicos	0%	2%	6%	0%	8%	9%	0%	1%	5%	0%	4%	0%	0%	0%	6%						
Inseguridade cidadá			3%			2%			5%			4%			3%						
Saúde pública			0%			0%			0%			0%			0%						
Política	2%	3%	9%	1%	1%	9%	2%	3%	8%	4%	3%	8%	3%	3%	9%						
Políticos-partidos políticos	2%	3%	8%	1%	1%	8%	2%	3%	8%	4%	3%	8%	3%	3%	8%						
Vivenda	1%	2%	9%	0%	0%	10%	2%	1%	5%	0%	2%	12%	2%	3%	8%						
Inmigración	1%	0%	3%	1%	0%	4%	1%	0%	2%	1%	1%	3%	1%	0%	3%						
Todo mal			0%			2%			5%			4%			3%						
Outros			0%			0%			0%			0%			1%						

Ocupados e non-ocupados parécense moito na maioría das fontes, á vez que ambos os grupos seguen fielmente a tendencia xeral de variación no tempo. Hai unha diferenza, emporiso, significativa: os ocupados, case tan sensibles como os non-ocupados, na segunda vaga, á deterioración do contorno, non mostran case ningún rastro explicitamente asociado a incendios ou desastres ecolóxicos na terceira vaga, concentrándose todo o crecemento deste factor nos non-ocupados, concretamente, nos pensionistas e nos estudantes, o que xa sabiamos pola análise da idade.

Como é natural, os parados son os máis danados polo emprego, na súa percepción de Galicia, e mostran unha lixeira tendencia á alza no peso deste factor e no conxunto da dimensión económica, aínda que con cifras inferiores ás da primeira medición. Os estudantes destacan polo peso da actividade e o desenvolvemento económicos, aínda que son os que menos peso atribúen, xunto cos pensionistas, ao problema do emprego.

FONTE DE RISCO DA PERCEPCIÓN DE GALICIA	RELACIÓN COA ACTIVIDADE																				
	TOTAL			Ocupados			Non-ocupados			Amas de casa			Pensionistas			Parados			Estudantes		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Economía	46%	38%	34%	50%	38%	34%	43%	38%	33%	45%	43%	39%	38%	36%	24%	62%	43%	51%	47%	26%	32%
Emprego	31%	28%	25%	34%	28%	26%	29%	28%	24%	29%	30%	32%	26%	23%	17%	48%	36%	40%	30%	21%	17%
Actividade-desenvolvemento económico	13%	10%	8%	14%	10%	8%	13%	10%	9%	15%	13%	7%	11%	13%	7%	12%	7%	11%	15%	4%	16%
Servizos públicos	12%	8%	4%	8%	8%	4%	17%	9%	4%	19%	8%	3%	19%	11%	6%	15%	4%	4%	6%	12%	2%
Infraestruturas-transportes	10%	9%	5%	11%	11%	6%	10%	7%	5%	8%	6%	6%	9%	7%	2%	10%	7%	5%	12%	10%	8%
Valores do contorno e da xente	9%	18%	5%	10%	16%	6%	9%	19%	5%	7%	16%	7%	8%	15%	5%	3%	18%	0%	23%	32%	6%
A maneira de vivir e de ser da xente		1%				1%			2%			1%			2%						2%
Problemas medioambientais		4%				5%			3%			5%			2%						4%
Contorno e clima		0%				0%			0%			1%			0%						0%
Demografía-envellecemento		0%				0%			0%			0%			0%						0%
Calidade de vida	7%	8%	7%	7%	8%	8%	6%	9%	7%	6%	9%	7%	7%	11%	9%	3%	7%	4%	6%	7%	4%
Mala xestión	6%	7%	14%	6%	7%	13%	6%	6%	14%	6%	4%	13%	7%	9%	17%	5%	1%	7%	5%	8%	16%
Seguridade	3%	3%	9%	3%	3%	6%	4%	3%	12%	6%	4%	7%	4%	4%	18%	0%	5%	11%	0%	0%	8%
Incendios e desastres ecolóxicos	0%	2%	6%	0%	2%	2%	0%	2%	9%	0%	3%	6%	0%	0%	4%	0%	1%	6%	0%	0%	8%
Inseguridade cidadá		3%				4%			3%			2%			5%			5%			0%
Saúde pública		0%				0%			0%			0%			0%			0%			0%
Política	2%	3%	9%	2%	3%	8%	2%	3%	9%	0%	4%	8%	6%	2%	10%	0%	4%	8%	0%	1%	8%
Políticos-partidos políticos	2%	3%	8%	2%	3%	8%	2%	3%	8%	0%	4%	8%	6%	2%	8%	0%	4%	8%	0%	1%	8%
Vivenda	1%	2%	9%	2%	1%	10%	0%	2%	8%	1%	2%	9%	0%	0%	7%	0%	6%	11%	1%	2%	6%
Inmigración	1%	0%	3%	1%	0%	3%	1%	0%	3%	1%	0%	1%	1%	0%	4%	0%	1%	0%	0%	0%	3%
Todo mal			0%			0%			0%			0%			0%						0%
Outros			0%			0%			0%			1%			0%						0%

FONTES DE RISCO DA PERCEPCIÓN DE GALICIA	TOTAL			HÁBITAT											
				Ata 5000			5001-10.000			10.001-50.000			Máis de 50.000		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Economía	46%	38%	34%	51%	44%	28%	59%	40%	35%	44%	39%	42%	34%	39%	
Emprego	31%	28%	25%	30%	28%	23%	37%	29%	26%	34%	31%	29%	26%	31%	
Actividade-desenvolvemento económico	13%	10%	8%	19%	16%	6%	18%	11%	9%	9%	7%	9%	11%	8%	
Servizos públicos	12%	8%	4%	13%	8%	4%	5%	6%	4%	11%	11%	5%	7%	3%	
Infraestruturas-transportes	10%	9%	5%	8%	5%	2%	8%	7%	4%	7%	13%	6%	9%	14%	
Valores do contorno e da xente	9%	18%	5%	8%	13%	5%	12%	18%	5%	11%	18%	10%	9%	2%	
A maneira de vivir e de ser da xente			1%			2%			1%			2%		2%	
Problemas medioambientais			4%			4%			4%			7%		1%	
Contorno e clima			0%			0%			0%			0%		0%	
Demografía-envellecemento			0%			0%			0%			0%		0%	
Calidade de vida	7%	8%	7%	5%	12%	10%	11%	7%	8%	10%	5%	6%	4%	9%	3%
Mala xestión	6%	7%	14%	7%	6%	15%	1%	9%	12%	6%	5%	18%	6%	7%	13%
Seguridade	3%	3%	9%	3%	4%	15%	1%	4%	10%	5%	3%	7%	3%	2%	
Incendios e desastres ecolóxicos	0%	2%	6%	0%	2%	11%	0%	4%	6%	0%	3%	5%	0%	2%	
Inseguridade cidadá			3%			4%			4%			2%		0%	
Saúde pública			0%			0%			0%			0%		0%	
Política	2%	3%	9%	1%	3%	8%	1%	3%	8%	2%	1%	10%	4%	5%	8%
Políticos-partidos políticos	2%	3%	8%	1%	3%	8%	1%	3%	8%	2%	1%	8%	4%	5%	8%
Vivenda	1%	2%	9%	2%	2%	11%	0%	2%	9%	1%	1%	10%	1%	2%	6%
Immigración	1%	0%	3%	0%	0%	1%	0%	0%	4%	1%	0%	1%	1%	0%	2%
Todo mal			0%			0%			0%			0%		0%	0%
Outros			0%			0%			0%			0%		1%	

FONTES DE RISCO DA PERCEPCIÓN DE GALICIA	TOTAL									PROVINCIA								
	TOTAL			A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra					
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3			
Economía	46%	38%	34%	45%	36%	34%	53%	45%	33%	55%	44%	30%	41%	35%	35%			
Emprego	31%	28%	25%	32%	26%	25%	28%	27%	21%	37%	32%	23%	29%	29%	28%			
Actividade-desenvolvemento económico	13%	10%	8%	13%	10%	10%	21%	18%	12%	16%	12%	7%	10%	6%	6%			
Servizos públicos	12%	8%	4%	15%	6%	5%	10%	7%	3%	8%	7%	2%	11%	11%	4%			
Infraestruturas-transportes	10%	9%	5%	11%	13%	5%	8%	9%	7%	8%	5%	5%	12%	6%	5%			
Valores do contorno e da xente	9%	18%	5%	7%	18%	6%	9%	11%	6%	9%	19%	7%	12%	20%	4%			
A maneira de vivir e de ser da xente			1%			1%			1%			1%			2%			
Problemas medioambientais			4%			4%			5%			6%			2%			
Contorno e clima			0%			0%			0%			0%			0%			
Demografía-envellecemento			0%			0%			0%			0%			0%			
Calidade de vida	7%	8%	7%	6%	9%	9%	7%	9%	8%	8%	7%	5%	7%	8%	7%			
Mala xestión	6%	7%	14%	6%	7%	11%	5%	7%	16%	7%	8%	16%	6%	6%	15%			
Seguridade	3%	3%	9%	4%	2%	8%	1%	3%	12%	0%	4%	11%	6%	4%	8%			
Incendios e desastres ecolóxicos	0%	2%	6%	0%	1%	4%	0%	2%	9%	0%	2%	9%	0%	3%	5%			
Inseguridade cidadá			3%			4%			3%			2%			3%			
Saúde pública			0%			0%			0%			0%			0%			
Política	2%	3%	9%	3%	3%	8%	2%	4%	9%	2%	2%	8%	3%	2%	9%			
Políticos-partidos políticos	2%	3%	8%	3%	3%	8%	2%	4%	8%	2%	2%	8%	3%	2%	8%			
Vivenda	1%	2%	9%	1%	1%	10%	2%	1%	8%	1%	1%	9%	1%	3%	8%			
Immigración	1%	0%	3%	0%	0%	1%	1%	0%	1%	0%	0%	6%	1%	0%	4%			
Todo mal			0%			0%			0%			0%			0%			
Outros			0%			1%			0%			0%			0%			

Tomando en consideración o hábitat e a provincia, dentro do mantemento da tendencia evolutiva xeral, o hábitat urbano é o máis afectado polos problemas do emprego na última medición, así como polas infraestruturas e os transportes. As provincias compórtanse de xeito moi parecido nas tendencias e na última medición a distribución do risco entre as súas fontes é moi semellante en todas elas.

Unha vez repasados os factores de risco, as seguintes liñas céntranse na influencia dos factores que sustentan a boa valoración de Galicia como lugar para vivir.

Moito por riba do resto destaca o peso do contorno e da xente, que xera entre o 50 e o 82% do impacto positivo na percepción de Galicia como lugar para vivir. Dentro deste gran conglomerado, destacan o contorno natural (natureza e clima) e o contorno social (a maneira de ser e de vivir da xente), como os elementos concretos de maior impacto positivo. Na terceira vaga, o segundo deles inclúe todo o que ten que ver coas persoas, porque se precodificou dese xeito.

O certo é que o agregado de valores do contorno e da xente está sempre en primeiro lugar, pero na terceira vaga con menor peso que nas dúas anteriores. E este peso perdido desprazouse principalmente á calidade de vida, estereotipo máis xenérico que, sen dúbida, intersecciona cos anteriores. En resumo, se consideramos de forma agregada os valores do contorno e da xente, e a calidade de vida, obtemos nas tres vagas un peso de entre o 84 e o 90%.

Unha novidade na terceira vaga é que aparecen, aínda que cun impacto residual, a xestión da Xunta (4%) e a seguridade cidadá (6%).

FONTES DE SEGURIDADE DA PERCEPCIÓN DE GALICIA	TOTAL			SEXO					
				Home			Muller		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Valores do contorno e da xente	76%	82%	50%	75%	83%	49%	77%	81%	50%
A natureza e o clima	35%	39%	28%	33%	39%	28%	36%	37%	27%
A maneira de ser e de vivir da xente	24%	34%	22%	25%	35%	20%	24%	34%	23%
Vínculos persoais	17%	9%	0%	17%	8%	0%	17%	10%	0%
Economía	5%	4%	4%	5%	3%	5%	4%	4%	3%
Actividade-desenvolvemento económico			4%			5%			3%
Emprego			0%			0%			0%
Calidade de vida	8%	8%	34%	9%	9%	35%	8%	8%	33%
Servizos públicos	2%	1%	1%	2%	2%	2%	2%	1%	1%
Xestión da Xunta			4%			4%			5%
Seguridade cidadá			6%			5%			6%
Infraestruturas-transportes			1%			1%			2%
Vivenda			0%			0%			0%
Inmigración			0%			0%			0%
Todo ben	8%	4%	0%	7%	3%	0%	8%	6%	0%

Non hai diferenzas por xénero, nin nas distribucións nin nas variacións diacrónicas, respecto do observado para o conxunto da mostra.

Por idade, as grandes tendencias evolutivas mantéñense en todos os grupos, e, sincronicamente, tamén domina unha regularidade xeral nas diferenzas entre os grupos de idade, segundo a cal os mozos experimentan maior impacto do agregado dos valores do contorno e da xente. No resto das fontes non hai diferenzas significativas.

Tamén o nivel de estudos mantén a homoxeneidade no comportamento evolutivo e existen poucas diferenzas sincrónicas.

A relación coa actividade tampouco distingue ningunha categoría que rache as pautas de variación temporal.

As diferenzas entre ocupados e non-ocupados son irrelevantes, despois de que na primeira medición se apuntase un maior peso da natureza e o clima entre os non-ocupados, que posteriormente se esvaeu por completo.

Diferenzas puntuais entre os grupos de non-ocupados (maior peso da natureza e o clima entre os estudantes, na segunda vaga; maior peso da forma de ser e de vivir da xente entre os pensionistas na primeira vaga e entre os parados na segunda) non se consolidan, polo cal o que mellor resume a situación é que todos os grupos comparten a tendencia xeral, tanto sincrónica como diacronicamente. Sería difícil obter outro resultado, cando é tan abafador o dominio dun só grupo de fontes.

A provincia de Ourense, pola contra, sen que iso poida entenderse como un xiro, debido á antes mencionada intersección entre os valores do contorno e da xente, e a calidade de vida, si se distingue con clareza do resto das provincias na terceira medición. Esta despraza unha parte significativa do peso do conglomerado dos valores, concretamente do contorno natural (natureza e clima) cara á calidade de vida. Non é irrelevante, pois supón subestimar en certo sentido, o polo xeral dominante contorno natural en beneficio dun clixé, a calidade de vida, que alude, por riba, máis que á forma de vivir, á sociedade.

En suma, os servizos públicos son o máis importante para os galegos, seguidos da seguridade, da xestión do goberno rexional e dos valores do contorno e da xente, e da calidade de vida; só despois aparece a economía. No entanto, é a economía a que causa un maior impacto negativo, mentres que os valores do contorno e da xente, xunto coa calidade de vida, case esgotan as fontes de seguridade.

Albíscanse algunhas ameazas: a seguridade, a mala percepción dos políticos e dos partidos e a vivenda. A pesar disto, a xestión pública, a da Xunta, representa a mellor oportunidade, sobre todo na medida en que se centre nos servizos públicos, pois aínda cando ambas as cousas son moi importantes non están a ter gran impacto nin negativo nin, moito menos positivo.

FONTES DE SEGURIDADE DA PERCEPCIÓN DE GALICIA	TOTAL			IDADE																	
	TOTAL			16-24			25-29			30-34			35-44			45-59			60 e máis		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3			
Valores do contorno e da xente	76%	82%	50%	85%	85%	56%	78%	85%	57%	80%	77%	53%	82%	77%	45%	73%	86%	48%	70%	81%	48%
A natureza e o clima	35%	39%	28%	42%	47%	31%	34%	49%	38%	34%	27%	36%	42%	23%	36%	35%	27%	30%	37%	27%	
A maneira de ser e de vivir da xente	24%	34%	22%	27%	35%	3%	24%	26%	19%	22%	38%	26%	27%	24%	22%	24%	43%	21%	24%	34%	20%
Vínculos persoais	17%	9%	0%	15%	3%	0%	20%	9%	0%	20%	6%	0%	18%	11%	0%	14%	8%	0%	17%	10%	0%
Economía	5%	4%	4%	2%	3%	2%	3%	3%	5%	5%	7%	3%	3%	5%	4%	6%	3%	4%	7%	3%	5%
Actividade-desenvolvemento económico		4%			2%				5%		3%				4%				4%		4%
Emprego		0%			0%				0%		0%				0%				0%		0%
Calidade de vida	8%	8%	34%	4%	7%	29%	9%	8%	23%	6%	10%	30%	9%	13%	39%	9%	7%	36%	10%	8%	36%
Servizos públicos	2%	1%	1%	1%	0%	1%	1%	1%	3%	2%	2%	2%	1%	3%	2%	3%	1%	1%	4%	1%	1%
Xestión da Xunta			4%			5%			2%		5%				5%				4%		4%
Seguridade cidadá		6%			4%				8%		7%				4%				7%		5%
Infraestruturas-transportes		1%			2%				3%		0%				1%				1%		1%
Vivenda		0%			0%				0%		0%				0%				0%		0%
Inmigración		0%			0%				0%		0%				0%				0%		0%
Todo ben	8%	4%	0%	7%	4%	0%	10%	3%	0%	8%	3%	0%	4%	2%	0%	8%	2%	0%	9%	7%	0%

FONTES DE SEGURIDADE DA PERCEPCIÓN DE GALICIA	TOTAL												ESTUDOS											
	Sen estudos / Primarios						Primarios - EXB FP 1 - ESO						Bacharelato BUP - COU - FP 2						Universitarios					
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3						
Valores do contorno e da xente	76%	82%	50%	74%	78%	47%	75%	82%	50%	82%	85%	53%	78%	86%	47%	78%	86%	47%						
A natureza e o clima	35%	39%	28%	33%	38%	29%	35%	39%	28%	35%	43%	30%	35%	34%	24%	35%	34%	24%						
A maneira de ser e de vivir da xente	24%	34%	22%	22%	32%	18%	26%	34%	22%	24%	37%	23%	24%	36%	23%	24%	36%	23%						
Vínculos persoais	17%	9%	0%	18%	8%	0%	14%	9%	0%	22%	5%	0%	19%	16%	1%	19%	16%	1%						
Economía	5%	4%	4%	5%	4%	4%	5%	4%	4%	3%	2%	3%	4%	2%	5%	4%	2%	5%						
Actividade-desenvolvemento económico			4%			4%			4%			3%			4%			4%						
Emprego			0%			0%			0%			0%			1%			1%						
Calidade de vida	8%	8%	34%	8%	7%	37%	8%	9%	33%	8%	9%	32%	11%	10%	39%	11%	10%	39%						
Servizos públicos	2%	1%	1%	3%	1%	0%	2%	1%	2%	1%	1%	1%	2%	1%	1%	2%	1%	1%						
Xestión da Xunta			4%			5%			4%			4%			5%			5%						
Seguridade cidadá			6%			5%			6%			6%			4%			4%						
Infraestruturas-transportes			1%			2%			1%			0%			0%			0%						
Vivenda			0%			0%			0%			0%			0%			0%						
Inmigración			0%			0%			0%			0%			0%			0%						
Todo ben	8%	4%	0%	10%	11%	0%	8%	3%	0%	6%	3%	1%	4%	1%	0%	4%	1%	0%						

RELACIÓN COA ACTIVIDADE

FONTES DE SEGURIDADE DA PERCEPCIÓN DE GALICIA	TOTAL			RELACIÓN COA ACTIVIDADE																	
				Ocupados			Non-ocupados			Amas de casa			Pensionistas			Parados			Estudantes		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Valores do contorno e da xente	76%	82%	50%	72%	82%	50%	77%	82%	50%	75%	82%	51%	85%	80%	45%	69%	88%	55%	74%	89%	56%
A natureza e o clima	35%	39%	28%	27%	42%	29%	35%	37%	27%	37%	37%	26%	37%	34%	26%	31%	33%	33%	33%	47%	28%
A maneira de ser e de vivir da xente	24%	34%	22%	25%	31%	20%	27%	37%	23%	20%	36%	24%	36%	36%	19%	22%	45%	22%	25%	37%	27%
Vínculos persoais	17%	9%	0%	20%	9%	0%	16%	9%	0%	18%	9%	0%	10%	9%	0%	15%	9%	0%	15%	5%	0%
Economía	5%	4%	4%	9%	4%	4%	5%	3%	4%	4%	4%	3%	0%	0%	3%	7%	6%	0%	7%	2%	1%
Actividade-desenvolvemento económico				4%		4%			4%		3%			6%				0%			1%
Emprego				0%		0%			0%		0%			0%				0%			0%
Calidade de vida	8%	8%	34%	8%	10%	35%	8%	7%	33%	8%	7%	32%	10%	8%	37%	10%	6%	26%	8%	5%	28%
Servizos públicos	2%	1%	1%	5%	1%	1%	2%	1%	1%	2%	1%	1%	0%	1%	1%	4%	0%	3%	3%	1%	1%
Xestión da Xunta				4%		3%			5%		5%				5%			2%			7%
Seguridade cidadá				6%		5%			6%		7%			4%				12%			5%
Infraestruturas-transportes				1%		1%			1%		1%			0%				2%			2%
Vivenda				0%		0%			0%		0%			0%				0%			0%
Inmigración				0%		0%			0%		0%			0%				0%			0%
A clara preferencia pola Coruña sitúaa como referencia urbana privilexiada en Galicia; se Santiago é a capital política e ademais unha referencia cultural de alcance suprarrexional, os galegos miran cara á capital da mesma provincia, como o mellor expoñente do desenvolvemento rexional (é significativo que a segunda sexa Vigo, a cidade galega máis industrial) e das oportunidades de emprego que están ausentes na percepción de Galicia. As preferencias que destacamos mantéñense en todos os grupos da poboación, agás na provincia de Pontevedra, onde Vigo supera, cun 22% de preferencia, á Coruña, cun 17%. Finalmente, o hábitat máis urbano é o que alcanza cifras máis altas de preferencia nas cidades, sen alterar a orde xeral.

O seguinte gráfico representa a fenda entre a valoración do municipio, considerado mellor para vivir e a do municipio en que efectivamente viven os entrevistados.


A valoración media do municipio en que viven é de 7 puntos, mentres que a do municipio preferido para vivir é de 8,3 puntos, cunha diferenza media de 1,3 puntos, que debuxa un horizonte de desexable mellora dos galegos respecto do seu municipio de residencia.

VALORACIÓN MEDIA DO MUNICIPIO MELLOR PARA VIVIR EN GALICIA E DO MUNICIPIO DE RESIDENCIA



Considerado en termos de distribución da taxa de seguridade, a do municipio preferido está practicamente no 80%, namentres que a do municipio de residencia non chega ao 50%, cun *gap* entre ambas de 35 puntos na primeira medición, cifra que decreceu ata os 32 puntos da última, e que supón unha pequena redución de 3 puntos, en termos relativos un 10% da distancia.

TAXA DE SEGURIDADE DO MUNICIPIO MELLOR PARA VIVIR EN GALICIA E DO MUNICIPIO DE RESIDENCIA



2. Os factores de percepción do municipio de residencia

Nesta epígrafe analízanse os factores que determinan a valoración dos municipios como lugar para vivir desde unha perspectiva multivariable. Xa dixemos que hai algunhas relacións significativas entre variables, por exemplo, a idade ou o nivel de estudos, e a valoración do municipio como lugar para vivir.

Na anterior análise multivariable tamén se explicou o seu funcionamento e interpretación. Algunhas das variables que inflúen na percepción do municipio poden estar relacionadas entre si. Isto é, probablemente a valoración máis alta dos maiores do seu municipio non se explique tanto pola idade como polo seu baixo nivel de estudos. Por iso é posible que a relación entre a idade (variable independente) e a valoración do municipio (variable dependente) estea ocultando en parte unha relación entre o nivel de estudos e a percepción do municipio de residencia.

A análise multivariable permite desentrañar que variables son realmente significativas tendo en conta as outras. A variable dependente da análise, a que imos estudar, será a posición de seguridade ou de risco con respecto á valoración do municipio como lugar para vivir. Xa que se trata dunha variable dicotómica, a técnica empregada é a da regresión loxística.

As variables independentes, as que a *priori* inflúen na percepción do municipio son as seguintes:

- Variables sociodemográficas e de identidade
 - Estudos rematados
 - Xénero
 - Idade
 - Identidade (galega-española)

- Variables de caracterización do municipio
 - Hábitat e distancia coa capital de provincia
 - Distancia á capital
 - Superficie
 - Renda familiar dispoñible
 - Cota de mercado
 - Índice de actividade industrial
 - Índice de actividade comercial
 - Índice de actividade turística
 - Localización como municipio costeiro ou de interior
- Variables de percepción
 - Xestión da Xunta
 - Servizos públicos
 - Servizos privados

Aínda que se realizaron múltiples regresións, a táboa seguinte recolle os resultados das variables máis significativas. O modelo que se presenta é, por tanto, o máis parsimonioso.

VARIABLES	VAGA 1		VAGA 2		VAGA 3	
	Frequency	B	Frequency	B	Frequency	B
Tamaño do hábitat e distancia á capital de provincia						
Capital	393	-0,62	343	0,05	385	-0,63
Menos de 10 km - De 10.000 a 50.000	24	0,28	22	0,77	39	1,29
Menos de 10 km - Menos de 10.000	25	1,10	27	0,63	42	0,12
Entre 11 e 45 km - Máis de 50.000	77	-2,00	76	-0,97	199	-1,08
Entre 11 e 45 km - De 10.000 a 50.000	213	1,05	212	0,08	261	0,31
Entre 11 e 45 km - Menos de 10.000	322	0,90	275	0,12	227	0,58
Máis de 46 km - Máis de 50.000	44	-2,00	41	-0,73	50	-1,86
Máis de 46 Km - De 10.000 a 50.000	234	0,53	220	0,05	271	0,71
Máis de 46 km - Menos de 10.000	252	0,77	379	-0,01	355	0,54
Percepción dos servizos privados						
Risco	547	-0,27	560	-0,13	506	-0,20
Seguridade	1037	0,27	1035	0,13	1323	0,20
Percepción dos servizos públicos						
Risco	667	-0,06	726	-0,18	765	-0,18
Seguridade	832	0,06	869	0,18	1064	0,18
Percepción da xestión da Xunta						
Risco	1044	-0,43	1160	-0,35	1155	-0,36
Seguridade	540	0,43	435	0,35	674	0,36
Índice de actividade turística						
Baixo	1059	-1,35	1117	-0,17	1175	-1,00
Medio	337	0,38	342	-0,09	259	0,29
Alto	188	0,98	136	0,26	395	0,71
Costa-Interior						
Non-costeiro	1046	-0,22	1017	-0,13	859	-0,09
Costeiro	538	0,22	578	0,13	970	0,09


Das variables introducidas, foron significativas cun nivel de confianza maior ou igual ao 95%, as relacionadas co hábitat, coa percepción dos servizos privados, dos servizos públicos e da xestión da Xunta. Se o municipio é máis ou menos turístico, ou se é costeiro ou interior tamén tiña importancia, porén hai variacións nas variables que son significativas nas distintas vagas. A pesar de que algunhas variables non resultaron significativas con ese nivel de confianza nalgunha vaga, incluíronse nas demais. Amais, no momento de interpretar os datos, hai que ter en conta se os coeficientes son importantes abondo como para tomalos en consideración³.

En relación co tamaño do hábitat e coa distancia á capital de provincia, destaca en primeiro lugar que a distancia curta á capital coincide coa distancia máis longa en producir taxas de seguridade máis altas, por riba das que produce a capital mesma e das que producen as distancias intermedias en lugares de máis de 50.000 habitantes. Os lugares de menor tamaño, nestas distancias intermedias tamén producen máis seguridade na percepción do municipio.

Do mesmo xeito, os habitantes dos municipios costeiros e máis ben turísticos, características que están correlacionadas, teñen unha maior probabilidade de valorar o seu municipio con 8 puntos ou máis.

Por outra banda, igual que sucedía coa valoración de Galicia, a percepción dos servizos públicos, dos privados e da xestión da Xunta inflúe cando se cualifica o municipio como lugar para vivir. De entre todas as percepcións, a máis influente é a xestión da Xunta.

Isto ten un grande interese para nós, posto que queremos, xustamente, ver que efectos pode e debe producir a xestión da Xunta en beneficio da vida dos residentes en Galicia. Por iso, no seguinte gráfico presentamos a relación de vantaxes que procuran as posicións de seguridade na xestión da Xunta, nos servizos públicos e nos privados, en termos da seguridade na percepción do municipio.



3 A significatividade está directamente relacionada co tamaño da mostra. De aí que algunhas variables cun baixo coeficiente resultaran significativas, mentres que outras cun coeficiente relativamente alto non.

A probabilidade de que alguén valore moi positivamente o seu municipio é un 43% maior se tamén valorou moi positivamente a xestión da Xunta, en comparación cos que non o fixeron. Esta taxa foi superior na primeira vaga, igual que a correspondente aos servizos privados. Pola contra, os servizos públicos case non produciron ningún efecto e haberá que esperar ás vagas 2 e 3 para que gañen un maior peso.

Para rematar, imos ver os efectos das valoracións da xestión da Xunta e dos servizos públicos e privados sobre a valoración global do municipio como lugar para vivir. Empregaremos as curvas de elasticidade, obtidas simulando variacións nas características que contribúen a incrementar a seguridade, e observando o efecto esperado sobre a proporción da mostra en posicións de seguridade (os que valoran o municipio con 8 ou máis puntos). Esta simulación permítenos saber canto tería que medrar un grupo da poboación para obter unha mellora determinada na percepción, se permaneceren invariables todas as demais condicións.

A simulación realizouse coa percepción da Xunta e coa dos servizos públicos e privados, variables significativas (salvo os servizos públicos na primeira medición, que, en consecuencia, non producen ningún efecto) e que ademais se poden modificar ao longo do tempo (os cidadáns poden cambiar a súa valoración). Sábese que canto mellor sexa a percepción que se teña deses tres factores, mellor é a percepción do municipio como lugar para vivir. Resumimos nunha táboa o impacto sobre a valoración do municipio por cada 10 puntos de incremento da seguridade en cada unha das tres variables independentes:

Ganancia en seguridade no municipio de residencia por cada 10 puntos de ganancia nas percepcións parciais	1ª VAGA	2ª VAGA	3ª VAGA
Seguridade percepción Xunta	2,2	1,9	1,8
Seguridade percepción ss públicos	-	1,0	0,9
Seguridade percepción ss privados	1,4	0,7	1,0


Como vemos, as posicións de seguridade na percepción da Xunta teñen un efecto de aproximadamente 2 puntos de ganancia na seguridade do municipio de residencia, por cada 10 de incremento da seguridade da Xunta.

Esta cifra redúcese á metade para cada un dos outros dous factores: a seguridade nos servizos públicos e a seguridade nos servizos privados.


Os servizos públicos non tiñan ningún efecto na primeira vaga (recordemos que o coeficiente da regresión loxística non era significativamente distinto de cero), pero nas dúas últimas vagas estabilizouse en valores significativos e co impacto sinalado máis arriba.

Os servizos privados flutúan nas dúas primeiras vagas: o efecto da primeira redúcese á metade na segunda, para logo situarse na posición intermedia de 1 punto de cada 10 na terceira, practicamente no mesmo nivel que os servizos públicos.


Elasticidade da seguridade na percepción do municipio, segundo as percepción dos factores (1ª vaga)



Elasticidade da seguridade na percepción do municipio, segundo as percepción dos factores (2ª vaga)



Elasticidade da seguridade na percepción do municipio, segundo as percepcións dos factores (3ª vaga)



3. As fontes de risco e de seguridade do municipio de residencia

Con respecto ao municipio de residencia, hai tres fontes de risco-seguridade que están no nivel máis alto: os políticos e partidos, a calidade de vida e a maneira de ser e de vivir da xente.


Amais, os servizos públicos e a xestión do Concello presentan valores só moi lixeiramente inferiores aos anteriores, sempre por riba de 9,6 sobre 10.

En relación co observado en medicións anteriores, emerxe cando se engade a aquelas a terceira a novidade, os políticos e os partidos, que non accedera ao primeiro plano por falta de base estatística.

Nun segundo gran grupo localízanse diversas fontes, as dúas primeiras, de natureza especificamente municipal, a limpeza e a rede de sumidoiros e o urbanismo. Neste mesmo grupo atopamos a actividade e o desenvolvemento económico, a seguridade e os transportes e comunicacións. Todas estas fontes teñen valores superiores a 8 e inferiores a 9.

Seguidamente, un pouco por enriba de 7, sitúanse os espazos para o lecer no municipio, e entre 6 e 7 os parques e xardíns. O resto das fontes quedan por baixo de 5.

Índice de importancia (capacidade para producir impacto-percepción do municipio de residencia)



Á marxe, da capacidade de impacto das puntuacións, cales son os motivos que achegan os entrevistados para non valorar con máis de 7 puntos os municipios onde residen e que impacto producen eses motivos?

En primeiro lugar, se comparamos as fontes de risco da última medición para Galicia e para o municipio de residencia, podemos ter á vez unha idea do peso das fontes no municipio e das diferenzas con Galicia.

Podemos soste que, como sucedía na comparación con España, as diferenzas son de grao, pois a orde das fontes con maior impacto é a mesma: o factor económico, encabezado polo emprego, presenta o maior impacto, aínda que no municipio o seu peso é menor que en Galicia.

FONTES DE RISCO DA PERCEPCIÓN DO MUNICIPIO DE RESIDENCIA E DE GALICIA	VAGA 3	
	Municipio	Galicia
Economía	24%	34%
Emprego	18%	25%
Actividade-desenvolvemento económico	6%	8%
Servizos públicos	6%	4%
Infraestruturas-transportes	9%	5%
Valores do contorno e da xente	2%	5%
Calidade de vida	4%	7%
Mala xestión Concello/Xunta	17%	14%
Seguridade	3%	9%
Política	11%	9%
Vivenda	5%	9%
Inmigración	0%	3%

No segundo lugar, aparece a mala xestión, do Concello ou da Xunta, coa diferenza de que en Galicia alcanza menos da metade de peso que a economía e no municipio chega ata unha proporción de dous terzos. No terceiro lugar está a política, ou sexa, os políticos e os partidos. A xestión por unha banda, e tamén os que encarnan a xestión ou o control político debuxan un espazo, o do poder político, que está na orixe dunha parte moi significativa do risco, especialmente no municipio.

FONTES DE RISCO DA PERCEPCIÓN DO MUNICIPIO DE RESIDENCIA	TOTAL			SEXO					
				Home			Muller		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Economía	28%	27%	24%	26%	29%	21%	30%	26%	27%
Emprego	19%	14%	18%	16%	14%	15%	22%	14%	21%
Actividade-desenvolvemento económico	4%	6%	6%	4%	7%	6%	4%	5%	5%
Servizos públicos	13%	8%	6%	11%	8%	6%	16%	9%	6%
Infraestruturas-transportes	11%	16%	9%	12%	14%	9%	9%	18%	10%
Valores do contorno e da xente	11%	13%	2%	10%	12%	2%	13%	13%	2%
Mala xestión	9%	7%	17%	8%	9%	17%	9%	6%	18%
Os políticos e os partidos	7%	10%	11%	10%	12%	15%	3%	8%	6%
Mantemento urbano-medio ambiente	6%	7%	9%	8%	6%	8%	5%	8%	9%
Problemas medioambientais			3%			2%			3%
Limpeza e rede de sumidoiros			4%			4%			4%
Parques e xardíns			2%			1%			2%
Urbanismo-obras	5%	3%	5%	6%	2%	5%	4%	3%	4%
Calidade de vida	4%	2%	4%	5%	3%	6%	3%	2%	3%
Vivenda	2%	1%	5%	2%	1%	4%	3%	1%	6%
Lecer	1%	2%	3%	1%	1%	3%	1%	3%	3%
Seguridade		2%	3%		2%	2%		2%	3%

Se comparamos os tres momentos da medición, o peso do emprego mostrouse flutuante. Baixou na segunda vaga para elevarse de novo na terceira, movemento inverso ao das infraestruturas e os transportes, que se colocaron en segunda posición na segunda vaga e tornaron a un nivel inferior na última.

Os servizos públicos amosaron unha tendencia de impacto decrecente, especialmente significativa na segunda vaga, inversa da tendencia crecente da mala xestión do Concello, cun incremento importante na terceira vaga, e dos políticos e os partidos, cuxo punto de crecemento significativo está localizado na segunda vaga.

Para rematar, as obras, a calidade de vida, a vivenda e o lecer medran dun xeito notable na terceira vaga, para un nivel de confianza do 95,5%, polo que se perfilan como ameazas. Lembremos que algo semellante xa ocorrera coa vivenda en Galicia e en España.

O reproche aos políticos e partidos presenta un maior peso entre os homes, que tamén reproducen máis fielmente as ameazas relativas ás obras, calidade de vida, vivenda e lecer e que na última vaga, en cambio, sofren menor impacto do emprego, en comparación coas mulleres. Estas comparten cos homes, acentuándoa, a ameaza da vivenda.

Practicamente en todos os grupos de idade crece significativamente o peso da mala xestión municipal, que alcanza os seus valores máximos entre os 30 e os 44 anos. Polo demais, a idade mostra a lóxica preocupación que vén suscitando o emprego no grupo de transición cara á vida adulta, o de 25 a 29 anos, a pesar da perda de peso da última vaga.

O nivel de estudos discrimina principalmente en relación coa mala xestión, cuxo peso crece co nivel de estudos. Con todo, os estudantes son os que teñen menor impacto desta fonte, que alcanza os seus valores máis altos na última medición entre as amas de casa e os parados. En xeral, os ocupados e os non-ocupados distínguense moi pouco en canto ao seu perfil de fontes de risco.

O hábitat e a provincia indican que entre 5001 e 10.000 habitantes, e tamén por riba de 50.000 cobra máis peso o emprego. En todos os tamaños aumenta o impacto da mala xestión municipal, sobre todo entre 10.001 e 50.000 habitantes. O problema da vivenda crece máis nos municipios máis grandes, aínda que as diferenzas entre estratos son moderadas. En Pontevedra é onde máis medra o peso da mala xestión, que, xunto coa Coruña, presenta as cifras máis altas na actualidade. Esta última provincia presenta tamén a cota máis alta de impacto da vivenda, mentres que Pontevedra é a menos afectada pola economía.

FONTES DE RISCO DA PERCEPCIÓN DO MUNICIPIO DE RESIDENCIA	IDADE																				
	TOTAL			16-24			25-29			30-34			35-44			45-59			60 e máis		
	Vaga 1 2 3	Vaga 1 2 3	Vaga 1 2 3	Vaga 1 2 3	Vaga 1 2 3	Vaga 1 2 3	Vaga 1 2 3	Vaga 1 2 3	Vaga 1 2 3	Vaga 1 2 3	Vaga 1 2 3	Vaga 1 2 3	Vaga 1 2 3	Vaga 1 2 3	Vaga 1 2 3	Vaga 1 2 3	Vaga 1 2 3	Vaga 1 2 3			
Economía	28%	27%	24%	28%	17%	20%	36%	43%	29%	26%	29%	27%	28%	22%	25%	25%	28%	22%	28%	28%	24%
Emprego	19%	14%	18%	18%	9%	13%	27%	29%	23%	19%	16%	20%	19%	12%	19%	15%	13%	18%	20%	14%	17%
Actividade-desenvolvemento económico	4%	6%	6%	5%	4%	7%	4%	4%	6%	2%	5%	7%	5%	5%	6%	5%	9%	4%	2%	6%	6%
Servizos públicos	13%	8%	6%	14%	6%	8%	8%	5%	8%	13%	13%	5%	16%	13%	6%	14%	6%	6%	11%	7%	5%
Infraestruturas-transportes	11%	16%	9%	9%	22%	13%	19%	11%	8%	17%	12%	6%	11%	20%	10%	10%	16%	10%	5%	13%	9%
Valores do contorno e da xente	11%	13%	2%	18%	14%	3%	3%	12%	3%	9%	11%	4%	10%	13%	1%	13%	11%	1%	12%	14%	1%
Mala xestión	9%	7%	17%	4%	11%	12%	6%	3%	15%	7%	6%	23%	9%	6%	22%	10%	9%	19%	12%	8%	14%
Os políticos e os partidos	7%	10%	11%	3%	9%	10%	3%	7%	9%	7%	11%	8%	7%	8%	8%	5%	11%	15%	11%	12%	11%
Mantemento urbano-medio ambiente	6%	7%	9%	3%	7%	6%	2%	6%	9%	3%	3%	5%	9%	9%	9%	9%	10%	10%	6%	4%	10%
Problemas medioambientais			3%		0%				2%			2%			4%			4%			2%
Limpeza e rede de surtidoiros			4%		6%			3%				2%			4%			5%			5%
Parques e xardíns			2%		0%				5%			1%			1%			1%			3%
Urbanismo-obras	5%	3%	5%	8%	3%	7%	9%	2%	6%	8%	1%	3%	2%	4%	5%	6%	2%	3%	3%	2%	5%
Calidade de vida	4%	2%	4%	3%	2%	3%	7%	2%	1%	5%	3%	3%	4%	1%	4%	3%	1%	7%	5%	4%	5%
Vivenda	2%	1%	5%	4%	1%	2%	5%	1%	6%	0%	4%	11%	2%	1%	3%	1%	1%	4%	3%	1%	4%
Lecer	1%	2%	3%	3%	5%	11%	2%	4%	4%	0%	2%	1%	1%	1%	2%	1%	1%	1%	1%	0%	3%
Seguridade		2%	3%		2%	1%		0%	1%		1%	2%		1%	1%		2%			5%	7%

FONTES DE RISCO DA PERCEPCIÓN DO MUNICIPIO DE RESIDENCIA	TOTAL									ESTUDOS								
	Sen estudos / Primarios			Primarios - EXB FP 1 - ESO			Bacharelato BUP - COU - FP 2			Universitarios								
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3						
Economía	28%	27%	24%	34%	30%	21%	24%	27%	25%	31%	26%	23%	32%	24%				
Emprego	19%	14%	18%	24%	16%	18%	17%	14%	18%	18%	16%	19%	20%	17%				
Actividade-desenvolvemento económico	4%	6%	6%	4%	7%	2%	3%	6%	7%	6%	5%	5%	8%	7%				
Servizos públicos	13%	8%	6%	10%	6%	4%	15%	7%	6%	9%	10%	9%	14%	7%				
Infraestruturas-transportes	11%	16%	9%	5%	17%	12%	11%	17%	10%	15%	14%	8%	11%	7%				
Valores do contorno e da xente	11%	13%	2%	14%	13%	1%	11%	13%	1%	11%	13%	2%	7%	5%				
Mala xestión	9%	7%	17%	10%	6%	16%	9%	8%	17%	8%	7%	18%	8%	22%				
Os políticos e os partidos	7%	10%	11%	7%	15%	8%	7%	9%	12%	6%	10%	9%	5%	9%				
Mantemento urbano-medio ambiente	6%	7%	9%	8%	2%	10%	6%	8%	9%	5%	6%	9%	8%	7%				
Problemas medioambientais			3%			2%			2%			4%		3%				
Limpeza e rede de sumidoiros			4%			5%			5%			4%		3%				
Parques e xardíns			2%			3%			2%			1%		1%				
Urbanismo-obras	5%	3%	5%	2%	1%	3%	6%	2%	4%	5%	4%	7%	5%	4%				
Calidade de vida	4%	2%	4%	5%	4%	7%	5%	2%	5%	2%	3%	4%	3%	1%				
Vivenda	2%	1%	5%	1%	0%	5%	2%	1%	5%	2%	2%	3%	3%	1%				
Lecer	1%	2%	3%	0%	1%	5%	1%	2%	3%	2%	3%	2%	2%	4%				
Seguridade		2%	3%		4%	6%		3%	3%	1%	1%	1%	1%	2%				

FONTES DE RISCO DA PERCEPCIÓN DO MUNICIPIO DE RESIDENCIA	RELACIÓN COA ACTIVIDADE																				
	TOTAL			Ocupados			Non-ocupados			Amas de casa			Pensionistas			Parados			Estudantes		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Economía	28%	27%	24%	28%	23%	24%	28%	31%	24%	31%	29%	26%	28%	30%	22%	42%	48%	29%	28%	19%	21%
Emprego	19%	14%	18%	18%	11%	18%	20%	18%	18%	23%	17%	21%	18%	15%	16%	34%	34%	26%	19%	9%	12%
Actividade-desenvolvemento económico	4%	6%	6%	5%	5%	5%	3%	6%	6%	3%	6%	6%	2%	6%	6%	3%	7%	3%	4%	8%	9%
Servizos públicos	13%	8%	6%	12%	10%	6%	15%	7%	6%	17%	7%	5%	12%	7%	6%	8%	6%	6%	16%	9%	7%
Infraestruturas-transportes	11%	16%	9%	12%	16%	10%	9%	16%	9%	9%	17%	9%	7%	16%	7%	10%	6%	10%	9%	23%	14%
Valores do contorno e da xente	11%	13%	2%	10%	14%	2%	13%	11%	1%	6%	12%	1%	17%	12%	1%	10%	11%	1%	13%	9%	4%
Mala xestión	9%	7%	17%	10%	7%	18%	8%	8%	17%	10%	8%	19%	7%	7%	15%	3%	7%	19%	4%	10%	13%
Os políticos e os partidos	7%	10%	11%	7%	11%	10%	7%	9%	11%	5%	9%	7%	11%	11%	14%	4%	8%	9%	4%	3%	14%
Mantemento urbano-medio ambiente	6%	7%	9%	7%	7%	9%	6%	6%	9%	8%	7%	10%	4%	5%	10%	8%	6%	7%	6%	9%	5%
Problemas medioambientais			3%			3%		2%			3%				3%			2%			0%
Limpeza e rede de surtidoiros			4%			4%		5%			4%				5%			5%			4%
Parques e xardíns			2%			2%		2%			3%				2%			0%			1%
Urbanismo-obras	5%	3%	5%	5%	2%	6%	5%	3%	4%	4%	2%	4%	3%	3%	4%	5%	1%	3%	9%	5%	6%
Calidade de vida	4%	2%	4%	4%	2%	4%	4%	3%	5%	5%	3%	5%	4%	3%	5%	2%	2%	8%	3%	3%	0%
Vivenda	2%	1%	5%	2%	2%	6%	2%	1%	3%	1%	0%	5%	3%	1%	2%	0%	1%	2%	4%	1%	1%
Lecer	1%	2%	3%	1%	1%	2%	2%	2%	4%	2%	1%	3%	0%	1%	2%	2%	2%	4%	3%	7%	10%
Seguridade		2%	3%			2%		2%	4%		3%	4%			2%		0%			0%	2%

FONTES DE RISCO DA PERCEPCIÓN DO MUNICIPIO DE RESIDENCIA	TOTAL									HÁBITAT												
	Vaga 1			Vaga 2			Vaga 3			Ata 5000			5001-10.000			10.001-50.000			Mais de 50.000			
Economía	28%	27%	24%	30%	35%	19%	27%	23%	28%	24%	28%	21%	29%	24%	29%	21%	29%	24%	27%			
Emprego	19%	14%	18%	18%	13%	12%	16%	14%	22%	16%	15%	16%	22%	14%	22%	16%	22%	14%	22%			
Actividade-desenvolvemento económico	4%	6%	6%	5%	9%	7%	6%	4%	6%	6%	3%	6%	3%	6%	6%	3%	3%	5%	5%			
Servizos públicos	13%	8%	6%	16%	8%	5%	15%	10%	10%	16%	12%	6%	8%	5%	8%	12%	6%	5%	4%			
Infraestruturas-transportes	11%	16%	9%	10%	14%	16%	12%	13%	8%	10%	15%	8%	11%	20%	8%	15%	11%	20%	8%			
Valores do contorno e da xente	11%	13%	2%	17%	18%	3%	12%	17%	0%	8%	11%	1%	9%	9%	9%	1%	9%	9%	2%			
Mala xestión	9%	7%	17%	5%	6%	14%	7%	8%	17%	8%	7%	21%	11%	8%	11%	8%	11%	8%	16%			
Os políticos e os partidos	7%	10%	11%	7%	9%	9%	6%	10%	10%	8%	10%	13%	5%	10%	6%	10%	13%	10%	10%			
Mantemento urbano-medio ambiente	6%	7%	9%	4%	5%	13%	7%	10%	6%	6%	8%	8%	9%	6%	9%	8%	9%	6%	8%			
Problemas medioambientais			3%			5%			2%			2%							2%			
Limpeza e rede de sumidoiros			4%			7%			2%			4%							4%			
Parques e xardíns			2%			1%			1%										2%			
Urbanismo-obras	5%	3%	5%	1%	1%	2%	0%	4%	5%	7%	1%	6%	7%	4%	7%	1%	6%	4%	5%			
Calidade de vida	4%	2%	4%	4%	2%	6%	6%	1%	4%	3%	2%	5%	5%	4%	5%	2%	5%	4%	3%			
Vivenda	2%	1%	5%	1%	1%	4%	3%	0%	3%	0%	3%	1%	4%	2%	4%	1%	4%	2%	7%			
Lecer	1%	2%	3%	2%	1%	5%	1%	3%	3%	2%	2%	3%	3%	1%	2%	3%	3%	2%	2%			
Seguridade		2%	3%		0%	3%		1%	1%	1%	1%	2%	3%	2%	3%	3%	2%	3%	4%			

FONTES DE RISCO DA PERCEPCIÓN DO MUNICIPIO DE RESIDENCIA	PROVINCIA														
	TOTAL			A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Economía	28%	27%	24%	27%	24%	28%	38%	35%	27%	42%	36%	24%	19%	24%	17%
Emprego	19%	14%	18%	18%	13%	21%	24%	15%	22%	31%	18%	16%	11%	13%	15%
Actividade-desenvolvemento económico	4%	6%	6%	3%	5%	8%	7%	6%	5%	5%	8%	9%	4%	6%	2%
Servizos públicos	13%	8%	6%	13%	10%	5%	11%	8%	6%	18%	9%	6%	13%	7%	8%
Infraestruturas-transportes	11%	16%	9%	9%	22%	8%	14%	10%	9%	8%	12%	7%	13%	14%	12%
Valores do contorno e da xente	11%	13%	2%	12%	11%	2%	10%	19%	1%	13%	15%	0%	10%	11%	3%
Mala xestión	9%	7%	17%	10%	9%	18%	5%	7%	13%	3%	6%	12%	12%	7%	21%
Os políticos e os partidos	7%	10%	11%	6%	10%	9%	7%	8%	10%	7%	11%	17%	7%	11%	10%
Mantemento urbano-medio ambiente	6%	7%	9%	7%	6%	8%	4%	6%	9%	2%	3%	9%	8%	9%	10%
Problemas medioambientais			3%			3%			2%			2%			3%
Limpeza e rede de sumidoiros			4%			3%			6%			6%			5%
Parques e xardíns			2%			2%			1%			1%			3%
Urbanismo-obras	5%	3%	5%	4%	2%	5%	1%	2%	3%	0%	0%	4%	11%	4%	5%
Calidade de vida	4%	2%	4%	5%	2%	5%	4%	3%	6%	4%	2%	7%	4%	3%	2%
Vivenda	2%	1%	5%	3%	1%	6%	1%	1%	3%	2%	1%	4%	1%	2%	4%
Lecer	1%	2%	3%	2%	2%	2%	2%	1%	6%	1%	2%	4%	1%	1%	3%
Seguridade		2%	3%	0%	2%	2%		0%	3%	1%	1%	2%	1%	3%	4%

Así pois, sabemos cales son as causas máis influentes para puntuar o municipio de residencia con 7 puntos ou menos. Vexamos a outra cara da moeda. Que motivos alegan os galegos para puntuar o seu municipio con 8 puntos ou máis?

FONTES DE SEGURIDADE DA PERCEPCIÓN DO MUNICIPIO DE RESIDENCIA E DE GALICIA	VAGA 3	
	Municipio	Galicia
Valores do contorno e da xente	59%	50%
O marco urbano/o urbanismo	37%	0%
A natureza e o clima	11%	28%
A maneira de ser e de vivir da xente	11%	22%
Economía	3%	4%
Calidade de vida	20%	34%
Servizos públicos	1%	1%
Xestión do Concello/Xunta	6%	4%
Seguridade cidadá	5%	6%
Infraestruturas-transportes	1%	1%

Os valores do contorno e da xente son, tanto para o municipio como para Galicia a fonte de seguridade con maior impacto, aínda que a súa composición interna é ben diferente, pois en Galicia ten unicamente dous compoñentes, a natureza e o clima e a xente, mentres que nos municipios, a maior parte do peso corresponde ao urbanismo, á configuración como marco urbano.

A calidade de vida é en ambos os casos a segunda fonte de seguridade, pero o municipio medio galego destaca menos por esta calidade que o conxunto de Galicia.

FONTES DE SEGURIDADE DA PERCEPCIÓN DO MUNICIPIO DE RESIDENCIA	TOTAL			SEXO					
				Home			Muller		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Valores do contorno e da xente	79%	71%	59%	76%	69%	57%	81%	73%	60%
Marco urbano/Urbanismo	33%	35%	37%	32%	35%	35%	34%	36%	39%
A natureza e o clima	22%	19%	11%	24%	19%	11%	20%	18%	11%
A maneira de ser e de vivir da xente	17%	12%	11%	15%	9%	12%	19%	14%	10%
Todo ben	6%	3%	0%	4%	3%	0%	7%	3%	0%
Servizos públicos	7%	6%	1%	7%	6%	2%	7%	5%	1%
Calidade de vida	5%	7%	20%	7%	9%	19%	4%	6%	20%
Economía	4%	4%	3%	4%	6%	5%	4%	3%	2%
Urbanismo-obras	1%	0%	2%	2%	0%	3%	1%	0%	1%
Infraestruturas-transportes	1%	5%	1%	1%	4%	1%	1%	5%	1%
Xestión municipal	1%	2%	6%	1%	1%	6%	1%	2%	6%
Mantemento urbano-medio ambiente	0%	2%	2%	0%	2%	3%	0%	2%	2%
Limpeza e rede de sumidoiros			1%			1%			1%
Parques e xardíns			1%			2%			1%
Seguridade		1%	5%		2%	3%		1%	6%

Diacronicamente, o agregado dos valores vén perdendo peso progresivamente, sobre todo polo compoñente da natureza e o clima, ou, como o chamabamos en vagas anteriores, o contorno natural. O mesmo sucede cos servizos públicos e, na última vaga, coas infraestruturas e os transportes. Todo o contrario do que acontece coa calidade de vida, a xestión municipal e a seguridade, que medran bastante, sobre todo a primeira, que alcanza un peso do 20% do total.

Por xénero non se constatan diferenzas importantes. Os servizos públicos só repercuten nalgunha medida, porén baixa e decrecente, no grupo de máis idade, e o urbanismo ten as súas menores contribucións á seguridade entre os 30 e os 44 anos.

O conxunto dos valores do contorno e da xente, xunto co seu compoñente máis notorio, o urbanismo, compórtase respecto do nivel formativo de tal xeito que o seu peso diminúe cando medra este. En todo caso, tanto o xénero como a idade e os estudos manteñen a tendencia xeral á diminución do peso dos valores do contorno e da xente. Do resto das fontes, o único salientable é que a calidade de vida aumenta o seu impacto co nivel de estudos, superando o 30% entre os universitarios, circunstancia que nesta ocasión, non era visible por medio da idade, pois o único grupo onde sobresaía o peso deste factor era o de 35 a 44 anos.

Ocupados e non-ocupados non se distinguen en nada a partir da segunda vaga e pouco na primeira. Reproducen, xa que logo, a tendencia xeral con fidelidade, diacrónica e sincronicamente. Entre os non-ocupados, os estudantes sobresaen polo maior peso que entre eles ten o agregado dos valores do contorno e da xente, e na última vaga destaca o compoñente das persoas. En contrapartida, os estudantes son os que menos impacto positivo teñen da calidade de vida.

Escasas son as diferenzas por hábitat, salvo na primeira vaga, onde o peso dos valores do contorno e da xente era moi superior no estrato de 5001 a 10.000 habitantes, con respecto ao total da mostra, diferenza que quedou case anulada na segunda vaga. Na terceira, no hábitat máis rural crece o peso positivo do urbanismo bastante máis que no conxunto e sitúase sensiblemente por riba do valor alcanzado no resto de estratos, especialmente por encima do valor no estrato de maior tamaño.

As provincias reproducen as pautas do conxunto da mostra en liñas xerais e, unha vez máis, é na primeira vaga onde podemos observar máis diferenzas sincrónicas, sobre todo polo menor peso dos valores do contorno e da xente na Coruña. Este concrétase no menor peso da maneira de ser e de vivir da xente.

FONTES DE SEGURIDADE DA PERCEPCIÓN DO MUNICIPIO DE RESIDENCIA	TOTAL		IDADE																		
			16-24		25-29		30-34		35-44		45-59		60 e máis								
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3						
Valores do contorno e da xente	79%	71%	83%	77%	61%	73%	71%	60%	73%	65%	54%	78%	72%	52%	80%	68%	62%	80%	73%	59%	
Marco urbano/Urbanismo	33%	35%	37%	36%	27%	34%	31%	32%	40%	46%	30%	34%	37%	32%	32%	32%	40%	30%	36%	39%	
A natureza e o clima	22%	19%	11%	26%	21%	11%	17%	25%	14%	17%	12%	11%	27%	17%	12%	25%	19%	9%	19%	10%	
A maneira de ser e de vivir da xente	17%	12%	11%	16%	22%	16%	16%	9%	6%	10%	5%	12%	8%	11%	8%	17%	10%	13%	24%	13%	11%
Todo ben	6%	3%	0%	5%	5%	0%	9%	4%	0%	0%	1%	0%	8%	5%	0%	4%	2%	0%	7%	3%	0%
Servizos públicos	7%	6%	1%	6%	4%	0%	15%	8%	0%	12%	13%	4%	6%	5%	0%	4%	4%	0%	6%	5%	3%
Calidade de vida	5%	7%	20%	3%	4%	15%	6%	6%	18%	2%	6%	21%	8%	10%	28%	6%	7%	19%	5%	7%	19%
Economía	4%	4%	3%	4%	3%	2%	3%	4%	3%	8%	3%	5%	3%	4%	6%	4%	8%	3%	3%	3%	2%
Urbanismo-obras	1%	0%	2%	2%	0%	2%	0%	0%	3%	2%	0%	2%	1%	0%	2%	2%	0%	3%	1%	0%	1%
Infraestruturas-transportes	1%	5%	1%	1%	5%	5%	1%	4%	0%	0%	5%	3%	1%	3%	1%	0%	5%	1%	1%	6%	1%
Xestión municipal	1%	2%	6%	1%	3%	8%	1%	0%	10%	1%	0%	4%	0%	1%	4%	2%	3%	6%	2%	1%	6%
Mantemento urbano-medio ambiente	0%	2%	2%	0%	4%	3%	0%	3%	1%	1%	4%	0%	1%	2%	1%	1%	1%	4%	0%	2%	3%
Limpeza e rede de sumidoiros			1%		0%	0%			0%		0%	0%		1%				1%			2%
Parques e xardíns			1%		3%	3%			1%		0%	0%		1%				3%			1%
Seguridade	1%	5%		0%	4%		3%	5%		2%	10%		0%	6%		2%	3%		2%		5%

FONTES DE SEGURIDADE DA PERCEPCIÓN DO MUNICIPIO DE RESIDENCIA	ESTUDOS														
	TOTAL			Sen estudos / Primarios			Primarios - EXB FP 1 - ESO			Bacharelato BUP - COU - FP 2			Universitarios		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Valores do contorno e da xente	79%	71%	59%	83%	77%	64%	80%	70%	59%	74%	69%	54%	72%	71%	50%
Marco urbano/Urbanismo	33%	35%	37%	28%	39%	41%	36%	33%	37%	27%	35%	36%	42%	39%	29%
A natureza e o clima	22%	19%	11%	20%	17%	12%	22%	20%	12%	27%	17%	7%	22%	18%	8%
A maneira de ser e de vivir da xente	17%	12%	11%	26%	17%	11%	15%	10%	10%	17%	12%	12%	5%	9%	13%
Todo ben	6%	3%	0%	8%	2%	0%	6%	4%	0%	3%	3%	0%	2%	0%	0%
Servizos públicos	7%	6%	1%	5%	2%	2%	7%	6%	1%	11%	8%	1%	9%	10%	2%
Calidade de vida	5%	7%	20%	5%	8%	16%	5%	7%	19%	5%	6%	22%	9%	7%	31%
Economía	4%	4%	3%	4%	5%	3%	4%	4%	3%	4%	5%	5%	4%	2%	5%
Urbanismo-obras	1%	0%	2%	1%	0%	3%	1%	0%	2%	2%	0%	3%	3%	0%	0%
Infraestruturas-transportes	1%	5%	1%	1%	3%	2%	1%	6%	1%	1%	3%	1%	1%	3%	2%
Xestión municipal	1%	2%	6%	1%	2%	6%	1%	2%	7%	1%	2%	5%	1%	2%	3%
Mantemento urbano-medio ambiente	0%	2%	2%	0%	1%	2%	1%	2%	2%	0%	4%	4%	1%	3%	3%
Limpeza e rede de sumidoiros			1%			2%			1%			1%			0%
Parques e xardíns			1%			1%			1%			3%			3%
Seguridade		1%	5%		2%	2%		1%	6%		1%	5%		1%	4%
Outros			0%			0%			0%			0%			0%

FONTES DE SEGURIDADE DA PERCEPCIÓN DO MUNICIPIO DE RESIDENCIA	RELACIÓN COA ACTIVIDADE																				
	TOTAL			Ocupados			Non-ocupados			Amas de casa			Pensionistas			Parados			Estudantes		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Valores do contorno e da xente	79%	71%	59%	76%	71%	57%	81%	71%	59%	84%	72%	60%	79%	69%	57%	83%	76%	57%	82%	74%	65%
Marco urbano/Urbanismo	33%	35%	37%	34%	37%	35%	33%	34%	38%	35%	34%	36%	29%	33%	40%	45%	33%	38%	40%	32%	37%
A natureza e o clima	22%	19%	11%	23%	20%	11%	21%	18%	10%	18%	20%	13%	22%	16%	6%	22%	20%	16%	20%	17%	11%
A maneira de ser e de vivir da xente	17%	12%	11%	13%	9%	11%	20%	14%	11%	24%	12%	10%	23%	14%	11%	8%	16%	3%	10%	18%	17%
Todo ben	6%	3%	0%	4%	3%	0%	7%	3%	0%	7%	2%	0%	5%	4%	0%	8%	6%	0%	11%	4%	0%
Servizos públicos	7%	6%	1%	8%	6%	1%	6%	5%	2%	7%	4%	1%	4%	7%	3%	6%	3%	6%	7%	3%	0%
Calidade de vida	5%	7%	20%	6%	7%	20%	5%	7%	20%	3%	6%	23%	6%	8%	18%	4%	7%	17%	5%	5%	16%
Economía	4%	4%	3%	5%	5%	4%	3%	4%	2%	2%	5%	2%	4%	4%	2%	3%	1%	2%	2%	3%	1%
Urbanismo-obras	1%	0%	2%	1%	0%	3%	1%	0%	2%	1%	0%	1%	1%	0%	2%	2%	0%	5%	2%	0%	0%
Infraestruturas-transportes	1%	5%	1%	1%	4%	1%	1%	6%	2%	1%	6%	0%	1%	5%	2%	0%	3%	5%	0%	7%	3%
Xestión municipal	1%	2%	6%	1%	1%	7%	2%	2%	6%	0%	2%	5%	3%	2%	6%	1%	4%	5%	1%	3%	6%
Mantemento urbano-medio ambiente	0%	2%	2%	1%	2%	2%	0%	2%	3%	0%	1%	2%	1%	3%	4%	1%	3%	0%	0%	4%	2%
Limpeza e rede de sumidoiros			1%		1%	1%			2%			1%		3%				0%			0%
Parques e xardíns			1%		2%	2%			1%			1%		1%				0%			2%
Seguridade	1%	5%	5%	1%	4%	4%	2%	2%	6%	1%	1%	6%	2%	5%	5%	2%	3%	2%	3%	0%	7%
Outros			0%			0%			0%			0%		0%	0%			0%			0%


FONTES DE SEGURIDADE DA PERCEPCIÓN DO MUNICIPIO DE RESIDENCIA	TOTAL									HÁBITAT																
	Vaga 1			Vaga 2			Vaga 3			Ata 5000			5001-10.000			10.001-50.000			Máis de 50.000							
Valores do contorno e da xente	79%	71%	59%	78%	69%	61%	87%	75%	56%	79%	70%	61%	78%	71%	56%											
Marco urbano/Urbanismo	33%	35%	37%	30%	32%	42%	35%	31%	35%	33%	34%	39%	36%	39%	33%											
A natureza e o clima	22%	19%	11%	20%	15%	8%	20%	22%	7%	22%	20%	13%	23%	17%	12%											
A maneira de ser e de vivir da xente	17%	12%	11%	20%	16%	11%	17%	19%	14%	18%	10%	9%	14%	8%	11%											
Todo ben	6%	3%	0%	7%	3%	0%	13%	2%	0%	5%	4%	0%	4%	3%	0%											
Servizos públicos	7%	6%	1%	9%	6%	2%	3%	4%	1%	4%	5%	1%	8%	7%	2%											
Calidade de vida	5%	7%	20%	5%	8%	19%	2%	7%	19%	5%	7%	18%	6%	7%	22%											
Economía	4%	4%	3%	3%	8%	2%	5%	5%	3%	6%	4%	2%	3%	3%	5%											
Urbanismo-obras	1%	0%	2%	0%	0%	2%	0%	0%	5%	1%	0%	2%	2%	0%	1%											
Infraestruturas-transportes	1%	5%	1%	1%	4%	1%	2%	3%	0%	1%	1%	6%	0%	4%	1%											
Xestión municipal	1%	2%	6%	2%	2%	7%	1%	2%	9%	1%	2%	6%	1%	2%	5%											
Mantemento urbano-medio ambiente	0%	2%	2%	0%	0%	3%	0%	2%	2%	1%	2%	3%	1%	3%	2%											
Limpeza e rede de sumidoiros			1%			1%		1%				2%			0%											
Parques e xardíns			1%			1%		2%				1%			2%											
Seguridade			1%			2%		1%				1%			5%											
Outros			0%			0%						0%			0%											

FONTES DE SEGURIDADE DA PERCEPCIÓN DO MUNICIPIO DE RESIDENCIA	TOTAL									PROVINCIA								
	A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra								
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3						
Valores do contorno e da xente	79%	71%	59%	73%	72%	56%	84%	72%	60%	82%	71%	61%						
Marco urbano/Urbanismo	33%	35%	37%	32%	35%	37%	36%	35%	44%	34%	37%	35%						
A natureza e o clima	22%	19%	11%	21%	21%	6%	20%	16%	9%	18%	11%	20%						
A maneira de ser e de vivir da xente	17%	12%	11%	14%	10%	13%	20%	13%	7%	19%	15%	11%						
Todo ben	6%	3%	0%	4%	3%	0%	7%	4%	0%	11%	3%	0%						
Servizos públicos	7%	6%	1%	11%	4%	2%	3%	6%	2%	7%	0%	1%						
Calidade de vida	5%	7%	20%	7%	8%	21%	5%	7%	23%	2%	8%	19%						
Economía	4%	4%	3%	3%	4%	2%	3%	3%	3%	6%	7%	4%						
Urbanismo-obras	1%	0%	2%	2%	0%	2%	1%	0%	3%	1%	0%	1%						
Infraestruturas-transportes	1%	5%	1%	1%	4%	2%	1%	5%	1%	1%	4%	2%						
Xestión municipal	1%	2%	6%	1%	3%	7%	2%	1%	5%	1%	1%	5%						
Mantemento urbano-medio ambiente	0%	2%	2%	1%	2%	2%	1%	2%	1%	1%	1%	3%						
Limpeza e rede de sumidoiros			1%			1%			0%			1%						
Parques e xardíns			1%			1%			1%			1%						
Seguridade		1%	5%			1%		3%	3%		2%	5%						
Outros			0%			0%			0%			0%						

5. Os servizos públicos

A percepción dos servizos públicos, ata agora moi parecida á de Galicia, mesmo lixeiramente mellor que no caso galego, segue estando preto, pero agora quedou por baixo, pois, a pesar de gañar 2 puntos de seguridade na última vaga, o seu crecemento está lonxe dos 9 puntos de Galicia. Con todo, a tendencia, aínda que feble, engade consistencia á mellora de Galicia, como sucedía tamén coa lixeira mellora do municipio. Por último, a taxa de perigo mantense inamovible no 20%, un valor bastante mellorable.

EVOLUCIÓN DA SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DOS SERVICIOS PÚBLICOS COMO LUGAR PARA VIVIR



Os homes e as mulleres comparten co total da mostra a moi lixeira mellora da percepción ao longo do tempo. Asemade, no decorrer do tempo mantense a taxa de seguridade das mulleres por riba da dos homes, sen grandes diferenzas.

SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS	SEXO					
	Home			Muller		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
% Perigo (por debaixo do límite; valoración entre 0 e 5)	22%	19%	22%	18%	20%	19%
% Risco (por debaixo do estándar; valoración = 6 ou 7)	25%	26%	22%	23%	20%	19%
% Seguridade (valoración = 8 ou 9)	39%	37%	38%	36%	35%	37%
% Excelencia (valoración = 10)	14%	18%	18%	24%	24%	25%

Maiores son as diferenzas por idade, xa que, por unha banda, hai diferenzas sincrónicas que debuxan unha pauta xeral, segundo a cal os mozos ata os 24 anos teñen taxas de seguridade comparativamente baixas, e a partir dos 25 anos todos os grupos crecen en seguridade ata alcanzar ou superar (na terceira vaga) o 70% no grupo de maior idade. Por outra banda, a pauta evolutiva do total mantense só a partir dos 35 anos. Por baixo desa idade, non só a percepción é peor, senón que tampouco se pode dicir que manteña a feble tendencia xeral de crecemento da seguridade.

En correlación co observado para a idade, os estudos primarios ou inferiores teñen mellor percepción que os secundarios e universitarios, máis frecuentes entre os mozos. E, tamén paralelamente, tanto coa idade como cos estudos, dada a asociación entre ambas as variables, os pensionistas e as amas de casa manteñen taxas de seguridade sensiblemente máis altas con respecto ao conxunto, o que orixina, a pesar de que os estudantes descenden en seguridade por baixo de calquera outro grupo de non-ocupados e tamén por baixo dos ocupados, que os non-ocupados teñan mellor percepción por termo medio que os ocupados.

SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS

IDADE

	16-24			25-29			30-34			35-44			45-59			60 e máis		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
% Perigo (por debaixo do límite; valoración entre 0 e 5)	20%	24%	24%	26%	21%	29%	23%	26%	26%	22%	20%	24%	20%	19%	17%	15%	16%	14%
% Risco (por debaixo do estándar; valoración = 6 ou 7)	38%	35%	35%	35%	29%	29%	27%	24%	25%	24%	26%	21%	21%	20%	20%	15%	15%	11%
% Seguridade (valoración = 8 ou 9)	31%	36%	33%	25%	34%	31%	34%	35%	34%	42%	33%	39%	37%	36%	43%	41%	40%	36%
% Excelencia (valoración = 10)	10%	5%	8%	14%	17%	10%	16%	15%	16%	12%	20%	17%	22%	24%	20%	28%	30%	38%

SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS

ESTUDIOS

	Sen estudos/ Primarios			Primarios - EXB FP 1 - ESO			Bacharelato - BUP COU - FP 2			Universitarios		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
% Perigo (por debaixo do límite; valoración entre 0 e 5)	16%	16%	17%	20%	19%	22%	21%	21%	18%	24%	27%	22%
% Risco (por debaixo do estándar; valoración = 6 ou 7)	14%	14%	11%	23%	20%	19%	29%	29%	31%	34%	36%	28%
% Seguridade (valoración = 8 ou 9)	41%	34%	32%	38%	38%	38%	35%	37%	37%	35%	30%	40%
% Excelencia (valoración = 10)	28%	36%	39%	20%	23%	21%	15%	12%	14%	7%	7%	10%

SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DOS SERVICIOS PÚBLICOS	RELACIÓN COA ACTIVIDADE																	
	Ocupados			Non-ocupados			Amas de casa			Pensionistas			Parados			Estudiantes		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
% Perigo (por debaixo do límite; valoración entre 0 e 5)	23%	22%	24%	17%	18%	17%	16%	20%	15%	14%	15%	15%	29%	20%	25%	18%	23%	21%
% Risco (por debaixo do estándar; valoración = 6 ou 7)	27%	26%	23%	21%	20%	19%	18%	11%	14%	13%	19%	13%	32%	27%	29%	37%	41%	36%
% Seguridade (valoración = 8 ou 9)	36%	34%	38%	39%	38%	37%	39%	39%	37%	42%	39%	38%	27%	34%	32%	33%	33%	36%
% Excelencia (valoración = 10)	13%	18%	14%	23%	23%	28%	27%	30%	33%	30%	26%	34%	12%	20%	34%	12%	3%	7%

SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DOS SERVICIOS PÚBLICOS	HÁBITAT											
	Ata 5000			5001-10.000			10.001-50.000			Más de 50.000		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
% Perigo (por debaixo do límite; valoración entre 0 e 5)	19%	14%	17%	12%	15%	23%	19%	23%	19%	21%	22%	21%
% Risco (por debaixo do estándar; valoración = 6 ou 7)	17%	21%	20%	21%	25%	21%	27%	19%	21%	28%	26%	21%
% Seguridade (valoración = 8 ou 9)	41%	38%	33%	37%	40%	34%	39%	37%	39%	32%	33%	39%
% Excelencia (valoración = 10)	23%	26%	30%	30%	20%	22%	16%	22%	21%	19%	19%	19%

SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS

PROVINCIA

	A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
% Perigo (por debaixo do límite; valoración entre 0 e 5)	23%	20%	19%	13%	20%	19%	15%	13%	17%	20%	22%	23%
% Risco (por debaixo do estándar; valoración = 6 ou 7)	24%	23%	21%	20%	24%	24%	20%	19%	19%	27%	23%	20%
% Seguridade (valoración = 8 ou 9)	34%	35%	40%	45%	36%	27%	36%	39%	38%	39%	37%	38%
% Excelencia (valoración = 10)	19%	22%	20%	22%	21%	30%	30%	29%	26%	15%	18%	19%

Por hábitat, o único que permanece practicamente constante é a maior taxa de seguridade do hábitat máis rural, posición que na primeira vaga se estendía aos dous estratos de menor tamaño poboacional, pero que nas seguintes se mantén só no máis baixo, debido a que ambos rachan a tendencia de mellora do conxunto da mostra, que só se reproduce a partir dos 10.000 habitantes.


A Coruña e Pontevedra, tal e como ocorre cos hábitats superiores, manteñen a tendencia positiva entre vagas, pero non o fai Lugo nin tampouco, na última vaga, Ourense. A pesar diso, Ourense permanece por riba do resto, salvo na primeira vaga, onde iguala a Lugo. Como é patente, o maior ruralismo destas dúas provincias está asociado a estas diferenzas.

As puntuacións medias mostran estas tendencias dun xeito máis sintético. Incluímoslas deseguido.


EVOLUCIÓN DA VALORACIÓN GLOBAL DOS SERVIZOS PÚBLICOS

segundo o SEXO

(xii.2006-dec.2006-xii.2007)




**EVOLUCIÓN DA VALORACIÓN GLOBAL DOS SERVIZOS PÚBLICOS
segundo a IDADE**
(xii.2006-dec.2006-xii.2007)




Valores que evolucionaron negativamente con respecto á medición anterior
Valores que evolucionaron positivamente con respecto á medición anterior

**EVOLUCIÓN DA VALORACIÓN GLOBAL DOS SERVIZOS PÚBLICOS
segundo os ESTUDOS**
(xii.2006-dec.2006-xii.2007)




Valores que evolucionaron negativamente con respecto á medición anterior
Valores que evolucionaron positivamente con respecto á medición anterior

EVOLUCIÓN DA VALORACIÓN GLOBAL DOS SERVIZOS PÚBLICOS segundo a RELACIÓN COA ACTIVIDADE (xii.2006-dec.2006-xii.2007)




Valores que evolucionaron negativamente con respecto a medición anterior
 Valores que evolucionaron positivamente con respecto a medición anterior

EVOLUCIÓN DA VALORACIÓN GLOBAL DOS SERVIZOS PÚBLICOS segundo o HÁBITAT (xii.2006-dec.2006-xii.2007)



Valores que evolucionaron negativamente con respecto a medición anterior
 Valores que evolucionaron positivamente con respecto a medición anterior

**EVOLUCIÓN DA VALORACIÓN GLOBAL DOS SERVIZOS PÚBLICOS
segundo a PROVINCIA
(xii.2006-dec.2006-xii.2007)**




Valores que evolucionaron negativamente con respecto á medición anterior
Valores que evolucionaron positivamente con respecto á medición anterior

As fontes de risco e de seguridade que producen os valores menos próximos á fronteira da seguridade e o risco, as que, xa que logo, teñen maior capacidade para influír, positiva ou negativamente, son as seguintes:

En primeiro lugar, co máximo valor do índice, aparecen os profesionais que encarnan o servizo. Estarían despois, tamén por enriba do valor 9, a eficacia e a calidade en xeral.

Deseguido, a información sobre o servizo e os horarios, cun valor lixeiramente superior a 8 e, moi preto, pero por baixo de 8, estarían o equipamento e as instalacións, a cantidade e variedade da oferta e os prezos. Elementos residuais agrupados en *outros* teñen, de forma agregada, unha importancia inferior a 5.

Índice de importancia (capacidade para producir impacto-percepción servizos públicos-)



As razóns que achegan os que puntuaron os servizos públicos con 7 puntos ou menos, para non ter unha valoración máis alta son as seguintes:

Os tres elementos máis importantes, profesionais, calidade do servizo, eficacia do servizo, dispútanse os primeiros postos no impacto negativo, e entre todos acumulan máis do 70% do mesmo na primeira vaga, o 80% na segunda e só na terceira decrece o seu peso ata o 50%, debido, con toda seguridade, ao efecto que produce a especificación doutros compoñentes do servizo: a cantidade e a variedade da oferta, os horarios, a información e, en menor medida, o equipamento e instalacións, así como o prezo (nas dúas primeiras vagas, a resposta era aberta). De todos os xeitos, que o efecto sobre algúns deles, os citados equipamento e prezo, sexa moi pequeno, aparentemente, podería indicar que, ademais do efecto do cuestionario, ten lugar un certo crecemento real das fontes que incrementan o seu peso.

Desde outra perspectiva, que a calidade do servizo, elemento ao que se lle subtraeu un maior peso por mor da nova forma de medir as causas da valoración, sexa o máis xenérico, podería indicar que o maior peso agora obtido para fontes máis concretas reflicte mellor a «realidade» da percepción, máxime cando non estamos medindo unha actuación de forma inmediata.

FONTES DE RISCO DOS SERVIZOS PÚBLICOS	TOTAL			SEXO					
				Home			Muller		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Profesionais	29%	25%	19%	30%	25%	21%	29%	25%	17%
Calidade do servizo	23%	25%	12%	24%	27%	13%	22%	23%	12%
Eficacia do servizo	20%	30%	18%	18%	29%	17%	22%	31%	19%
Cantidade e variedade da oferta	6%	5%	12%	6%	3%	11%	7%	6%	13%
Horarios	4%	4%	13%	3%	3%	14%	4%	4%	12%
Equipamento e instalacións do servizo	8%	6%	9%	10%	6%	10%	7%	7%	9%
Prezo do servizo	6%	4%	7%	6%	5%	6%	6%	3%	7%
Información do servizo	0%	0%	7%	0%	0%	6%	0%	0%	7%

Estas variacións prodúcense practicamente en todas as categorías das variables de análise.

Sincronicamente, o xénero non produce diferenzas significativas. A idade, en cambio, mostra algunhas diferenzas interesantes: os máis novos distínguense polo maior impacto dos horarios e da información; o grupo de 20 a 24 anos polo peso diferencial da cantidade e variedade da oferta, elemento característico, quizais o máis específico, do consumo.

O nivel de estudos máis baixo (inferiores a primarios) adoita destacar polo peso dos profesionais, quere dicir, pon a énfase nos problemas coas persoas que prestan o servizo en maior medida que no resto e tamén na calidade do servizo na última medición. Os universitarios, no outro extremo, destacan polo peso do equipamento e as instalacións. O resto das diferenzas son menores.

Entre ocupados e non-ocupados case non hai diferenzas, e se as buscamos nos distintos grupos de non-ocupados, os estudantes distínguense por concederen un menor peso á calidade do servizo, en oposición ao maior peso outorgado á información, coma mozos (que son).

Os profesionais diferencian polo seu maior peso o hábitat inferior, ata 10.000 habitantes, o que se podería asociar co relativamente maior envellecemento da súa poboación, que contrasta co hábitat de máis de 50.000 habitantes, o cal, pola súa banda, tende a sufrir maior impacto da eficacia.

A cantidade e variedade da oferta afecta máis o hábitat de 5001 a 10.000 habitantes.

As diferenzas sincrónicas por provincia existen nalgunha das vagas, pero non marcan unha pauta de diferenciación que poidamos tomar como resultado relevante.

Xa que logo, atendendo as fontes de risco, aquilo que non aparecera con clareza en relación con outros obxectos de percepción (Galicia, España, municipio de residencia), nos servizos públicos si se pode apreciar mellor: un elemento xenérico como a calidade perde peso a prol da concreción noutros que poderían estar servindo, ao facelos explícitos na medición, para concretalo. Veremos se isto se confirma de aquí en diante, coas fontes de seguridade e cos servizos privados.

FONTES DE RISCO DOS SERVIZOS PÚBLICOS	TOTAL			IDADE																	
				16-24			25-29			30-34			35-44			45-59			60 e máis		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3			
Profesionais	29%	25%	19%	22%	22%	18%	32%	25%	22%	20%	24%	20%	27%	23%	16%	34%	27%	21%	35%	29%	20%
Calidade do servizo	23%	25%	12%	18%	20%	8%	22%	22%	10%	18%	29%	15%	29%	31%	18%	21%	28%	11%	27%	20%	13%
Eficacia do servizo	20%	30%	18%	21%	36%	13%	19%	33%	14%	21%	22%	18%	18%	27%	17%	20%	27%	21%	35%	23%	
Cantidade e variedade da oferta	6%	5%	12%	9%	5%	9%	4%	5%	18%	6%	7%	12%	6%	5%	11%	6%	2%	11%	4%	6%	12%
Horarios	4%	4%	13%	6%	2%	20%	2%	0%	14%	5%	7%	14%	3%	4%	12%	5%	4%	12%	1%	3%	9%
Equipamento e instalacións do servizo	8%	6%	9%	12%	10%	13%	9%	8%	8%	14%	2%	8%	10%	6%	13%	6%	8%	8%	4%	3%	6%
Prezo do servizo	6%	4%	7%	8%	4%	6%	8%	5%	7%	12%	6%	7%	4%	4%	6%	6%	2%	5%	4%	2%	8%
Información do servizo	0%	0%	7%	0%	0%	12%	0%	0%	5%	0%	0%	4%	1%	0%	5%	0%	0%	7%	1%	0%	5%

**FONTES DE RISCO
DOS SERVIZOS PÚBLICOS**

	TOTAL			ESTUDOS											
				Sen estudos / Primarios			Primarios - EXB FP 1 - ESO			Bacharelato BUP - COU - FP 2			Universitarios		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Profesionais	29%	25%	19%	41%	35%	21%	30%	23%	19%	27%	29%	20%	19%	20%	18%
Calidade do servizo	23%	25%	12%	27%	20%	18%	23%	24%	12%	21%	26%	13%	24%	28%	9%
Eficacia do servizo	20%	30%	18%	20%	30%	21%	18%	32%	19%	23%	26%	12%	22%	30%	22%
Cantidade e variedade de oferta	6%	5%	12%	3%	4%	9%	6%	5%	12%	7%	6%	15%	8%	3%	13%
Horarios	4%	4%	13%	2%	3%	8%	4%	5%	15%	2%	2%	14%	8%	3%	10%
Equipamento e instalacións do servizo	8%	6%	9%	5%	1%	8%	8%	7%	9%	11%	8%	9%	9%	6%	13%
Prezo do servizo	6%	4%	7%	0%	4%	8%	8%	3%	7%	5%	2%	6%	8%	6%	5%
Información do servizo	0%	0%	7%	0%	0%	4%	0%	0%	6%	0%	0%	10%	0%	0%	7%

FONTES DE RISCO DOS SERVICIOS PÚBLICOS	RELACIÓN COA ACTIVIDADE																				
	TOTAL			Ocupados			Non-ocupados			Amas de casa			Pensionistas			Parados			Estudantes		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Profesionais	29%	25%	19%	30%	25%	20%	29%	25%	18%	33%	23%	18%	31%	31%	18%	30%	31%	16%	21%	19%	19%
Calidade do servizo	23%	25%	12%	23%	27%	12%	23%	23%	13%	23%	25%	16%	28%	23%	11%	25%	29%	16%	13%	19%	9%
Eficacia do servizo	20%	30%	18%	19%	29%	19%	21%	31%	17%	25%	37%	15%	18%	27%	25%	16%	26%	15%	26%	33%	11%
Cantidade e variedade da oferta	6%	5%	12%	6%	4%	12%	6%	5%	12%	6%	8%	12%	4%	4%	13%	9%	4%	12%	9%	4%	11%
Horarios	4%	4%	13%	4%	4%	14%	3%	4%	13%	2%	4%	11%	3%	6%	9%	3%	0%	19%	6%	3%	15%
Equipamento e instalacións do servizo	8%	6%	9%	9%	7%	8%	7%	6%	10%	7%	3%	7%	5%	4%	10%	4%	4%	10%	12%	14%	16%
Prezo do servizo	6%	4%	7%	7%	3%	7%	5%	4%	6%	3%	1%	9%	6%	4%	6%	10%	5%	3%	8%	8%	6%
Información do servizo	0%	0%	7%	0%	0%	5%	1%	0%	9%	0%	0%	11%	2%	0%	4%	0%	0%	5%	0%	0%	14%

FONTES DE RISCO DOS SERVIZOS PÚBLICOS	TOTAL									HÁBITAT														
	Ata 5000			5001-10.000			10.001-50.000			Máis de 50.000			Ata 5000			5001-10.000			10.001-50.000			Máis de 50.000		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Profesionais	29%	25%	19%	37%	29%	25%	38%	33%	24%	32%	21%	17%	23%	24%	16%	17%	21%	12%	23%	24%	16%	23%	24%	16%
Calidade do servizo	23%	25%	12%	21%	27%	10%	21%	25%	14%	27%	30%	14%	22%	21%	12%	14%	21%	12%	22%	21%	12%	22%	21%	12%
Eficacia do servizo	20%	30%	18%	18%	22%	17%	21%	22%	15%	16%	33%	17%	24%	20%	17%	33%	17%	20%	24%	34%	20%	24%	34%	20%
Cantidade e variedade da oferta	6%	5%	12%	4%	6%	13%	2%	3%	20%	4%	3%	11%	9%	6%	9%	4%	3%	9%	9%	6%	9%	9%	6%	9%
Horarios	4%	4%	13%	4%	3%	14%	2%	9%	7%	5%	3%	15%	3%	2%	15%	5%	3%	2%	3%	2%	15%	3%	2%	15%
Equipamento e instalacións do servizo	8%	6%	9%	10%	11%	8%	8%	5%	6%	7%	7%	11%	8%	5%	10%	7%	7%	11%	8%	5%	10%	8%	5%	10%
Prezo do servizo	6%	4%	7%	2%	0%	8%	5%	2%	6%	5%	5%	7%	10%	6%	6%	5%	3%	7%	10%	6%	6%	10%	6%	6%
Información do servizo	0%	0%	7%	0%	0%	5%	0%	0%	5%	1%	0%	8%	0%	0%	5%	1%	0%	8%	0%	0%	7%	0%	0%	7%

FONTES DE RISCO DOS SERVIZOS PÚBLICOS	PROVINCIA														
	TOTAL			A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Profesionais	29%	25%	19%	26%	23%	16%	39%	24%	19%	25%	26%	27%	32%	27%	20%
Calidade do servizo	23%	25%	12%	19%	23%	12%	24%	29%	8%	25%	27%	16%	27%	25%	14%
Eficacia do servizo	20%	30%	18%	24%	30%	17%	16%	30%	17%	21%	28%	17%	16%	31%	20%
Cantidade e variedade de oferta	6%	5%	12%	7%	5%	14%	1%	5%	12%	1%	5%	11%	7%	4%	10%
Horarios	4%	4%	13%	4%	4%	14%	3%	3%	15%	3%	4%	16%	4%	3%	11%
Equipamento e instalacións do servizo	8%	6%	9%	11%	7%	9%	10%	7%	8%	18%	7%	9%	3%	5%	11%
Prezo do servizo	6%	4%	7%	6%	5%	7%	2%	0%	12%	3%	1%	1%	9%	4%	5%
Información do servizo	0%	0%	7%	0%	0%	7%	0%	0%	6%	0%	0%	0%	0%	0%	8%

Recordemos que entre o 56% e o 59% dos enquisados valora os servizos públicos entre 8 e 10, en posicións de seguridade, segundo a nosa segmentación.

O impacto das fontes que sustentan estas valoracións positivas concéntrase en gran medida nos profesionais (primeira fonte de risco tamén), de maneira que os profesionais que prestan o servizo constitúen a chave principal da percepción do mesmo: é a fonte máis importante e é a primeira fonte de risco e de seguridade; o servizo que sexa capaz de formar profesionais máis capacitados para a súa prestación logrará elevar a percepción global sen ningunha dúbida.

Aquí non sucede como coas fontes de risco, pois o xenérico «calidade do servizo» non perde peso. As únicas fontes que o gañan, aparentemente por aparecer de forma explícita na pregunta, son horarios e información.

FONTES DE SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS	TOTAL			SEXO					
				Home			Muller		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Profesionais	60%	58%	57%	55%	56%	55%	64%	59%	58%
Calidade do servizo	15%	17%	16%	16%	17%	18%	15%	18%	14%
Eficacia do servizo	11%	15%	10%	15%	18%	10%	8%	13%	9%
Equipamento e instalacións do servizo	6%	4%	4%	6%	4%	4%	6%	3%	4%
Cantidade e variedade de oferta	5%	1%	2%	5%	2%	2%	4%	1%	2%
Horarios	0%	0%	8%	0%	0%	7%	0%	0%	9%
Información do servizo	0%	0%	4%	0%	0%	4%	0%	0%	4%

As mulleres acentúan o impacto dos profesionais. Porén, os mozos reducen este impacto, en beneficio do equipamento e as instalacións, da cantidade e variedade da oferta, e dos horarios.

Os galegos de maior idade, en cambio, salientan o impacto positivo dos profesionais, igual que acontecía co negativo, reducindo o peso da oferta, tanto na cantidade e variedade como nos horarios.

Esta distinción dos maiores reflíctese no nivel máis baixo de estudos, sobre todo polo maior peso dos profesionais e o menor da cantidade e a variedade da oferta. Os universitarios son os menos impresionados polos profesionais, pero tamén son o grupo en que ten maior peso a calidade do servizo, xenericamente.

Entre ocupados e non-ocupados, estes últimos distínguense polo maior impacto positivo dos profesionais. Dentro dos non-ocupados, con todo, hai dous mundos: o dos estudantes, que é o grupo con menor peso dos profesionais, menor que entre os mozos, ata, en beneficio da calidade, a eficacia, a cantidade e variedade da oferta e os horarios; e o dos pensionistas e amas

de casa, ligados positivamente ao maior impacto dos profesionais, cos parados nunha posición intermedia, máis afastada dos estudantes.

O hábitat máis rural, ao longo do tempo, oriéntase cara á superación do conxunto da mostra, en canto ao peso dos profesionais, o que pode considerarse vinculado á maior idade dos seus residentes, pois, como vimos, a idade é decisiva en relación con esta cuestión.

A provincia de Lugo é a que máis se distingue pola súa coincidencia co hábitat máis rural, cos maiores e cos que teñen menos estudos, ao atribuír maior peso aos profesionais. Polo demais, non hai grandes diferenzas interprovinciais.

En suma, a relación interpersoal é moi relevante para todos, pero moito máis para os maiores, que viviron nunha cultura presidida por esta, pero a tendencia sinala a progresiva ocupación do primeiro plano pola eficacia e os elementos non-persoais dos servizos, polas prestacións.

FONTE DE SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS	IDADE																				
	TOTAL			16-24			25-29			30-34			35-44			45-59			60 e máis		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3			
Profesionais	60%	58%	57%	30%	28%	34%	39%	48%	57%	48%	60%	53%	60%	55%	58%	61%	56%	58%	68%	69%	63%
Calidade do servizo	15%	17%	16%	20%	16%	18%	33%	18%	11%	18%	11%	21%	15%	14%	10%	15%	20%	16%	14%	17%	17%
Eficacia do servizo	11%	15%	10%	18%	31%	13%	11%	15%	17%	14%	19%	14%	15%	21%	10%	12%	16%	9%	7%	7%	7%
Equipamento e instalacións do servizo	6%	4%	4%	15%	13%	3%	3%	2%	8%	3%	3%	3%	5%	2%	5%	6%	2%	4%	5%	3%	3%
Cantidade e variedade de oferta	5%	1%	2%	13%	5%	6%	12%	3%	6%	7%	1%	4%	2%	1%	1%	3%	1%	1%	3%	0%	1%
Horarios	0%	0%	8%	0%	0%	20%	0%	0%	9%	0%	0%	4%	0%	0%	11%	0%	0%	6%	0%	0%	5%
Información do servizo	0%	0%	4%	0%	0%	6%	0%	0%	1%	0%	0%	1%	0%	0%	4%	0%	0%	5%	0%	0%	3%

FONTE DE SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS	ESTUDOS														
	TOTAL			Sen estudos / Primarios			Primarios - EXB FP 1 - ESO			Bacharelato BUP - COU - FP 2			Universitarios		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Profesionais	60%	58%	57%	69%	74%	63%	60%	55%	57%	51%	54%	53%	45%	51%	49%
Calidade do servizo	15%	17%	16%	13%	16%	15%	15%	17%	15%	17%	21%	14%	19%	20%	19%
Eficacia do servizo	11%	15%	10%	6%	5%	4%	11%	18%	10%	16%	16%	12%	20%	20%	13%
Equipamento e instalacións do servizo	6%	4%	4%	5%	3%	5%	6%	4%	4%	6%	2%	4%	7%	2%	5%
Cantidade e variedade de oferta	5%	1%	2%	3%	0%	1%	5%	1%	2%	7%	2%	3%	6%	2%	2%
Horarios	0%	0%	8%	0%	0%	7%	0%	0%	7%	0%	0%	10%	0%	0%	10%
Información do servizo	0%	0%	4%	0%	0%	3%	0%	0%	4%	0%	0%	5%	0%	0%	1%

FONTES DE SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS	RELACIÓN COA ACTIVIDADE																				
	TOTAL			Ocupados			Non-ocupados			Amas de casa			Pensionistas			Parados			Estudantes		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Profesionais	60%	58%	57%	55%	55%	53%	63%	60%	59%	62%	66%	60%	72%	66%	66%	61%	54%	56%	36%	16%	29%
Calidade do servizo	15%	17%	16%	16%	19%	16%	15%	16%	16%	16%	14%	11%	15%	16%	16%	23%	17%	13%	18%	22%	21%
Eficacia do servizo	11%	15%	10%	14%	20%	11%	9%	12%	9%	9%	10%	8%	11%	5%	8%	14%	7%	15%	32%	15%	
Equipamento e instalacións do servizo	6%	4%	4%	7%	1%	5%	5%	5%	4%	6%	4%	4%	3%	3%	3%	2%	9%	4%	12%	13%	3%
Cantidade e variedade da oferta	5%	1%	2%	5%	2%	2%	5%	1%	2%	4%	0%	1%	3%	1%	5%	1%	7%	15%	9%	7%	
Horarios	0%	0%	8%	0%	0%	9%	0%	0%	7%	0%	0%	7%	0%	0%	5%	0%	0%	7%	0%	0%	20%
Información do servizo	0%	0%	4%	0%	0%	4%	0%	0%	3%	0%	0%	3%	0%	0%	3%	0%	0%	6%	0%	0%	5%

FONTES DE SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS	HÁBITAT														
	TOTAL			Ata 5000			5001-10.000			10.001-50.000			51.000 e máis		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Profesionais	60%	58%	57%	67%	71%	58%	73%	55%	56%	58%	56%	62%	51%	53%	52%
Calidade do servizo	15%	17%	16%	11%	14%	14%	10%	18%	17%	18%	17%	14%	18%	20%	17%
Eficacia do servizo	11%	15%	10%	11%	6%	9%	7%	14%	11%	10%	19%	7%	14%	18%	11%
Equipamento e instalacións do servizo	6%	4%	4%	4%	3%	5%	4%	3%	3%	6%	4%	4%	8%	4%	4%
Cantidade e variedade da oferta	5%	1%	2%	3%	1%	0%	4%	2%	2%	5%	1%	2%	6%	2%	4%
Horarios	0%	0%	8%	0%	0%	8%	0%	0%	5%	0%	0%	9%	0%	0%	9%
Información do servizo	0%	0%	4%	0%	0%	6%	0%	0%	4%	0%	2%	0%	0%	0%	3%

FONTES DE SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS	TOTAL												PROVINCIA											
	A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra			A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Profesionais	60%	58%	57%	72%	65%	62%	60%	66%	58%	57%	59%	59%	59%	59%	59%	59%	59%	59%	59%	59%	59%	59%	59%	59%
Calidade do servizo	15%	17%	16%	8%	15%	12%	9%	16%	13%	14%	17%	17%	16%	16%	14%	17%	14%	17%	14%	17%	14%	17%	17%	17%
Eficacia do servizo	11%	15%	10%	9%	12%	7%	12%	9%	7%	12%	10%	11%	10%	10%	10%	10%	10%	10%	10%	10%	10%	10%	10%	10%
Equipamento e instalacións do servizo	6%	4%	4%	3%	4%	4%	4%	3%	4%	4%	4%	3%	4%	4%	4%	4%	4%	4%	4%	4%	4%	4%	4%	4%
Cantidade e variedade da oferta	5%	1%	2%	3%	6%	1%	3%	1%	3%	1%	1%	1%	1%	1%	1%	1%	1%	1%	1%	1%	1%	1%	1%	1%
Horarios	0%	0%	8%	0%	0%	9%	0%	0%	7%	0%	0%	9%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	7%
Información do servizo	0%	0%	4%	0%	0%	3%	0%	0%	3%	0%	0%	3%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	4%

1. Os servizos públicos desagregados

Ata agora tratamos a valoración xeral dos servizos públicos en xeral. Nesta subepígrafe profundaremos nos servizos públicos concretos, e responderemos a tres cuestións principais: 1) cales son os máis empregados?, 2) cal é a valoración de cada un deles? e 3) cales son as fontes de risco e de seguridade que distinguen os servizos públicos de maior uso?

A desagregación dos servizos estableceuse en dous niveis, un máis xeral, por áreas (educación, sanidade, seguridade, transporte, etc.), e outro máis concreto (universidades, colexios, hospitais, centros de atención primaria, policía, bombeiros, etc.).

Os datos marcados en cor cincenta nas valoracións medias son aqueles que teñen un valor puramente indicativo, posto que o número de persoas que valoran, non chega a trinta, por tanto, os datos correspondentes son só indicativos.

O servizo público máis utilizado no último ano, con diferenza, é a sanidade, pois aparece en máis da metade dos casos como o último usado (53% nas tres vagas). Despois está o transporte público, o último usado en ao redor da cuarta parte dos casos, algo máis na última vaga. O resto dos servizos mostran un uso menos extenso e menos intensivo, pois aparecen xa con frecuencias moi inferiores.

Dentro da sanidade, é o médico de cabeceira ou a atención primaria, o servizo concreto que acapara a maior parte do último uso, pois dos 53 puntos da sanidade, entre 41 e 42 son de atención primaria.

No transporte público, o medio dominante é o autobús, que abrangue as tres cuartas partes da frecuencia destes servizos como usados máis recentemente.

USO DE SERVICIOS PÚBLICOS NO ÚLTIMO ANO				VALORACIÓN MEDIA		
	Último usado (% columna)			Valoración último usado (media 0 a 10)		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Área de servizo						
Educación	7	12	10	7,4	7,3	7,4
Sanidade	53	53	53	7,8	7,7	7,8
Administrativos	6	7	4	6,3	6,4	6,2
Servizos sociais	2	1	1	8,4	8,5	7,2
Seguridade	2	2	1	5,7	5,6	5,4
Xustiza	2	2	1	5,1	5,7	5,9
Transporte público	25	22	29	7,0	7,0	7,0
Vivenda	1	1	0	5,8	6,7	7,0
Servizos concretos						
Colexios - Educación infantil e primaria -	2	4	5	7,7	7,5	7,5
Institutos - Educación secundaria -	3	3	3	7,5	7,0	7,2
Universidades - Educación universitaria -	1	3	2	6,6	6,8	7,2
Cursos extraescolares	1	2	0	7,7	8,4	8,6
Médico de cabeceira -Atención primaria -	42	41	41	7,9	7,8	8,0
Hospitais - Atención hospitalaria -	6	6	6	7,5	8,0	7,3
Especialistas - Atención especializada -	3	4	3	7,8	7,4	7,3
Urxencias - Servizos de urxencias -	2	3	3	6,5	7,5	6,6
Servizos administrativos	6	7	4	6,3	6,4	6,2
Gardería - serv. público de gardería -	1	1	1	8,6	8,8	7,7
Residencias de anciáns - res, públicas -	0	0	0	9,6	9,2	8,0
RISGA - Renda de integración social de Galicia -	0	0	0	-	10,0	-
IMSERSO - Inst. de Maiores e Servizos Sociais -	0	0	0	7,6	6,7	5,3
Minusválido - Serv. públicos a minusválidos -	0	0	0	7,7	7,2	7,7
Policía	2	1	1	5,6	5,2	4,9
Bombeiros	0	0	0	8,3	8,2	8,4
Servizos xudiciais	2	2	1	5,1	5,7	5,9
Tren	2	3	3	6,5	7,1	6,9
Avión	4	5	5	7,2	7,3	7,6
Autobús	18	15	20	7,0	6,9	6,9
Axudas compra da vivenda	1	0	0	5,0	7,0	7,2
Axudas para alugar unha vivenda	0	0	0	7,5	5,4	5,0

Como sabemos, os servizos públicos estaban a ser mellor valorados que os ámbitos en que se procuran, ata a última vaga, cando, a pesar dunha leve mellora daqueles, foron superados por Galicia. Pois ben, os mellor valorados son a sanidade e a educación, aínda que en vagas pasadas a primeira posición a ocupaban os servizos sociais, posición que agora perderon. Dentro dos que teñen unha base que permite tomar a valoración como algo máis que indicativa, o peor é o conxunto dos servizos administrativos, e quedan nunha posición intermedia, os transportes. Ningún dos citados experimenta cambios significativos entre vagas.

Entre os servizos máis desagregados, as mellores valoracións recíbenas os cursos extraescolares (nas dúas vagas en que contan con base estatística) e a atención primaria, aínda que o lugar que agora ocupa este servizo o ocupaba a atención hospitalaria na vaga anterior. Por tanto, perdeu posicións cunha diferenza significativa negativa na última vaga, a única que rexistramos. Existen diferenzas máis grandes, pero sobre bases tan pequenas que non alcanzan a ser significativas. En xeral, onde a base estatística non é moi pequena, domina a estabilidade.

Se retomamos os servizos agregados, malia non ter base en cada vaga, mais coa simple reiteración, que permite a posibilidade da acumulación de datos, vemos que a seguridade e a xustiza aparecen sistematicamente nos últimos lugares, sempre por baixo do valor 6, isto é, na fronteira do perigo. O problema da seguridade débese exclusivamente á mala percepción das forzas de seguridade, pois os bombeiros apenas aparecen e cando o fan son ben valorados.

Outra cuestión pola que nos interesamos é saber se, en opinión dos enquisados, os servizos públicos melloraron ou empeoraron nos dous últimos anos.

En xeral, a maioría sinala que seguen igual ou que non saben. A única excepción é negativa e corresponde á vivenda, onde máis do 50% cre que empeorou en todas as medicións realizadas, o que reincidente no carácter de ameaza que xa sinalamos acerca deste factor, cando o tratábase como fonte de risco en distintos ámbitos.

PERCEPCIÓN DE CAMBIO NOS SERVIZOS PÚBLICOS (2 ÚLTIMOS ANOS)

Área de servizo	Mellor			Peor			Igual			NS/NC		
	% fila											
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Educación	32	28	33	20	27	27	31	31	28	17	14	12
Sanidade	40	33	40	17	20	21	38	43	38	5	4	2
Administración	25	25	27	10	12	14	43	45	45	22	19	13
Servizos sociais	37	37	44	7	9	9	36	35	35	20	19	12
Seguridade	28	24	29	26	30	25	38	42	44	8	4	2
Xustiza	15	12	14	27	28	29	37	39	43	22	20	14
Transporte público	37	35	38	14	13	15	39	40	43	10	12	5
Vivenda	16	17	17	56	53	57	20	21	23	7	9	4

Unha maneira de vermos sinteticamente o xuízo dos galegos sobre os dous últimos anos dos servizos é calcular o cociente entre respostas positivas e negativas, como no seguinte cadro, onde podemos apreciar dúas cousas:

En primeiro lugar, que hai un agregado, os servizos sociais, que sobresaee cunha *ratio* sempre superior a 4, debido a que é o que menor rexeitamento produce na súa xestión recente. Na súa compañía e cunha *ratio* positiva, aínda que inferior están a sanidade, a administración e o transporte público, e fica a educación e a seguridade en posicións tépedas, case neutras. A xustiza e a vivenda, sobre todo esta última, presentan cocientes claramente deficientes, que sinalan unha consideración negativa da súa xestión recente.

En segundo lugar, podemos ver como evolucionaron os cocientes, con variacións xeralmente negativas na segunda vaga, en parte recuperadas na terceira, malia que só unha é positiva e significativa á vez, os servizos sociais. De todos os xeitos, practicamente todos os valores da terceira vaga están por baixo dos da primeira, quizais polo desgaste do exercicio da xestión, pois non debemos esquecer que agora falamos máis de opinión que de percepción.

PERCEPCIÓN DE CAMBIO NOS SERVIZOS PÚBLICOS (2 ÚLTIMOS ANOS)			
Área de servizo	Mellor/Peor (cociente)		
	1ª VAGA	2ª VAGA	3ª VAGA
Educación	1,6	1,1	1,2
Sanidade	2,4	1,7	1,9
Administración	2,5	2,1	1,9
Servizos sociais	5,3	4,3	4,8
Seguridade	1,1	0,8	1,1
Xustiza	0,6	0,4	0,5
Transporte público	2,6	2,8	2,5
Vivenda	0,3	0,3	0,3

Como é sabido, desde a chegada da *España das autonomías*, as competencias descentralizáronse progresivamente. Por tanto, resulta interesante coñecermos a que administración pública atribúen os entrevistados os distintos servizos públicos e se a súa valoración difire en función das competencias atribuídas.

ATRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS												
Área de servizo	Goberno central			Goberno autonómico			Concellos			NS/NC		
	% fila											
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Educación	29	32	35	47	46	43	12	5	6	26	17	14
Sanidade	26	27	30	53	56	54	7	4	4	25	14	10
Servizos sociais	21	19	20	46	47	41	22	16	24	27	18	13
Seguridade	34	35	39	35	32	26	24	16	21	27	16	11
Xustiza	50	58	62	26	20	18	6	3	4	31	19	13
Transporte público	15	10	8	40	32	27	27	40	51	30	18	11
Vivenda	31	29	39	41	40	33	13	11	12	31	21	12
Funcionamento da economía	53	61	67	26	20	15	6	3	3	29	17	12
Medio ambiente	29	31	31	46	47	45	14	5	11	28	16	10

Ante todo, cómpre destacar que entre un 10 e un 31% dos individuos non sabe de quen é competencia cada un dos servizos arriba indicados. Pero tamén hai que salientar que as cifras altas de descoñecemento ou de non-resposta reducíronse drásticamente e sistematicamente ao longo do tempo, e na terceira vaga non superan o 14%.

Entre os que atribúen a competencia a algunha administración, a meirande parte faino correctamente, así o proba o feito de que a educación e a sanidade son atribuídas principalmente ao Goberno autonómico, ou a xustiza ao Goberno central. Destaca a relativamente alta proporción que lle atribúe as competencias sobre o funcionamento da economía ao Goberno central, o que relega o Goberno autonómico a un papel moi secundario.

Ademais das dúas anteriores, a maioría dos entrevistados atribúe á Xunta as competencias dos servizos sociais, vivenda (excepto na última vaga) e medio ambiente. Aos concellos atribúense-lles as competencias relativas ao transporte público.

O seguinte cadro reflicte as puntuacións medias dos entrevistados de acordo coa atribución de competencias. Dispomos de casos suficientes para facer inferencias da educación, a sanidade e a vivenda.

Os que atribúen a educación ao Goberno autónomo valórana lixeiramente por baixo dos que cren que depende do Goberno central. Os poucos que sinalan que a sanidade depende dos concellos considéranla mellor que aqueles que afirman que depende do Estado ou da Xunta, en calquera caso, son moi pequenas as diferenzas. Para rematar, a vivenda é mellor valorada polos que cren que é competencia da Xunta.

VALORACIÓN SEGUNDO ATRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS (última medición - 2007)			
Área de servizo	Goberno central	Goberno autonómico	Concellos
	medias (0 a 10)		
Educación	7,6	7,3	7,8
Sanidade	7,7	7,8	7,9
Servizos sociais	9,0	6,8	8,7
Seguridade	6,5	7,5	5,7
Xustiza	4,6	6,8	5,5
Transporte público	9,0	6,3	4,8
Vivenda	6,9	7,1	6,8

Antes analizamos os factores que determinan as percepcións dos servizos públicos en xeral. Nesta epígrafe revisaremos brevemente os factores que xeran as puntuacións por baixo ou por enriba do estándar en cada un dos catro servizos máis utilizados polos residentes en Galicia, isto é: a sanidade, o transporte, a educación e os servizos administrativos.

Os factores con máis peso cando se puntúa a sanidade pública por baixo do estándar son os relacionados cos profesionais, aínda que na terceira vaga emerxe case co mesmo peso o problema dos horarios.

O transporte público, en cambio, en ningunha vaga puxo en primeiro plano os profesionais, nas dúas primeiras foron a eficacia do servizo, e a cantidade e variedade da oferta na última. Para o transporte teñen tamén un peso importante a calidade do servizo e a información.

A educación, mais a sanidade, sitúa no primeiro posto os profesionais, con valores similares nas tres vagas e, en segundo lugar, a eficacia, que perde peso, na última vaga a favor dos horarios.

Para rematar, os servizos administrativos son os que máis privilexian as persoas, e os profesionais, pois a maior parte do risco asóciase a este factor. A calidade do servizo tivo moito peso tamén nas dúas primeiras vagas, pero na terceira desaparece esta fonte xenérica, que dá paso a un problema diferencial de horarios e de prezos.

FONTE DE RISCO DOS SERVIZOS PÚBLICOS	ÚLTIMO SERVIZO PÚBLICO UTILIZADO														
	TOTAL			Sanidade			Transporte			Educación			Servizos administrativos		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Profesionais	29%	25%	19%	46%	40%	25%	6%	2%	6%	29%	27%	28%	38%	28%	36%
Calidade do servizo	23%	25%	12%	33%	33%	11%	11%	9%	18%	9%	19%	8%	31%	47%	0%
Eficacia do servizo	20%	30%	18%	12%	18%	13%	27%	56%	13%	22%	24%	13%	20%	14%	6%
Cantidade e variedade da oferta	6%	5%	12%	1%	0%	8%	15%	13%	25%	8%	1%	9%	0%	1%	5%
Horarios	4%	4%	13%	1%	4%	23%	9%	3%	9%	0%	3%	12%	2%	2%	30%
Equipamento e instalacións do servizo	8%	6%	9%	5%	3%	8%	13%	6%	10%	19%	25%	20%	0%	1%	1%
Prezo do servizo	6%	4%	7%	0%	0%	9%	15%	10%	4%	4%	0%	4%	5%	2%	15%
Información do servizo	0%	0%	7%	0%	0%	1%	0%	0%	15%	0%	0%	4%	0%	0%	1%

FONTE DE SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS	ÚLTIMO SERVIZO PÚBLICO UTILIZADO														
	TOTAL			Sanidade			Transporte			Educación			Servizos administrativos		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Profesionais	60%	58%	57%	77%	77%	69%	11%	13%	27%	43%	28%	51%	59%	61%	50%
Calidade do servizo	15%	17%	16%	11%	14%	14%	23%	18%	20%	24%	26%	16%	25%	28%	17%
Eficacia do servizo	11%	15%	10%	7%	4%	7%	24%	48%	13%	13%	29%	11%	12%	1%	18%
Equipamento e instalacións do servizo	6%	4%	4%	2%	1%	2%	19%	10%	25%	10%	9%	5%	1%	0%	2%
Cantidade e variedade da oferta	5%	1%	2%	1%	0%	3%	19%	5%	5%	2%	1%	4%	3%	0%	13%
Horarios	0%	0%	8%	0%	0%	0%	0%	0%	7%	0%	0%	4%	0%	0%	0%
Información do servizo	0%	0%	4%	0%	0%	4%	0%	0%	4%	0%	0%	9%	0%	0%	0%

Cando se trata de fontes de seguridade, a sanidade destaca sobre todo polo alto impacto dos profesionais, que alcanzan pesos do 70% ou superiores. Apenas hai sitio para nada máis que un impacto secundario da calidade do servizo, xenericamente considerado.

Os transportes públicos, en cambio, como sucedía co risco, tenden a dar maior relevancia a outros factores, como a eficacia (sabido é que nos transportes, eficacia significa tempo, isto é, tempo de viaxe breve e chegada previsible, ou puntualidade) e o equipamento e instalacións (como a viaxe se desenvolve nun espazo concreto, durante un tempo máis ou menos prolongado, ese espazo e o seu acondicionamento poden condicionar fortemente a percepción do servizo).

A educación volve privilexiar, aínda que non tanto como a sanidade, as persoas que actúan (profesionais), sobre todo na última medición, coa calidade do servizo en segundo lugar e a eficacia no terceiro. É o servizo cun maior peso da información.

Para rematar, os servizos administrativos están dominados polo impacto positivo dos profesionais, sen chegaren tampouco ao nivel da sanidade, pero por riba do da educación. Após aparece a calidade do servizo e na última vaga a cantidade e variedade da oferta, que, de seguro, se refire á posibilidade de realizar os trámites en distintos lugares ou a través de distintas canles, á flexibilidade.

6. A xestión da Xunta

Neste capítulo detállanse as percepcións dos galegos con respecto á xestión da Xunta a partir das variables de análise habituais (idade, sexo, niveis de estudos, relación coa actividade, hábitat e provincia), e ademais, cales son as causas das puntuacións altas e baixas en función das mesmas variables.

Antes de entrar na análise polo miúdo, convén remarcar unha diferenza respecto das valoracións descritas nos anteriores capítulos.


Referímonos á segmentación da escala de valoración. Na percepción dos outros obxectos ata agora estudados, a división fundamental establecíase entre a zona de seguridade (puntuar con 8 ou máis puntos), e a de risco (con sete e menos). Dentro da zona de seguridade, distinguíamos dous niveis: a percepción óptima (10 puntos), e os que puntuaban con 8 ou 9 puntos. A zona de risco dividíase á súa vez en dúas partes: os que se atopaban na zona de risco sen máis (alerta amarela, que incluía os que puntuaban con 6 ou 7 puntos), e aqueles que se situaban por baixo dun límite fixado nos 5 puntos ou menos.

Neste capítulo as cousas mudan. A escala de valoración segue sendo a de 0 a 10 e segue vixente a idea de seguridade e risco, coa distinción, dentro da zona de risco, dunha zona de risco extremo ou perigo. Porén, as percepcións no ámbito da xestión política son sistematicamente máis baixas que as dos espazos sobre os que a mesma actúa e tamén que as dos servizos concretos, públicos ou privados, en parte pola bastante xeral desconfianza cara aos políticos, e en parte pola división partidaria que as identificacións políticas e ideolóxicas xeran. Iso fai aconsellable estatisticamente mover a fronteira entre seguridade e risco, e tamén a fronteira do perigo. Así, a zona de seguridade é a establecida entre os 7 e 10 puntos. A de excelencia segue sendo a dos 10 puntos, pero a de seguridade tamén inclúe os que avaliaron a Xunta con 7 puntos. Pola súa banda, a zona de risco queda encadrada entre os que puntuaron con 6 puntos ou menos. A de risco sen máis, inclúe os 5 e 6 puntos, e a de alerta vermella os 4 puntos ou menos.

A partir destas distincións, os resultados son os seguintes. Entre o 29% dos entrevistados e o 37% valoran a xestión da Xunta con 7 puntos ou máis; e unha cifra que se move por riba do 40% e por baixo do 50% sitúase na zona amornada de risco, con ao redor dun 20% en perigo.

Obsérvase, xa que logo, que a proporción de cidadáns en posicións de risco é superior á que xeran outros obxectos da percepción; este é o efecto que produce a división partidaria, pero así é a «realidade» da posición dos cidadáns, en Galicia e fóra dela, ante os gobernos.

EVOLUCIÓN DA SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DA XESTIÓN DA XUNTA



A percepción da Xunta empeorara, ademais, na segunda medición, tras a vaga de incendios do verán, e recuperou de sobra a seguridade perdida, pero non diminuíu nada a zona de perigo.

Polo xeral, a zona de perigo sinala unha realidade inquietante, por exemplo a de persoas que viven nun lugar respecto do que se achán nunha posición de conflito agudo. Neste caso, en cambio, os efectos da división partidaria fan que as identificacións máis sólidas tendan a suplantarse a percepción polo prexuízo, de maneira que é previsible unha fracción igualmente sólida nas valoracións inferiores a 5.

Agora ben, entre a primeira e a segunda vaga, esta fracción creceu significativamente, crecemento de 4 puntos porcentuais, superior en termos relativos, ao 20%, o cal indica que sucedeu algo verdadeiramente negativo no ámbito de competencias da Xunta. Podemos supor que tivo que ver cos incendios estivais, pero teremos ocasión de contrastar esta hipótese cando examinemos as fontes de risco.

O certo é que o perigo adicional acumulado na segunda medición semella estar enquistado e resístease a desaparecer, a pesar de que, fóra desa zona, produciuse un movemento positivo significativo, cun crecemento de 8 puntos da zona de seguridade.

Xa que logo, boa evolución interanual, coa excepción da persistencia do rexeitamento, tras o seu crecemento logo do verán do 2006.

SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DA XESTIÓN DA XUNTA	SEXO					
	Home			Muller		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
% Perigo (por debaixo do límite; valoración entre 0 e 4)	19%	22%	26%	17%	22%	19%
% Risco (por debaixo do estándar; valoración = 5 ou 6)	47%	48%	42%	47%	50%	41%
% Seguridade (valoración = 7 a 9)	32%	28%	30%	31%	25%	36%
% Excelencia (valoración = 10)	2%	3%	3%	4%	3%	5%

A taxa de seguridade é sempre algo máis alta entre as mulleres que entre os homes, e a diferenza ampliouse no 2007, como consecuencia de diversos movementos: ambos os xéneros recuperan parte de (os homes) ou máis que (as mulleres) a seguridade perdida na segunda vaga, pero os homes, asemade incrementan a taxa de perigo, que crece entre a primeira e a última vaga en 7 puntos, máis dun terzo do seu tamaño inicial, en tanto que no caso das mulleres diminúe a taxa de perigo, que reduce parte do seu crecemento (non todo) da segunda vaga. Por conseguinte, non estamos tanto ante unha consolidación de posicións, senón ante unha cifra global estable, resultado de movementos desiguais, por xénero en primeiro lugar, onde un grupo empeora sistematicamente na zona de perigo, mentres o outro flutúa.

Entre os 25 e os 34 anos, a taxa de seguridade non flutúa, senón que cae lixeiramente, pero de maneira que, por contraste, se distingue no 2007 negativamente respecto de todos os demais grupos, sobre todo dos máis novos e dos de máis idade. Dentro deste agregado, os de 25 a 29 anos flutúan, como lles sucedía ás mulleres, en canto á taxa de perigo, que crece na segunda vaga e mellora na terceira, sen volver ao momento de partida, mentres que os de 30 a 34 anos seguen máis ben a pauta dos homes, cunha taxa de perigo crecente.

Os máis novos seguen a pauta xeral, xunto co conxunto dos grupos por enriba de 35 anos, segundo a cal, a seguridade cae na segunda vaga e recupérase máis tarde, momento en que chega a superar o punto de partida. Este feito, igual que no grupo de maior idade, sitúa a seguridade por encima do 40%, coa particularidade de que as variacións sucesivas que conducen a esta cifra son, ata os 24 anos, máis grandes, cunha perda de 10 puntos na segunda vaga e unha ganancia de 17 na última.

Por riba dos 35 anos, a flutuación ten unha composición interna moi diferente. O primeiro grupo (35 a 44 anos) crece na banda do perigo e despois decrece case na mesma medida, cun resultado final dunha seguridade superior á inicial. No caso do segundo grupo, en cambio, o perigo non para de medrar, como sucedía cos homes, e chega a exceder a taxa do 25%, coa consecuencia de que tras a caída de seguridade na segunda vaga, non se recupera do todo na terceira. Por último, os maiores, cunha taxa de perigo perfectamente estable, perden 5 puntos de seguridade tras o verán do 2006 e gañan 9 no 2007, manténdose en todas as vagas por diante dos demais grupos, salvo na última que son igualados polos máis novos.

Os que non teñen estudos mantéñense estables en seguridade, sempre por riba do 40%, e, ata, a súa taxa de perigo decrece na segunda vaga, ao contrario da tendencia xeral. Son os universitarios, no outro extremo, os que teñen as taxas de seguridade máis baixas e as taxas de perigo máis altas, agás na segunda vaga, onde os estudos secundarios sofren unha forte caída da seguridade e un incremento relativamente grande do perigo. Velaí o efecto das asociacións entre estudos e idade, xa que o mesmo ocorría cos mozos.

Os ocupados presentan taxas de seguridade inferiores aos non-ocupados e ambos os grupos tras caer na segunda vaga, recupéranse na terceira. Malia isto, os non-ocupados non seguen a pauta inversa (e xeral) na taxa de perigo, que crece na segunda medición e mantense na terceira, por mor do efecto combinado dos parados, cuxo crecemento do perigo é constante e dos pensionistas, que crecen en perigo na terceira vaga, a pesar de recuperar seguridade.

Os pensionistas, igual que os de maior idade, sitúanse sempre nas taxas de seguridade máis altas e só na última medición son alcanzados polos estudantes, que gañan 14 puntos, como sucedía antes cos máis novos.

En resumo, a seguridade ten dous patróns, un flutuante, maioritario, e outro, asociado ao intervalo de idade de 25 a 34 anos, de caída constante. Fronte a isto, tres serían os patróns do perigo. Un flutuante en sentido inverso á seguridade, que se observa nas mulleres, entre os 25 e os 29 anos e entre os 35 e os 44 anos, no conxunto dos ocupados, entre as amas de casa e persoas con estudos secundarios. Outro dominado polo incremento do perigo, propio dos homes, dos máis novos, dos de 30 a 34 anos e 45 a 59 anos, dos non-ocupados, especialmente os parados, e do grupo de estudos primarios. E por último, o patrón que contradí o primeiro e máis xeral, cunha mingua do perigo na segunda vaga, que afecta os maiores de 60 anos, pensionistas e sen estudos.

SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DA XESTIÓN DA XUNTA	IDADE																	
	16-24			25-29			30-34			35-44			45-59			60 e máis		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
% Perigo (por debaixo do limiar; valoración entre 0 e 4)	13%	17%	17%	17%	26%	21%	16%	23%	24%	19%	25%	20%	16%	21%	26%	23%	22%	22%
% Risco (por debaixo do estándar; valoración = 5 ou 6)	51%	57%	40%	51%	43%	49%	51%	46%	47%	55%	54%	46%	47%	50%	39%	37%	44%	36%
% Seguridade (valoración = 7 a 9)	35%	25%	41%	32%	30%	26%	31%	29%	27%	26%	20%	31%	34%	26%	33%	33%	28%	35%
% Excelencia (valoración = 10)	1%	1%	1%	0%	1%	3%	2%	2%	2%	1%	2%	2%	3%	3%	2%	6%	6%	7%

SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DA XESTIÓN DA XUNTA	ESTUDOS												
	Sen estudos/ Primarios				Primarios - EXB FP 1 - ESO			Bacharelato - BUP COU - FP 2			Universitarios		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	
% Perigo (por debaixo do limiar; valoración entre 0 e 4)	22%	16%	19%	16%	21%	22%	20%	20%	27%	23%	20%	25%	24%
% Risco (por debaixo do estándar; valoración = 5 ou 6)	32%	41%	36%	50%	48%	40%	47%	47%	54%	45%	55%	53%	46%
% Seguridade (valoración = 7 a 9)	34%	33%	35%	33%	28%	34%	33%	33%	19%	31%	24%	20%	30%
% Excelencia (valoración = 10)	11%	11%	11%	2%	3%	3%	1%	1%	1%	1%	0%	1%	0%

SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DA XESTIÓN DA XUNTA

RELACIÓN COA ACTIVIDADE

	Ocupados			Non-ocupados			Amas de casa			Pensionistas			Parados			Estudantes		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
% Perigo (por debaixo do límite; valoración entre 0 e 4)	20%	24%	22%	17%	21%	22%	17%	23%	21%	21%	18%	23%	12%	24%	27%	12%	18%	17%
% Risco (por debaixo do estándar; valoración = 5 ou 6)	48%	50%	45%	44%	47%	38%	46%	45%	41%	35%	45%	35%	60%	53%	40%	55%	54%	41%
% Seguridade (valoración = 7 a 9)	30%	24%	31%	34%	28%	35%	31%	26%	32%	38%	33%	36%	25%	19%	33%	32%	28%	40%
% Excelencia (valoración = 10)	2%	2%	2%	4%	4%	5%	5%	6%	7%	6%	4%	7%	4%	5%	7%	0%	0%	2%

SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DA XESTIÓN DA XUNTA

HÁBITAT

	Ata 5000			5001-10.000			10.001-50.000			Más de 50.000		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
% Perigo (por debaixo do límite; valoración entre 0 e 4)	16%	16%	16%	17%	18%	20%	19%	24%	22%	19%	19%	26%
% Risco (por debaixo do estándar; valoración = 5 ou 6)	47%	49%	41%	44%	55%	40%	46%	48%	39%	48%	46%	43%
% Seguridade (valoración = 7 a 9)	32%	31%	37%	36%	23%	36%	33%	26%	35%	31%	25%	28%
% Excelencia (valoración = 10)	5%	5%	5%	3%	4%	4%	2%	3%	4%	2%	3%	3%


SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DA XESTIÓN DA XUNTA	PROVINCIA											
	A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
% Perigo (por debaixo do límite; valoración entre 0 e 4)	19%	22%	21%	20%	16%	23%	15%	19%	17%	18%	26%	25%
% Risco (por debaixo do estándar; valoración = 5 ou 6)	49%	50%	42%	43%	51%	43%	43%	49%	41%	48%	47%	40%
% Seguridade (valoración = 7 a 9)	29%	25%	34%	34%	30%	29%	37%	29%	37%	33%	25%	32%
% Excelencia (valoración = 10)	3%	4%	3%	3%	3%	5%	5%	4%	6%	2%	2%	3%

Para rematar, o hábitat máis rural, asociado a idades máis altas e estudos máis baixos, é o que, xeralmente, amosa as taxas máis altas de seguridade, só superado na primeira vaga polo seguinte estrato. Todos os estratos seguen o patrón de fluctuación da seguridade, cunha caída na segunda vaga, pero só o de 10.001 a 50.000 habitantes adopta o patrón de fluctuación inversa do perigo.

Todas as provincias seguen o patrón evolutivo dominante para a seguridade, pero destacan as maiores taxas de Ourense, e todas menos Lugo seguen o patrón inverso na taxa de perigo; Lugo decrece en perigo na segunda vaga e crece na terceira.

Os gráficos coas puntuacións medias para cada un dos grupos permiten unha visión máis sintética, aínda que moito menos detallada, como sabemos. Presentámoslos seguidamente.


EVOLUCIÓN DA VALORACIÓN GLOBAL DA XESTIÓN DA XUNTA segundo o SEXO (xii.2006-dec.2006-xii.2007)



Valores que evolucionaron negativamente con respecto á medición anterior
Valores que evolucionaron positivamente con respecto á medición anterior

EVOLUCIÓN DA VALORACIÓN GLOBAL DA XESTIÓN DA XUNTA segundo a IDADE


(xii.2006-dec.2006-xii.2007)



Valores que evolucionaron negativamente con respecto á medición anterior
 Valores que evolucionaron positivamente con respecto á medición anterior


EVOLUCIÓN DA VALORACIÓN GLOBAL DA XESTIÓN DA XUNTA segundo os ESTUDOS

(xii.2006-dec.2006-xii.2007)




Valores que evolucionaron negativamente con respecto á medición anterior
 Valores que evolucionaron positivamente con respecto á medición anterior

**EVOLUCIÓN DA VALORACIÓN GLOBAL DA XESTIÓN DA XUNTA segundo
a RELACIÓN COA ACTIVIDADE**
(xii.2006-dec.2006-xii.2007)




Valores que evolucionaron negativamente con respecto á medición anterior
Valores que evolucionaron positivamente con respecto á medición anterior

**EVOLUCIÓN DA VALORACIÓN GLOBAL DA XESTIÓN DA XUNTA segundo
o HÁBITAT**
(xii.2006-dec.2006-xii.2007)



Valores que evolucionaron negativamente con respecto á medición anterior
Valores que evolucionaron positivamente con respecto á medición anterior

**EVOLUCIÓN DA VALORACIÓN GLOBAL DA XESTIÓN DA XUNTA
segundo a PROVINCIA
(xII.2006-dec.2006-xII.2007)**



Valores que evolucionaron negativamente con respecto à medición anterior
Valores que evolucionaron positivamente con respecto à medición anterior


Cales son os elementos que están detrás destas valoracións, que sustentan as posicións de risco ou de seguridade? Cales son os máis sensibles para os cidadáns? Nas seguintes liñas repasaremos estes aspectos.

O que xera as puntuacións máis extremas por parte daqueles que o citan é o xuízo global sobre a xestión, seguido polas calidades políticas dos líderes. En segundo plano, cunha importancia superior a 8, están a política económica e fiscal, a honradez ou falta dela e a política social. Perfil de puntos críticos, xa que logo, marcado á vez polo pragmatismo e pola política.

Noutro grupo, con valores superiores a 7 e inferiores a 8, as políticas concretas, en primeiro lugar, sanidade, vivenda, educación, infraestruturas, e despois a ideoloxía, o cumprimento do prometido e outras políticas, a de emprego e a de medio ambiente.

Entre 6 e 7, aparecen no modelo de Estado e nos pactos de goberno. Por encima de 5, a xestión nesgada e, por último, as relacións entre os partidos quedan xa por debaixo do valor 5.

Índice de importancia (capacidade para producir impacto-percepción da xestión da Xunta)



Unha cousa son os factores que xeran as puntuacións máis extremas cando son citados, e outra moi distinta, cales teñen máis impacto en cada momento, o que depende tanto da súa capacidade para influír como da frecuencia coa que aparecen como resposta.

Nas seguintes liñas saberemos que razóns dan os enquisados para puntuar a Xunta con menos de 7 puntos e que impacto producen en termos do risco xerado.

Na primeira vaga, a xestión en xeral, mellor dito, os xuízos globais sobre esta acumulaban máis risco que ningunha outra fonte, aínda que con moi pouca diferenza respecto ás catro seguintes: os políticos, as infraestruturas e os transportes, a política económica e fiscal e os servizos públicos. A primeira tiña un peso do 14% e a última das citadas do 10%. Coa metade do peso da primeira fonte, encabezaba outro grupo o cumprimento do prometido, que se pechaba co 5% atribuíble ao modelo de Estado.

Pois ben, se o trazo dominante na primeira vaga era a dispersión, na segunda ten lugar unha concentración importante, que alcanza o 47% do risco total na política ambiental, que crece así máis de 40 puntos.

Parece difícil, entón, que o incremento do risco en xeral e do perigo en particular, producido na segunda vaga, non teña nada que ver cos acontecementos do verán do 2006, sobre todo se o impacto sobre o risco experimenta unha viraxe como a descrita.

E que pasa no 2007? Pasan tres cousas: por unha banda, segue perdendo peso o xuízo xeral (e non é neste caso, por ningún efecto do cuestionario, posto que desta volta as respostas non se precodificaron nin tampouco houbo suxestións); en segundo lugar, algunhas fontes que perderan peso na segunda vaga recupéranos, por exemplo, as infraestruturas, a política económica

e fiscal e os servizos públicos; para rematar, a política ambiental deixou un residuo que segue colocando esta fonte como a primeira de risco, aínda que cun peso moi inferior ao do outono do 2006. Ao cabo, a política ambiental, a política fiscal, os servizos públicos e as infraestruturas e transportes acumulan, na orde expresada, case o 60% do risco. Ademais, medrou de xeito continuo, polo que pode considerarse xa unha ameaza, o impacto negativo das relacións entre os partidos.

FONTES DE RISCO DA XUNTA	TOTAL			SEXO					
				Home			Muller		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Xestión en xeral	14%	11%	9%	12%	11%	9%	16%	11%	8%
Xestión en xeral	9%	7%	5%	10%	7%	5%	9%	7%	5%
Todo mal	3%	1%	1%	2%	1%	1%	5%	1%	1%
Forma de actuar (sen proxecto, nesgada, inactiva)	2%	3%	2%	1%	3%	3%	3%	3%	2%
Os políticos	13%	7%	5%	15%	7%	6%	10%	7%	4%
Calidades políticas	8%	4%	2%	9%	3%	3%	7%	4%	1%
Calidades persoais	5%	3%	3%	6%	3%	4%	3%	4%	2%
Infraestruturas - transportes	12%	4%	11%	12%	5%	11%	13%	3%	11%
Política económica e fiscal	12%	7%	16%	11%	6%	15%	15%	9%	16%
Política económica e fiscal	8%	5%	11%	8%	5%	12%	8%	5%	10%
Política de emprego	4%	2%	5%	2%	1%	4%	7%	3%	6%
Xestión servizos públicos	10%	4%	14%	9%	4%	12%	12%	5%	16%
Educación	6%	2%	7%	5%	1%	6%	7%	3%	9%
Sanidade	4%	1%	6%	3%	1%	4%	5%	2%	7%
Cultura e lecer	0%	1%	1%	0%	1%	1%	0%	0%	1%
Cumprimento do prometido	7%	6%	6%	8%	5%	7%	6%	6%	4%
Política medioambiental	6%	47%	17%	7%	47%	17%	4%	47%	18%
Política social	6%	1%	3%	4%	1%	2%	9%	1%	4%
Política de vivenda	5%	2%	6%	5%	2%	5%	4%	3%	7%
Modelo de estado	5%	3%	2%	7%	3%	3%	2%	2%	1%
Relacións entre partidos, pactos	1%	4%	7%	1%	5%	9%	0%	3%	5%

De observarmos o fenómeno máis rechamante, o que atinxe ao medio ambiente, compórtase igual nos dous xéneros, tanto no seu crecemento como na súa parcial persistencia, e o mesmo sucede, para esta variable coas demais fontes.

Por idade, todos os grupos, en realidade todas as categorías de todas as variables de análise, participan do enorme crecemento dos problemas ambientais no outono do 2006. Destaca o menor impacto desta fonte entre os maiores de 60 anos, único grupo de idade no que non alcanza o 40%; entre 30 e 34 anos e entre 45 e 59 anos supera o 50%.

No relativo retorno á normalidade na terceira vaga, o medio ambiente mantén un peso relativamente alto por debaixo dos 30 anos, con valores non inferiores ao 20%. O grupo de 30 a 34 anos, onde os problemas medioambientais tiñan maior peso (58%), cae máis de 40 puntos, quedando como primeira fonte, por riba do 20%, a política económica e fiscal. A ameaza das relacións entre os partidos é máis grande a partir dos 45 anos.

FONTES DE RISCO DA XUNTA	IDADE																				
	TOTAL			16-24			25-29			30-34			35-44			45-59			60 e máis		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3			
Profesionais	36%	39%	27%	45%	40%	36%	36%	40%	27%	32%	38%	25%	31%	33%	19%
Calidade do servizo	27%	21%	32%	25%	16%	35%	29%	22%	32%	23%	20%	29%	27%	27%	31%
Cantidade e variedade da oferta	11%	9%	11%	10%	9%	6%	10%	8%	10%	15%	9%	17%	12%	11%	19%
Eficacia do servizo	10%	11%	8%	5%	8%	5%	11%	12%	8%	10%	9%	7%	10%	9%	11%
Condições económicas	9%	5%	9%	8%	5%	7%	8%	5%	10%	10%	8%	9%	11%	7%	10%
Equipamento e instalacións do servizo	5%	5%	4%	4%	5%	4%	4%	5%	3%	9%	9%	4%	6%	4%	3%
Información do servizo	0%	0%	2%	0%	0%	1%	0%	0%	3%	0%	0%	2%	0%	0%	0%
Horarios	0%	1%	6%	0%	0%	5%	0%	1%	7%	0%	0%	6%	0%	1%	6%

FONTE DE SEGURIDADE DOS SERVIZOS PRIVADOS	RELACIÓN COA ACTIVIDADE																				
	TOTAL																				
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Ocupados			Non-ocupados			Amas de casa			Pensionistas			Parados			Estudantes		
Profesionais	36%	39%	27%	36%	36%	25%	37%	41%	29%	41%	49%	28%	39%	40%	35%	32%	34%	19%	28%	29%	23%
Calidade do servizo	27%	21%	32%	27%	22%	29%	27%	21%	34%	24%	17%	37%	32%	21%	33%	32%	29%	32%	21%	24%	31%
Cantidade e variedade da oferta	11%	9%	11%	10%	10%	13%	12%	8%	10%	13%	7%	10%	8%	7%	8%	16%	7%	10%	16%	13%	14%
Eficacia do servizo	10%	11%	8%	10%	12%	8%	9%	8%	8%	8%	9%	6%	6%	9%	9%	4%	8%	19%	13%	12%	4%
Condições económicas	9%	5%	9%	9%	6%	10%	8%	5%	9%	6%	3%	7%	7%	5%	8%	8%	7%	11%	15%	8%	13%
Equipamento e instalacións do servizo	5%	5%	4%	6%	7%	3%	4%	4%	4%	5%	5%	3%	5%	3%	3%	9%	5%	3%	3%	3%	6%
Información do servizo	0%	0%	2%	0%	0%	3%	0%	0%	2%	0%	0%	3%	0%	0%	1%	0%	0%	0%	0%	0%	1%
Horarios	0%	1%	6%	0%	0%	8%	0%	0%	5%	0%	0%	5%	0%	0%	4%	0%	0%	8%	0%	0%	6%

FONTES DE SEGURIDADE DOS SERVIZOS PRIVADOS	HÁBITAT														
	TOTAL			Ata 5000			5001-10.000			10.001-50.000			Máis de 50.000		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Profesionais	36%	39%	27%	40%	37%	29%	36%	38%	23%	35%	42%	28%	35%	51%	28%
Calidade do servizo	27%	21%	32%	29%	25%	29%	22%	22%	31%	24%	17%	35%	28%	14%	31%
Cantidade e variedade da oferta	11%	9%	11%	9%	12%	8%	13%	9%	13%	14%	7%	10%	10%	5%	14%
Eficacia do servizo	10%	11%	8%	8%	5%	10%	13%	12%	8%	11%	13%	9%	9%	5%	5%
Condições económicas	9%	5%	9%	8%	6%	12%	6%	5%	12%	8%	6%	7%	10%	12%	9%
Equipamento e instalacións do servizo	5%	5%	4%	4%	7%	4%	7%	5%	3%	5%	5%	2%	5%	5%	5%
Información do servizo	0%	0%	2%	0%	0%	2%	0%	0%	4%	0%	0%	1%	0%	0%	2%
Horarios	0%	1%	6%	0%	0%	5%	-	1%	5%	0%	1%	7%	0%	0%	7%

FONTE DE SEGURIDADE DOS SERVIZOS PRIVADOS	PROVINCIA														
	TOTAL			A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Profesionais	36%	39%	27%	38%	40%	25%	40%	40%	33%	36%	38%	23%	32%	33%	29%
Calidade do servizo	27%	21%	32%	27%	16%	33%	24%	22%	25%	33%	20%	35%	26%	27%	32%
Cantidade e variedade da oferta	11%	9%	11%	10%	9%	13%	10%	8%	7%	6%	8%	12%	15%	11%	11%
Eficacia do servizo	10%	11%	8%	7%	8%	8%	12%	12%	11%	13%	9%	6%	10%	9%	7%
Condições económicas	9%	5%	9%	10%	5%	8%	8%	8%	13%	5%	8%	11%	9%	7%	9%
Equipamento e instalacións do servizo	5%	5%	4%	6%	5%	3%	4%	5%	2%	4%	9%	5%	4%	4%	4%
Información do servizo	0%	0%	2%	0%	0%	2%	0%	0%	3%	0%	0%	2%	0%	0%	1%
Horarios	0%	1%	6%	0%	0%	6%	0%	0%	6%	0%	0%	0%	0%	0%	7%

Respecto dos niveis de estudos paga a pena destacarmos que os máis informados inciden en menor medida nos profesionais, e a partir da segunda vaga, tenden a diferenciarse positivamente polo maior impacto da oferta. Pola contra, os que posúen menos estudos, en clara asociación coas idades máis altas, experimentan maior impacto positivo dos profesionais.

Entre ocupados e non-ocupados a diferenza máis notable reside na influencia que resulta ter a profesionalidade, maior entre os non-ocupados, aínda que sen grandes diferenzas. Dentro dos non-ocupados, rachan coa regra xeral os parados e os estudantes, cunha ruptura asociada á idade. Ambos se distinguen aínda máis que os ocupados polo menor peso dos profesionais. A oferta e o prezo é o que máis diferencia os estudantes polo maior impacto comparativo que lles produce en termos de seguridade.

O hábitat e a provincia non mostran pautas claras de distinción, pois as diferenzas son pequenas e con fluctuacións.

A enquisa permite aproximarse aínda máis aos factores que xeran as puntuacións máis altas ou por baixo do estándar, en función do servizo privado concreto. Desta volta seleccionáronse os sete que teñen información dun número de casos suficiente como para que as súas puntuacións sexan representativas.

Comezando polos factores que orixinan as puntuacións por debaixo do estándar, o prezo inflúe diferencialmente nos consumos de alimentación, de vestido e calzado, cunha tendencia ao crecemento tamén no lecer. Os profesionais non distinguen negativamente os servizos concretos, agás nalgún momento, principalmente na primeira vaga, o vestido e o calzado, a hostalería e a banca. A eficacia e a calidade inflúen máis nas comunicacións (a eficacia tamén na banca), e a oferta na hostalería, cunha tendencia crecente tamén no vestido e no calzado.

ÚLTIMO SERVICIO PRIVADO UTILIZADO

TOTAL

FONTES DE RISCO DOS SERVICIOS PRIVADOS

	Produtos de alimentación e bebidas			Vestido e calzado			Saúde			Comunicacións			Lecer, espectáculos e cultura			Hotels, cafés e restaurantes			Servizos bancarios e financeirosiros						
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3				
Condicions económicas	45%	47%	42%	55%	60%	50%	52%	39%	35%	29%	47%	27%	21%	43%	17%	32%	2%	66%	23%	25%	34%	39%	53%	22%	
Profesionais	17%	10%	13%	11%	7%	12%	28%	23%	12%	25%	1%	4%	6%	4%	10%	9%	5%	0%	31%	11%	10%	24%	12%	25%	
Calidade do servizo	14%	16%	9%	11%	15%	7%	6%	16%	10%	12%	0%	8%	8%	17%	20%	16%	11%	10%	25%	24%	16%	24%	15%	0%	
Cantidad e variedade da oferta	10%	8%	14%	12%	11%	15%	6%	9%	22%	7%	3%	26%	8%	0%	18%	18%	38%	13%	5%	1%	11%	1%	5%	7%	
Eficacia do servizo	6%	5%	9%	2%	1%	6%	6%	4%	6%	3%	0%	7%	48%	4%	22%	10%	0%	5%	1%	10%	14%	8%	14%	21%	
Equipamento e instalacións servizo	6%	6%	5%	8%	4%	3%	2%	5%	0%	17%	21%	14%	6%	14%	0%	9%	12%	6%	5%	12%	12%	0%	0%	6%	
Horarios	0%	1%	4%	0%	0%	2%	0%	0%	6%	0%	22%	5%	0%	0%	6%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	1%	0%	0%	8%

No plano da seguridade, os profesionais inflúen moito máis nos servizos da saúde e nos bancarios. Cando se trata do corpo ou do diñeiro, a confianza entra en xogo moito máis que en calquera outro espazo, e a confianza actualízase na relación coas persoas que representan as organizacións que prestan o servizo.

Oferta e prezo distinguen positivamente a alimentación, a maiores, o prezo distingue tamén o vestido. A calidade e/ou a eficacia sustentan diferencialmente a percepción positiva das comunicacións, do lecer e da hostalería. Neste último caso, no punto de partida había tamén outra distinción, a dos profesionais, pero foi perdendo peso.

En suma, o risco e a seguridade posúen algúns factores dominantes nalgúns servizos, ben como factores comúns ao risco e á seguridade, ben polo seu elevado peso nun dos espazos: prezos na alimentación e vestido, eficacia nas comunicacións, profesionalidade na saúde e na banca. Resulta negativo o equipamento na saúde.

ÚLTIMO SERVICIO PRIVADO UTILIZADO

FONTES DE SEGURIDADE DOS SERVICOS PRIVADOS	TOTAL			Productos de alimentación e bebidas			Vestido e calzado			Saúde			Comunica- cións			Lecer, espectáculos e cultura			Hotéis, cafés e restaurantes			Servizos bancarios e financeiros		
	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3	Vaga 1	Vaga 2	Vaga 3
Profesionais	36%	39%	27%	27%	34%	21%	38%	46%	21%	65%	58%	46%	17%	20%	10%	33%	9%	12%	47%	42%	24%	53%	51%	48%
Calidade do servizo	27%	21%	32%	31%	20%	34%	19%	23%	29%	16%	12%	25%	25%	37%	33%	17%	31%	38%	35%	27%	38%	14%	25%	26%
Cantidade e variedade da oferta	11%	9%	11%	18%	17%	17%	17%	8%	16%	5%	1%	4%	1%	4%	7%	2%	6%	4%	3%	3%	8%	1%	0%	1%
Eficacia do servizo	10%	11%	8%	4%	5%	4%	2%	8%	8%	7%	12%	7%	53%	30%	21%	28%	30%	8%	2%	7%	13%	29%	9%	16%
Condições económicas	9%	5%	9%	10%	7%	12%	19%	10%	16%	1%	0%	3%	2%	1%	8%	8%	3%	11%	8%	4%	6%	1%	1%	1%
Equipamento e instalacións do servizo	5%	5%	4%	8%	9%	3%	2%	1%	2%	3%	4%	3%	0%	0%	0%	8%	4%	11%	5%	6%	7%	1%	0%	2%
Información do servizo	0%	0%	2%	0%	0%	1%	0%	0%	2%	0%	0%	6%	0%	0%	4%	0%	0%	7%	0%	0%	0%	0%	0%	4%
Horarios	0%	1%	6%	0%	0%	7%	0%	0%	4%	1%	0%	7%	0%	3%	16%	0%	4%	8%	0%	0%	3%	1%	0%	3%

4. CONCLUSIÓN

O marco global en que se insire Galicia, ou sexa, España, é percibido polos galegos, na secuencia das tres medicións analizadas, de xeito estable, sen variacións significativas.

No interior de Galicia, os municipios onde residen os nosos entrevistados, na mesma secuencia, tamén son percibidos nunha liña dominada pola estabilidade.

A fonte de risco e seguridade con máis capacidade para influír sobre a percepción de Galicia, que tamén está no primeiro nivel da escala de importancia na percepción de España e dos municipios, é dicir, os servizos públicos, amosa igualmente unha percepción estable nas dúas medicións, a do 2006 e a do 2007.

Só, os servizos privados experimentan unha moderada melloría na súa percepción na última medición.

A percepción de Galicia foi estable no 2006 e mellora significativamente no 2007. Isto é o que sucede co obxecto principal da percepción neste estudo. De xeito paralelo, o que sucede co goberno, quen especificamente, ten a misión de actuar sobre este obxecto, de mellorar a vida dos galegos, é unha sucesión de variacións relativamente importantes, a saber:

1. Despois da primeira medición na primeira parte do verán do 2006, na segunda, cara ao final do outono do mesmo ano, a percepción da Xunta empeorou. Que ocorreu? O verán, xusto despois da primeira medición, estivo presidido pola catástrofe da vaga de incendios que sementou a alarma na sociedade galega e que repercutiu en todo o país.
2. No 2007, un ano despois da primeira medición, a percepción da Xunta mellora, co que supera a depresión do outono do 2006.

Se aceptarmos, provisionalmente, a influencia dos incendios do verán do 2006, debemos aceptar que non influíron sobre a percepción de Galicia, pero si sobre a percepción da Xunta.

Quere dicir, a percepción positiva de Galicia, que, como sabemos desde a primeira medición, se sustenta fundamentalmente en elementos de identificación, coma os valores do contorno e da xente, é pouco sensible a unha catástrofe. Presenta a solidez propia dos símbolos ante a adversidade, mentres que o goberno, exposto á sospeita, como todo goberno, recibe os danos, ou, para ser máis exactos, unha parte dos danos e unha parte do mérito da xestión da crise (a división partidaria que preside a percepción no ámbito político ten sempre este efecto), cun saldo negativo.

No verán do 2007 (a enquisa, no 2007 estendeuse á segunda parte do verán tamén), sen incidentes ambientais destacables, a Xunta recupera o terreo perdido e aquí coincide na tendencia con Galicia e cos servizos privados, e faino cun perfil de fontes de risco e seguridade interesante.

O que esperta o noso interese é a parcial persistencia do asunto dos incendios, xa como fonte de risco, xa como sustento da seguridade, pero coa particularidade de que a pegada é máis profunda no espazo da seguridade.

Aparentemente, entón, a Xunta non resultou tan prexudicada pola crise. Dentro da dualidade perceptiva, condicionada pola división partidaria, a Xunta recupera o terreo perdido e, en parte, faino sobre a xestión da crise ambiental do 2006.

Tamén é certo que, nin na percepción de Galicia nin na dos seus municipios, factor interno máis importante daquela, nin na da Xunta atopamos os problemas ambientais encabeizando as fon-

tes con maior capacidade para influír. Son máis importantes para os galegos os servizos públicos, por exemplo, en todos os ámbitos.

Ademais, o que degrada ou eleva máis a percepción destes ámbitos, vaga tras vaga, non ten nada que ver cos acontecementos do verán do 2006, senón que son as fontes de risco como a economía, a xestión dos gobernos en xeral, a calidade de vida ou as fontes de seguridade como os valores do contorno e da xente, e a calidade de vida.

A isto debemos engadir que se o factor interno máis importante da percepción de Galicia é a percepción do municipio de residencia, asemade o factor máis importante desta é a percepción da Xunta.

Existe unha tentación permanente, que afecta a todas as organizacións orientadas ao público, sexan políticas ou empresariais: a propaganda. A mercadotecnia normalmente opera baixo a fantasía de que o único importante é a eficacia comunicacional. Desde este punto de vista, a Xunta obtería un notable éxito con posterioridade á crise, xa que logrou inverter un efecto que, de primeiras, pareceu moi negativo. Non conseguiu que se esquecera pero si logrou un saldo positivo na persistencia da presenza positiva e negativa da xestión da crise. E este triunfo débese ao éxito da comunicación, sen que isto descarte nin moito menos un éxito da xestión de recursos e da organización, posto que as crises se dirimen no plano da opinión pública, dominado polos medios.

Alcanzar o éxito nunha situación así está moi ben, mesmo pode dicirse que é un requisito necesario para gobernar, pero iso non debe ocultar algo aínda máis importante: hai necesidades permanentes que atender e hai oportunidades para o crecemento dunha sociedade e do seu goberno.

As necesidades proceden do contraste entre o que produce risco no espazo de referencia, isto é, en Galicia, nos seus municipios, nos seus servizos, e o que sustenta a seguridade do goberno.

O que produce risco é a economía, a propia xestión dos gobernos rexional e locais, coas ameazas crecentes da (mala) consideración dos políticos e dos partidos, da vivenda, e, especificamente no ámbito local, das infraestruturas.

A seguridade da Xunta ten os seu alicerces no traballo sobre as infraestruturas, na política económica, na xestión ambiental, na política social e nos servizos públicos, pero, en contrapartida, a súa xestión en xeral, o seu desenvolvemento das infraestruturas, a súa política económica, os servizos públicos e o medio ambiente sustentan tamén as posicións de risco.

Xa que logo, a xestión da Xunta, en efecto, ponse a proba nos terreos de acción necesaria, onde consegue éxitos perceptivos concretos, como demostra o maior peso positivo do desenvolvemento das infraestruturas, ou a maior persistencia do efecto positivo da xestión ambiental.

Isto indica que a percepción da Xunta non só se basea nunha xestión máis ou menos afortunada dunha crise, senón que hai outros elementos que apoian a recuperación desta percepción no 2007. E tamén sinala que cómpre continuar e intensificar a actuación sobre estes mesmos elementos que subliñamos e, ademais, sobre os que cualificamos de ameazas e que non aparecen aínda como elementos perceptivos asociados á Xunta, pero que poderían estar latentes na primeira fonte de risco, o xenérico reproche á xestión en xeral. A máis concreta destas ameazas é a vivenda, pero non hai que esquecer tampouco a cuestión dos políticos e dos partidos, que, malia non ser un problema exclusivo de goberno, merece consideración no exercicio do mesmo.

As oportunidades, pola súa banda, xorden do contraste entre a capacidade das fontes de risco e de seguridade para incidir, e a incidencia realmente producida. Unha oportunidade é unha fonte que ten importancia e que está a producir relativamente pouco impacto.

A mellor oportunidade represéntana os servizos públicos, pois constitúen o elemento con maior capacidade para repercutir na percepción de Galicia, pero este non é o caso. Non inflúen nin para ben, nin para mal, así como tampouco inflúen nos municipios, onde pola súa capacidade poderían facelo. Por último, si exercen unha influencia sobre a percepción da propia Xunta, mais queda nun segundo plano, tanto se o valor é negativo como positivo.

Se os servizos públicos foren un problema agudo, incluíríanse entre as actuacións necesarias. Pero como isto non acontece, unha política posible consiste en mantelos sen degradación apreciable. Con todo, se a Xunta quere progresar significativamente, facendo progresar Galicia como lugar para vivir, a súa mellor oportunidade, e sempre coa condición de que resolva con eficacia a xestión das necesidades sinaladas máis arriba, é mellorar os servizos públicos. Que o factor interno máis importante da percepción de Galicia sexa a percepción do municipio sinala, ademais, cal debe ser o espazo privilexiado de actuación.

ANEXO I: ENFOQUE DA INVESTIGACIÓN. METODOLOXÍA

1. Introducción. Na encrucillada: por que adoptar un enfoque ou outro?

O obxecto último do estudo é a sociedade galega, perfilada desde unha perspectiva analítica particular, tanto á hora de focalizar a observación sobre uns elementos ou outros (espazos e niveis da percepción), como á hora de focalizar as mostras sobre uns colectivos ou outros. O punto de vista que en todo momento adoptamos é o da **percepción** que os cidadáns teñen sobre diversos obxectos definitorios do espazo público.

Pois ben, o primeiro que cómpre sinalar, no plano metodolóxico, é que a percepción pertence á orde da casuística, non da estrutura. A percepción é concreta e case tan variada coma o produto das situacións polos individuos. Polo tanto, o seu lugar non é o discurso senón a declaración puntual.

En efecto, resulta van o intento de atrapar a percepción no discurso, posto que o discurso eleva todo ao plano ideolóxico (das ideas sobre a realidade), é dicir, ao plano das imaxes, onde se perde a percepción, anulada na súa especificidade polo estereotipo.

Daquela, o que propomos é que a metodoloxía se cinga ás esixencias dos obxectivos, de acordo coa natureza destes: se dos elementos determinantes do comportamento dos actores (en xeral) debemos tomar como centro do noso traballo a percepción, e esta corresponde á orde da casuística, abordémola no plano da casuística, preguntándolle a cada individuo dunha mostra representativa dos cidadáns pola súa percepción.

Pensamos que é posible facer isto mediante a enquisa, baixo o enfoque metodolóxico distributivo, pois todos os compoñentes do proceso cognitivo da percepción son medibles. A esta cuestión dedicáremoslle un certo espazo máis adiante. Polo contrario, entendemos que na práctica non sería posible facer isto mediante entrevistas abertas ou grupos de discusión, baixo o enfoque estrutural, xa que o intento desembocaría nun deseño semellante ao da mostraxe estatística, moito máis custoso e menos produtivo, porque a interferencia das imaxes interporíase continuamente, censurando e desfigurando as percepcións concretas.

2. Como medir a percepción? obteremos información relevante, fiable e exhaustiva?

Sen perdermos de vista o noso obxectivo, medirmos a percepción, explicaremos tamén, cal é na nosa opinión o método máis axeitado para este fin e que resultados produce.

Cando se mide a percepción, adoitan cometerse tres erros clásicos, tan importantes coma frecuentes.

O primeiro erro consiste en preguntarlle ao entrevistado por todos os detalles identificados con anterioridade polo analista —preguntámoslle tanto por aquilo que lle atinxe coma polo que non, por aquilo que conecta coas súas necesidades concretas coma polo que non ten nada que ver con elas— deste xeito, limitámonos a proxectar a nosa percepción do proceso ou dos procesos que queremos abordar sobre o cidadán, e censuramos a súa propia percepción. Este erro, a maiores, presenta outro inconveniente, pois non se trata só de que demostremos que non nos interesa o cidadán. Aínda por riba, cando dicimos que medimos a percepción, omitimos por completo canto se sabe acerca de como se produce esa percepción. E o que resulta máis grave, omitimos o xeito en que verdadeiramente a percepción produce impacto sobre a sociedade e

sobre o comportamento. En consecuencia, producimos información irrelevante, cando non enganosa, por máis que formalmente sexa impecable.

En segundo lugar, cando descompoñemos un país ou os seus servizos nas súas partes e sometemos cada unha delas ao xuízo do cidadán, poñemos a este na posición (falsa) do analista, co resultado esperable dunha escasa calidade da medición. A mala calidade da medición é o principal inimigo da **fiabilidade**.


Finalmente, e como colofón aos dous erros anteriores, cando preguntamos aos cidadáns por cuestións que son irrelevantes para eles, estamos a amolar e a causar descougo nos entrevistados, o que sempre é negativo (xa é hora de que a investigación teña en conta os efectos dos seus dispositivos de produción primaria de información na vida da xente) e non produce bos resultados.

Non é posible medir ben a percepción sen cumprir dúas condicións: prestar atención á voz do cidadán, sen constrinxir a súa expresión, e atender os pasos do proceso de percepción. A dicir verdade, se cumprimos con rigor a segunda condición, cumprimos a primeira.

Polo tanto, o noso punto de partida será unha teoría sobre a percepción que guíe os nosos pasos posteriores.

O proceso de percepción parte do real, pero non é o real, pois ten lugar unha mediación, a través dos sentidos e do cerebro, que fai que o real chegue á conciencia dos suxeitos amplificado, amortecido, deformado...

En calquera caso, o proceso é sempre o mesmo e ten algunhas características fundamentais invariables, que representamos no esquema adxunto.



En primeiro lugar, o real chega ao suxeito, filtrado por múltiples mediacións, e produce un impacto sobre o eixe principal que orienta o seu comportamento. No caso da sociedade, o eixe principal do comportamento permite contrastar o que se paga (impostos, prezos) e o que se recibe (servizos), ou, se se prefire, o que se espera por oposición ao que se recibe.

Desta maneira, cando algo sucede, inmediatamente (o cidadán sempre ten activada a súa demanda) incide sobre algunha forma de percepción global.


Pero os humanos, polo menos aqueles cuxa cultura arrinca da tradición grega e latina, non atuamos os baleiros de razón. De forma que, cando a un cidadán lle pasa algo que repercute apreciablemente sobre a súa percepción global nalgún nivel, inmediatamente procura unha causa, só deste xeito, pode encerrar a percepción nun xuízo. A unión percepción-xuízo é necesaria, tanto se a explicación é verdadeira como se é falsa, e forma parte indisoluble da percepción.

Por último, pechado o proceso da percepción, o cidadán tenderá a reaccionar dalgún xeito no marco limitado das súas posibilidades. Esta reacción, agregada, produce un efecto colectivo que provoca que as sociedades se desenvolvan máis ou menos e de variadas formas, coas consecuencias económicas, sociais e políticas que diso se deriven.

De acordo con este esquema do proceso, quedan marcados os puntos da medición, pois, necesariamente, deberemos medir en que fallan as cousas, en que funcionan ben, cal é a percepción global, por que algo se clasifica coma un fallo ou coma un acerto (na percepción do cidadán) e cal vai ser a reacción previsible.

Con toda esta información, poderemos avaliar o efecto agregado ao que aludimos antes, en termos dun índice que chamamos de *risco* (*social neste caso*).

Pero, como organizamos e concretamos a medición de todos estes indicadores? Obviamente, debemos remitir, segundo o postulado, ao obxectivo do estudo.



As preguntas aos cidadáns teñen un interese descritivo e analítico porque a percepción destes representa o éxito ou o fracaso social. Quere dicir, preguntámoslles aos cidadáns porque a súa percepción é síntoma central do estado do país. E o estado do país depende do **impacto global** que produce o que pasa (e do signo dese impacto), depende de se a percepción dana ou non substantivamente o conxunto articulado da súa expectativa.

É esta unha cuestión crucial, pois convén decatarse de que **non é a listaxe de problemas posibles o que importa, senón o problema ou os dous ou tres problemas (como moito) que destrúen a expectativa, cando non a deterioran apreciablemente, dun cidadán calquera**. A secuencia correcta é a seguinte:

A sociedade desenvólvese con determinados éxitos e con determinados fracasos; uns e outros sitúanse, obxectivamente, en relación con certas dimensións ou atributos teoricamente perceptibles por parte do cidadán.

Agora ben, pode que o cidadán, polo xeito específico en que eses atributos se articulan coas súas necesidades concretas, expectativas, demandas... non perciba un éxito ou un fracaso determinado da sociedade. **Neste caso, de nada nos serve saber como valora o cidadán cada un dos atributos; ademais, o cidadán terá pouco interese por valoralos e, con frecuencia, estará tamén pouco capacitado para iso**.


No caso de que o cidadán si percibise un éxito ou un fracaso determinado da sociedade parecería, polo menos nun exame superficial, que aquí si nos interesaría saber como valora o cidadán os atributos implicados, pero continuemos co razoamento.

Pode que esa percepción do cidadán, negativa ou positiva, non alcance a modificar a súa percepción global, é dicir, que non teña impacto sobre as súas necesidades nin sobre as súas expectativas. **Igualmente, neste caso, non serve de nada saber como o cidadán valora cada un dos atributos**.

E é posible que si, que a percepción do cidadán modifique de forma apreciable, incluso radical, a súa percepción global, que teña un impacto importante en relación coas súas necesidades ou expectativas. **Neste caso si que nos interesa descender ao nivel da dimensión ou do atributo do servizo**.

Pero, interézanos saber como valora o cidadán ese atributo? Se somos consecuentes co noso obxectivo, a resposta é **non**. O que de verdade nos interesa é rexistrar que fallou (desde a percepción do cidadán), contra que necesidade ou expectativa atentou, que faltou para que as cousas funcionen correctamente... e ponderar a información en relación co impacto global, isto é, **canto se deteriorou a percepción global, pois deste canto dependerá, loxicamente, a cantidade de risco (custo social) que xerou o fallo; simetricamente, podémolo ver desde o lado da seguridade (beneficio social)**.

En consecuencia co proceso de percepción, coa correspondente medición dos fitos do citado proceso, obteremos uns resultados. Para ver a correspondencia dos tres niveis, proceso-mediación-resultados, moi sinteticamente, pódese examinar o esquema seguinte.



Pero, se esta correspondencia, sobre todo a que vincula a medición co proceso de percepción, garante a relevancia e a fiabilidade, obteremos acaso datos moi relevantes e fiables, pero deixaremos fóra moitas cousas menos relevantes cuxo impacto agregado potencial é, porén, moi apreciable ou podería selo?

A resposta é múltiple. En primeiro lugar, hai que dicir que, situados como estamos na orde da casuística, a experiencia demostra que a percepción concreta é variadísima. Ben que se poden agregar as percepción individuais en grandes dimensións ou en dimensións intermedias, a composición destas contén, en xeral, moitos e moi variados detalles. Todos os detalles? Non, pero si todos os que, na realidade actual, poden producir algún impacto.

Agora ben, a expresión «na realidade actual» sinala unha limitación, que é a da construción do futuro. Ao respecto, hai que dicir, en primeiro termo, que debemos renunciar á ilusión de que escoitando o cidadán se vai perfilando inmediatamente o mellor futuro. O cidadán non constrúe o futuro; transmítenos a súa interpretación da realidade actual. Esa interpretación non é útil en si mesma, senón a través da análise. E a análise ten dous grandes niveis. O primeiro é o nivel da análise cuantitativa, que comeza no deseño da medición e remata na construción de determinados índices. Identifica, sinala, ordena, asocia, pero, en por si, non constrúe. O segundo é o nivel da análise cualitativa, que integra a análise cuantitativa na perspectiva do coñecemento da sociedade, e serve de base para a construción da realidade.

Polo tanto, a construción do futuro, o seu deseño, non pode ser un resultado inmediato da análise cuantitativa que aquí realizamos, que fala directamente da realidade actual, senón que debe ser producida, sobre a base da información cuantitativa, construtivamente. É dicir, o futuro hai que inventalo, pero con coñecemento pertinente. E os proxectos invéntanos os analistas e os políticos, non os cidadáns.

3. A xerarquización dos atributos

Coa metodoloxía que propomos, os atributos quedan inmediatamente xerarquizados en tres dimensións, que poden ser tratadas, para maior facilidade de lectura dos resultados, como dúas:

1. A importancia dos atributos.

Esta é unha cuestión, como se sabe, de moi difícil manexo, que, desde sempre, supón un reto para a investigación. Obter valoracións ou opinións dos suxeitos con fiabilidade non é unha tarefa doada, pero faise habitualmente con éxito. Agora ben, cando de medir a importancia das cousas se trata, as dificultades son case insuperables.

Se sometemos a cuestión directamente aos entrevistados sen precaucións, os resultados serán, de forma inexorable, 'aplanados' e sobrevalorados por un efecto que podemos chamar de 'insaciabilidade' do suxeito. Iso fai imprescindible tomar a precaución de limitar o valor atribuíble polo suxeito a un compoñente polo custo correlativo que deberá soportar nos demais. Pero, cando temos moitos compoñentes, os dispositivos orientados a esta función (por exemplo, os sistemas *Trade Off* ou *Conjoint Analysis*) amósanse tecnicamente inviables ou inaccesibles polo custo.

Non nos imos estender discutindo os variados procedementos ensaiados para xerarquizar pola súa importancia os compoñentes dun sistema de atributos, senón que entraremos directamente na nosa proposta.

A primeira cuestión que hai que despexar é **que podemos entender por importancia dos compoñentes da percepción**. Contemplamos dous enfoques alternativos.

Desde unha certa perspectiva, podemos pensar que existe unha xerarquización de tipo estrutural e estable, que ordena os atributos, sequera dunha forma parcial (isto é, como unha árbore con distintas ramas). Se isto for así e se puider medir, tal medida serviría para ponderar as valoracións e axudaría, sen dúbida, a tomar decisións de priorización máis acertadas. Mesmo axudaría a tomar decisións previas ás valoracións.

Desde outra perspectiva, máis próxima á realidade accesible, poderíamos pensar que o máis importante é aquilo que é máis urxente mellorar.

Ambas as ideas son incompletas e compatibles. A primeira é interesante; parte dunha hipótese que sabemos certa (hai unha orde estrutural; de feito, toda estrutura é parcialmente ordenada), pero non hai unha árbore, senón diversas árbores e, ademais, a medición da importancia nun sistema tal, non pode ser nunca estable, pois ha de depender necesariamente da valoración. Polo tanto, mantemos que si hai unha orde estrutural, pero non hai unha medida estable que a represente, senón que, cuantitativamente, ten moitos estados posibles (sen necesidade de rupturas estruturais), condicionados, entre outras cousas, pola valoración (pola percepción que esta representa, máis ben).

A segunda é unha perspectiva, tal como a formulamos deliberadamente, pragmática pero incompleta, pois falta por definir que é o que quere dicir a expresión «máis urxente». Se non definimos esta expresión, non faremos senón desprazar o problema da importancia ao problema da urxencia, que vén ser da mesma orde.

Proporemos dous criterios de «urxencia»: un está contido na nosa metodoloxía de **priorización segundo o impacto na percepción global, medido como representación do risco**. Ao

noso xuízo, este é un criterio de urxencia, e, xa que logo, de importancia pragmática, indiscutible (sempre que se acepte a técnica de estimación). Pero, obviamente, é un criterio limitado, pois soamente considera a óptica da mala percepción. Falta, sen dúbida, a óptica da boa **percepción e do beneficio que, pola súa vez, representa**.

Pero esta perspectiva non está tan afastada da primeira como puidese parecer. Fagamos o percorrido ao revés: se identificamos un indicador que cando vai mal produce moito custo e cando vai ben moito beneficio, **pragmaticamente**, calquera centraría nel a súa atención, porque a súa utilidade (no sentido de elasticidade) será máxima. Agora ben, acaso non apunta tamén este feito unha posición estrutural preeminente? Dito doutro xeito, pode non ser estruturalmente importante un compoñente que se comporta dese modo?

Isto móstranos que o xogo custo/beneficio é un vehículo eficaz e sinxelo para conducirnos a dous obxectivos:

- xerarquizar os atributos, para guiar unha estratexia xeral. O máis importante, é dicir, aquilo que ten máis capacidade para modificar a percepción global, deberá ser tido en conta sempre á hora de actuar sobre a sociedade; e
- seleccionar adecuadamente os temas urxentes, cuestión que nos conduce ao segundo criterio de xerarquización, que abordamos a seguir.

2. O risco e o beneficio:

A segunda dimensión é a que serve para construír a primeira, aínda que debemos facer notar que non hai dependencia entre elas, ou sexa, que se pode construír con elas un plano, con estrutura de espazo vectorial.

Trátase da medida do impacto, positivo ou negativo, que ten cada atributo sobre a percepción do conxunto de cidadáns ou dun subconxunto destes. A primeira dimensión, a da importancia, limita o plano a un semiplano, pois non ten máis que valores positivos. A segunda, a do impacto, en cambio, ten valores positivos (seguridade-beneficios) e negativos (risco-custos). Por tanto, podemos xerarquizar os atributos atendendo ao impacto efectivo, atendendo á capacidade potencial para influír ou á combinación das dúas variables.

Para facer todas estas operacións cómpre resolver un problema, como é o da transformación da escala de valoración, que representa o impacto producido sobre a percepción global, que é ordinal, pese ás aparencias, en números reais. A solución é construír unha distancia (no sentido matemático do termo), e a maneira de facelo, malia que omitiremos detalles matemáticos para non sobrecargar este xa amplo anexo, fúndase na *Teoría matemática da comunicación*⁴. O Teorema de Shannon demostra, se traducimos a fórmula matemática á linguaxe corrente, que a cantidade de información que contén unha mensaxe é inversamente proporcional á probabilidade de que se produza. Sobre esta idea, consideramos cada par de valores consecutivos da escala ordinal e aplicamos a definición de información derivada do teorema citado para calcular a distancia entre eles. Pódese demostrar que o resultado é unha distancia matemática, para todos os puntos da escala.

4 O teorema en que se basea o método é o Teorema de Shannon (Shannon, E. Claude e Weaver, Warren. *Teoría matemática da comunicación*. Forja Comunicación). A idea de usar estes elementos teóricos como punto de partida para construír unha distancia que transforme escalas ordinais en escalas de intervalo derivámola de aplicacións anteriores da mesma idea, realizadas polo profesor Luís Garrido para construír diversos índices.

4. Deseño técnico

Para describir como faremos operativo canto argumentamos sobre obxectivos e metodoloxía, debemos dar conta de:

- Como definimos a poboación.
- Como estratificamos a poboación.
- Como fixemos a mostraxe.
- Con que mostra traballamos.
- Cal é a marxe de erro.
- Como realizamos as entrevistas.
- Como tratamos a información primaria.

Poboación

Poboación xeral: cidadáns residentes en Galicia, de 16 ou máis anos, fronteira coincidente coa idade legal para a entrada no mercado de traballo.

Criterios de estratificación e distribución

Estratificamos a mostra por provincia e por tamaño do hábitat. A distribución das mostras é non-proporcional, dado que a necesidade de representar estratos con tamaños poboacionais moi desiguais con tamaños mostrais nunca inferiores a un mínimo nos levaría, noutro caso, a unha mostra total innecesariamente elevada.

Sistema de mostraxe

A mostraxe foi estratificada, non-proporcional, polietápica, por conglomerados, con selección aleatoria, en primeira etapa, de fogares, e, con selección en segunda etapa das unidades finais, por cotas de xénero, idade, situación laboral e estudos rematados.

Tamaño e descrición da mostra

O deseño da mostra está condicionado polas especificacións do apartado de estratificación e distribución da mostra, así como polos tamaños mínimos que consideramos adecuados en cada caso.

Partimos da seguinte distribución poboacional por provincia e hábitat:

Tamaño municipio de residencia		TOTAL	Ata 5000 habitantes	De 5001 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000
CC. AA. de residencia	Provincia de residencia					
TOTAL	TOTAL	100%	18%	16%	31%	35%
	15-Coruña (A)	41%	4%	8%	13%	15%
	27-Lugo	13%	5%	3%	2%	3%
	32-Ourense	13%	6%	2%	1%	4%
GALICIA	36-Pontevedra	34%	3%	4%	14%	13%

Tamaño municipio de residencia		TOTAL	Ata 5000 habitantes	De 5001 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000
CC. AA. de residencia	Provincia de residencia					
TOTAL	TOTAL	100%	18%	16%	31%	35%
	15-Coruña (A)	100%	10%	20%	33%	37%
	27-Lugo	100%	39%	19%	17%	25%
	32-Ourense	100%	44%	13%	11%	32%
GALICIA	36-Pontevedra	100%	8%	12%	40%	39%

Para determinar o tamaño da mostra, agregamos os estratos inferiores na Coruña e Pontevedra, deixándoos desagregados en Lugo e Ourense, debido ao gran peso relativo nestas provincias do estrato inferior.

Tamaño municipio de residencia		TOTAL	Ata 5000 habitantes	De 5001 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000
CC. AA. de residencia	Provincia de residencia					
TOTAL	TOTAL	100%		34%	31%	35%
	15-Coruña (A)	100%		30%	33%	37%
	27-Lugo	100%	39%	19%	17%	25%
	32-Ourense	100%	44%	13%	11%	32%
GALICIA	36-Pontevedra	100%		20%	40%	39%

Sobre esta estratificación final, tomamos como cifra mínima, para cada estrato provincia * hábitat, 100 casos, o que ofrece un total de 1400 unidades. A isto agregaremoslle 600 unidades adicionais, que se distribuíron proporcionalmente, de maneira que tivesen máis mostra os estratos meirandes. O resultado foi o seguinte:

Poboación xeral: Tamaño municipio de residencia		TOTAL	Ata 5000 habitantes	De 5001 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000
	Provincia					
TOTAL	TOTAL	2000	578	225	584	613
	15-Coruña (A)	544		174	180	190
	27-Lugo	480	131	115	114	120
	32-Ourense	475	133	110	109	124
GALICIA	36-Pontevedra	501		141	181	179

Marxes de erro

A marxe de erro para datos globais foi calculada para poboacións infinitas. Orientativamente, para un nivel de confianza do 95,5 %, no caso máis desfavorable ($p = q = 50$), baixo o suposto dunha mostraxe aleatoria simple, o erro de mostraxe sería de + 2,2 %.

Tipo de entrevista

A entrevista foi telefónica, asistida por ordenador. O motivo principal é a crecente inaccesibilidade física dos fogares, especialmente dalgúns tipos de fogares, por razóns de estratificación social e de dispoñibilidade das persoas nos horarios aceptados para entrevistas domiciliarias.

Control de calidade

Aplicouse un sistema de control xeral da calidade dos traballos que comprende todas as súas fases, con rexistro estatístico dos resultados, segundo un manual de calidade construído no curso da implantación dun sistema de calidade suxeito ás normas ISO-9000, certificado por AENOR co código 1575/2002.

ANEXO II: CUESTIONARIO

ANEXO II: CUESTIONARIO

Bo día/boa tarde. O meu nome é _____, da empresa Qíndice. Estamos realizando unha enquisa sobre asuntos de interese para os galegos. Tería vostede a amabilidade de contestarme algunhas preguntas? Só o vou entreter uns minutos. As súas respostas serán tratadas de xeito absolutamente confidencial, de forma agregada, para efectos puramente estatísticos. Moitas grazas pola súa colaboración.

ANTE CALQUERA PREGUNTA SOBRE O OBXECTO DO ESTUDO OU SOBRE O CLIENTE, O ENQUI-SADOR DECLARARÁ QUE O CLIENTE É Qíndice, UNHA EMPRESA DE ESTUDOS, E FACILITARÁ OS SEGUINTES TELÉFONOS E O NOME DESTA PERSOA PARA O CONTACTO:

Teléfono: 91.351.18.45 Móbil: 636.12.59.65

Persoa de contacto: Luis Felipe Llave

- | | | |
|----------------------------|-------|---|
| Si | _____ | 1 |
| Non pode nestes momentos | _____ | 2 |
| Non desexa facer a enquisa | _____ | 3 |

Moitas grazas por DEDICARNOS A SÚA ATENCIÓN, desculpe as molestias, bos días, tardes, noites

C.1. Sexo do enquisado

Enquisador: non preguntar

- | | | |
|--------|-------|---|
| Home | _____ | 1 |
| Muller | _____ | 2 |

D.6. Importaríalle dicirme cal é a súa idade? (último aniversario):

Se a cota estiver pechada: Grazas pola súa colaboración pero a cota do seu grupo de idade xa está completa

D.7. Cal é o seu máximo nivel de estudos rematados?:

- | | | |
|-------------------------|-------|---|
| Sen estudos | _____ | 1 |
| Primarios incompletos | _____ | 2 |
| Primarios completos/EXB | _____ | 3 |
| EXB II/ESO | _____ | 4 |
| Formación Profesional I | _____ | 5 |
| Bacharelato/BUP | _____ | 6 |
| PREU/COU | _____ | 7 |

Formación profesional II/III	—	8
Universitarios medios	—	9
Universitarios superiores	—	10
Doutorado/Posgrao/Mestrado	—	11

D.8. A que se dedica na actualidade? (Só unha resposta. Se hai máis dunha, darémoslle prioridade a calquera situación de ocupación (traballa) e despois á situación de paro. Por exemplo, se unha persoa estuda, pero busca emprego, situarémola como parada. (Se estuda, pero traballa, situarémola como ocupada, na forma que corresponda).

Labores do fogar	—	2
Pensionista	—	3
Parado sen seguro	—	4
Parado con seguro	—	5
Axuda familiar	—	6
Traballa sen contrato	—	7
Asalariado privado contrato temporal	—	8
Asalariado privado contrato indefinido	—	9
Asalariado público contrato temporal	—	10
Asalariado público contrato indefinido	—	11
Funcionario	—	12
Autónomo	—	13
Cooperativista	—	14
Empresario con empregados	—	15
Estudante universitario/ Mestrado	—	21
Estudantes ESO-Bacharelato	—	22
Outros estudantes	—	23

1. A percepción de Galicia no marco de España

a) Valoración de España

- P.1. En primeiro lugar, pídlle que pense en España como un país para vivir. Como o valoraría, entre 0 e 10, se 10 indica que é o país ideal e 0 que é un país pésimo para vivir?

—|—

(Non sabe: Marcar 11/Non contesta: Marcar 12)

P.1.1. (Valoracións entre 8 e 10) Deu vostede unha valoración alta. Voulle ler algúns posibles motivos desa valoración. Por favor, a medida que os vou lendo, avíseme se menciona algún ou algúns que sexan importantes para vostede (A orde dos motivos é aleatoria)

Entrevistador: Ler

A natureza e o clima	— 1,
O desenvolvemento económico	— 2,
A maneira de vivir e de ser da xente	— 3,
A oferta e calidade dos servizos públicos	— 4,
Calidade de vida	— 5,
Seguridade cidadá	— 6,
Boas infraestruturas do transporte	— 7,
Boa xestión do goberno	— 8,
Algunha outra cousa que non estea na listaxe, cal? (Admitir só unha resposta aberta)	— 98,
Non sabe	— 99,
Non contesta	— 100,

P.1.1.1.1 Mencionou vostede os seguintes motivos, poderíame dicir cal deles é o que máis inflúe na súa valoración de España como un lugar para vivir (Só aparecen os motivos marcados na pregunta anterior, e fano nunha orde aleatoria)

Entrevistador: Ler

A natureza e o clima	— 1
Desenvolvemento económico	— 2
A maneira de vivir e de ser da xente	— 3
A oferta e calidade dos servizos públicos	— 4
Calidade de vida	— 5
Seguridade cidadá	— 6
Boas infraestruturas do transporte	— 7
Boa xestión do goberno	— 8
Motivo aberto, formulado como «Outra cousa», se proceder	— 98
Non sabe (NON LER)	— 99
Non contesta (NON LER)	— 100

P.1.2. Deu vostede unha valoración relativamente baixa (valoracións entre 6 e 7). Voulle ler algúns posibles motivos desa valoración. Por favor, a medida que os vou lendo, avíseme se menciona algún ou algúns que sexan importantes para vostede? (A orde dos motivos é aleatoria)

Problemas relacionados co emprego (paro, condicións de traballo, etc.)	— 1,
Insuficiente desenvolvemento económico	— 2,
Inseguridade cidadá	— 3,
Servizos públicos insuficientes ou que funcionan mal	— 4,
Mala xestión do goberno	— 5,
A maneira de ser da xente	— 6,
Problemas medioambientais	— 7,
Baixa calidade de vida	— 8,
Vivenda	— 9,
Inmigración	— 10,
Políticos ou partidos políticos	— 11,
Malas infraestruturas do transporte	— 12,
Algunha outra cousa que non estea na listaxe, cal? (Admitir só unha resposta aberta)	— 98,
Non sabe	— 99,
Non contesta	— 100,

P.1.2.1.1 Mencionou vostede os seguintes motivos. Poderíame dicir cal deles é o que máis inflúe na súa valoración de España como un lugar para vivir (Só aparecen os motivos marcados na pregunta anterior, e fano nunha orde aleatoria)

Entrevistador: Ler

Problemas relacionados co emprego (paro, condicións de traballo, etc.)	— 1
Insuficiente desenvolvemento económico	— 2
Inseguridade cidadá	— 3
Servizos públicos insuficientes ou que funcionan mal	— 4
Mala xestión do goberno	— 5
A maneira de ser da xente	— 6
Problemas medioambientais	— 7
Baixa calidade de vida	— 8
Vivenda	— 9
Inmigración	— 10
Políticos ou partidos políticos	— 11
Malas infraestruturas do transporte	— 12
Motivo aberto, formulado como «Outra cousa», se proceder	— 98
Non sabe	— 99
Non contesta	— 100

P.1.3 Deu vostede unha valoración baixa (valoracións entre 0 e 5). Voulle ler algúns posibles motivos desa valoración. Por favor, a medida que os vou lendo, avíseme se menciona algún ou algúns que sexan importantes para vostede. (A orde dos motivos é aleatoria)

Problemas relacionados co emprego (paro, condicións de traballo, etc.)	— 1,
Insuficiente desenvolvemento económico	— 2,
Inseguridade cidadá	— 3,
Servizos públicos insuficientes ou que funcionan mal	— 4,
Mala xestión do goberno	— 5,
A maneira de ser da xente	— 6,
Problemas medioambientais	— 7,
Baixa calidade de vida	— 8,
Vivenda	— 9,
Inmigración	— 10,
Políticos ou partidos políticos	— 11,
Malas infraestruturas do transporte	— 12,
Algunha outra cousa que non estea na listaxe, cal? (Admitir só unha resposta aberta)	— 98,
Non sabe	— 99,
Non contesta	— 100,

P.1.3.1.1 Mencionou vostede os seguintes motivos. Poderíame dicir cal deles é o que máis inflúe na súa valoración de España como un lugar para vivir. (Só aparecen os motivos marcados na pregunta anterior, e fano nunha orde aleatoria)

Entrevistador: Ler

Problemas relacionados co emprego (paro, condicións de traballo, etc.)	— 1
Insuficiente desenvolvemento económico	— 2
Inseguridade cidadá	— 3
Servizos públicos insuficientes ou que funcionan mal	— 4
Mala xestión do goberno	— 5
A maneira de ser da xente	— 6
Problemas medioambientais	— 7
Baixa calidade de vida	— 8
Vivenda	— 9
Inmigración	— 10
Políticos ou partidos políticos	— 11
